




TRES TEMPOS E A ESPERANZA

mariví villaverde



Deputación de Pontevedra

Presidenta
Carmela Silva Rego

Deputada de Patrimonio documental e bibliográfico
e Memoria histórica

María Ortega Iñarrea

© Edición: Deputación de Pontevedra. Servizo de Patrimonio
documental e bibliográfico

Dirección: Ana Vicente Rivas

© Textos: Herdeiros de Mariví Villaverde

© Corrección lingüística: Anxos Sumai

© Fotografías: Arquivo familiar

© Deseño e maquetación: Alba Nogueira Corzo

Impresión: Grafo, S.A

ISBN: 978-84-8457-521-4

D.L.: PO 639-2022



Tres tempos e a esperanza

Mariví Villaverde

Aquí temos o agardado.

A vida que nos rodea, nos seus detalles e nos seus soños, é un enigma. Estamos acostumados aos feitos cotiás, vulgares ou dramáticos, e pasamos sobre eles como se fóssemos un xogo do tempo. Nada nos asombra ata que a canción nos advirte, nos alumea e nos acorda.

Non é nada doado acadar ese estado de graza que é o asombro. Para iso é preciso que unha alfaia nos alumea, unha árbore bote flor e unha tormenta nos cegue ou nos tolee.

Todo isto nos arrebatada ante Tres tempos e a esperanza. Unha onda violenta sobre o mundo arrasando homes, mulleres e pobos para someter ata a propia paisaxe á tolemia. E sobre grises e sombras o agromar da esperanza.

Tres tempos tremendos nunha mesma historia descarnada. Tres momentos no azar dunha existencia. Os personaxes son como heroes e heroínas que fatalmente van dispostos a cumprir unha misión. Están atrapados nunha época brutal e soamente lles queda ser leais a si mesmos. Non aceptan a inxustiza e son como obxectos usados na gran feira da dor.

Balzac, para dar a coñecer o real, intentaba relatar historias que non ocorran. Tamén quixeramos que todo isto que nos relata María Victoria Villaverde de Valenzuela fose pura invención. Asusta pensar que poida ser certo. A novelista, con intelixente habilidade, fai como que nos conta o seu propio existir para enfrontarnos coas nosas propias vidas: todos somos figuras encarceradas no seu diabólico “proceso”.

Faulkner concedeu sempre ás relacións familiares unha importancia primordial. A este principio psicolóxico segue todo o primeiro tempo con páxinas que enriquecen a literatura moderna. E toda a obra enmarcada con esta lei, rigor, beleza e forza, desenvolve un tema engaiolante e alucinado onde se acada o final como unha sinfonía que nos deixa na agonía, pero nunha agonía libre e vitoriosa.

Galiza... si, Galiza debíanos este libro. Aí está enteira, estoica e invencíbel agardando o relato dos seus profanados días. É a mesma terra ancestral e ferida a que nos fala. Os feitos son como unha lenda. A invención quixera que todo, ata a verdade, fose un conto imposíbel de ser verdade. E María Victoria Villaverde de Valenzuela, implacábel, advírtenos das nosas responsabilidades para que esteamos en vixilia, sen descanso: A esperanza hai que gañala...

Michel Butor, o sagaz investigador das novas formas literarias, acaba de sinalar que todas as grandes novelas do século XX son como unha especie nova de poesía á vez épica e didáctica. Toda novela actual, afirma, ten un papel esencial no interior do funcionamento social.

Nese ineludible funcionamento están Los caminos de la libertad, de Sartre, e algunhas partes de La Forja, de Barea. Pero en Tres tempos e a esperanza, todo está centrado nese realismo popular e fermoso, exemplar e bárbaro, que nos eleva á presenza e acción dun dos libros máis inesperadamente magníficos da nosa época.

ARTURO CUADRADO

Tres tempos e a esperanza

Mariví Villaverde

ÍNDICE



A esperanza en tres tempos: mar, amor e exilio
11

Primeiro tempo
17

Segundo tempo
75

Terceiro tempo
143

Palabras que escribín corenta anos despois
193

A esperanza en tres tempos: mar, amor e exilio

Ela, que non se ten por escritora, sentiu a necesidade de contar o que vivira, quizais os tres tempos máis importantes da súa existencia. E principiou relatando a infancia decapitada prematuramente, nas súas propias palabras, pola guerra. Unha nenez acugulada de lembranzas, co mar presente no seu contorno, no seu avó mariñeiro; o mar que traía barcos de guerra e de pasaxeiros, dos que baixaban homes de uniforme e de estrañas indumentarias; o mar que arrolaba os baños de sol do verán, os paseos coa súa amiga Ánxela que ficaba como pano de fondo e como escusa para exhibir os traxes de baño e as novas modas dos veraneantes e que presenciou a chegada dunha nova moral coutadora e hipócrita. O mar que lle deu abeiro ao seu pai, que foi o camiño que a levou aos seus tres exilios: o primeiro a Francia e os dous seguintes a Bos Aires. Quizais por iso ela dixo nalgún momento da súa vida que o mar, “tan pracenteiro no verán e tan desacougado pero fermoso no inverno”, fora a súa primeira perda importante.

Falaba, sen dúbida, da perda da súa propia infancia, tan chea de lembranzas e de momentos felices, de loitas contra as teclas do piano e de horas vagarosas entre as sombras dun salón onde moneaban butacas

tapizadas de veludo. Un tempo que estivo marcado polas xuntanzas na súa casa, pola discusión, pola actividade política do seu pai, alcalde de Vilagarcía de Arousa e deputado a Cortes en 1936 por Izquierda Republicana. Lembra a proclamación da II República, os mitins na vila, a campaña electoral, a loita política, o malestar e a desconfianza, o arrefío das amizades, os cambios nos costumes... e o alzamento militar.

Coa guerra chegou un tempo novo. A infancia volveuse espectadora de terrores, de berros nas rúas, de himnos fascistas, de lume na noite, de xente a bourear nas portas, de mortos nos foxos, de horas diante da radio, de espera... Nunca lle marcharía da cabeza tanto medo porque o viviu paso a paso, dende dentro da súa familia, dende a ventá da casa da Rotonda e dende o agocho na casa da avoa. E tamén lle cumpría contar todo iso, para fixar a memoria e para que todo o mundo soubese de tanta atrocidade, mesmo os seus propios fillos.

E o mar sería o camiño de saída. Ela tiña 14 anos. Dende Vigo, nuncargueiro inglés e con pasaportes falsos, fuxiu coa súa familia seis meses despois de marchar o seu pai, ata Marsella. Dende Marsella a París e, de París, a Bordeos, a Orleáns, a Guethary. Tres anos de exilio en Francia que marcan o comezo dun terceiro tempo: o tempo do amor e da vida con Ramón de Valenzuela. El, o escritor, na súa obra *Era tempo de apandar*, dicía falando dela: “Estivemos un anaco falando e gustoume. Acompañeina a mercar unhas cousas e gustoume máis. Despois acompañoume ela deica a Gare Saint Jean para comprobar a hora do tren e naquel paseo gustoume moito máis... Este amor aínda me dura con tanta forza como naquel intre”.

Dúas veces. Víronse dúas veces e abondoulles para saber que sería

para sempre. Era daquela o ano 1939, comezaba a II Guerra Mundial e ela marchou coa súa familia para Bos Aires, no *Massilia*, nunha desagradábel travesía que duraría 18 días e onde coincidiu con Arturo Cuadrado e Amparo Alvajar. Ramón quedaba en Francia, ás ordes do coronel Quesada, xusto cando estaba a piques de embarcar para México. Detivérono despois e estivo preso en Biarritz antes de ser entregado aos españois e entrar no cárcere de San Sebastián e, por fin, no de Ávila. Condenárono a morte e máis tarde a vinte anos e un día... Estivo incomunicado o tempo suficiente como para facer amizade coas cascudas, poñerlles nomes, escribir poemas na porta da cela e borrarlos coa sola do zapato, estrañala a ela sabéndoa a salvo.

Cando embarcou para Bos Aires ela tiña 16 anos. Ao pouco de chegar enfermou gravemente do pulmón. Botaba o tempo escoitando música, camiñando ata unha praciña situada a trescentos metros da casa na que vivía coa súa familia, levaba un libro e lía. Cumpríalle repouso. Deitábase durante dúas horas sen falar, sen ler, sen poder facer cousa ningunha... Era duro, pero aínda nova ela aturaba o que lle botasen. Tiña moitas ganas de vivir. O espazo físico que habitaba estaba limitado pola súa doenza e, malia recibir visitas de bos amigos, como o actor Alberto Closas, vivía pendente de Ramón, das súas cartas, que comezou a recibir ao pouco tempo de lle levantaren a incomunicación no cárcere de Ávila. Afortalaron a súa relación coa correspondencia e ela aínda garda un caderno no que anotaba o día en que recibía carta de Ramón e o día en que ela lle escribía a el: cartas que ían e cartas que viñan. Os dous estaban presos: el no cárcere e ela na súa enfermidade. Pouco a pouco foi ampliando o seu territorio, ía ao cine, mesmo fixo un curso de encadernación artesanal, os paseos eran cada vez máis longos. El saíu do cárcere, pero era unha liberdade vixiada que non lle permitía ir moi

lonxe da súa residencia, escribiulle a Mariví pedíndolle que volvese a Galicia. E ela aceptou.

De novo o mar, desta vez camiño de reencontro. Nunca antes se separara da súa familia, e menos da súa nai, sempre valorosa, sempre conciliadora, a quen os fracasos lle abrían novas esperanzas. A súa nai díxolle: “o único que che pido é que ti vaías, pero se chegas alí e non é o que ti pensas, que é capaz que non o sexa, pois vés no seguinte barco e aquí non pasou nada, non vaías pensar que estás obrigada a confirmar iso como algo definitivo”. Ela, sen embargo, non tiña ningunha dúbida sobre o seu futuro con Ramón, co que se atopou o día de Nadal de 1944 na estación de Redondela. Casaron o 22 de febreiro do ano seguinte en Vilagarcía e instaláronse en Noalla, onde Ramón se puxera a traballar nunha explotación de arxila que era do pai de Mariví. E entón comezou o auténtico exilio: “vivín case cinco anos naquela Galicia orfa de liberdade, de xustiza, de cultura. Chea, por outra banda, de represión, de fame, de anguria, de medo. Sentínme autenticamente exiliada por vez primeira”. Exiliada no propio país, que quizais sexa o exilio máis doloroso, pero con Ramón á beira. Para ela Galicia non tiña sentido sen el.

Nesta terra de difíciles reencontros, de vivencias desencontradas, de amizades esmorecidas, acepta a imposibilidade de recuperar os grandes afectos de antes da guerra. Por riba, as barreiras sociais, os meniños a pedir polas portas, o luxo ostentoso dos novos ricos, o desleixo xeral ante o estraperlo, o abandono das escolas, a represión, a perda das ilusións da infancia. Coutada a liberdade de movementos de Ramón, e contida necesariamente a rabia dos dous, o matrimonio non aguantou moito tempo e procurou un novo exilio. Desta vez xuntos e, de novo, co mar como camiño. Na despedida, coa ría acariñada polo sol,

dixéronlles: “Que poidades volver!”

Volverían cando todos recuperasen a esperanza. Peros namentres, transcorreron anos de estadía en Bos Aires, acurtando a distancia que os separaba da Terra coa actividade política e cultural, coa súa vinculación á Federación de Sociedades Galegas e aos exiliados galegos —Blanco Amor, Laxeiro, estarían moi preto deles— e coa participación en representacións teatrais. Ramón de Valenzuela escribe, dá conferencias; Mariví Villaverde, lonxe xa aquela doenza que case a impedira na súa primeira estadía en Bos Aires, encárgase da economía familiar, ademais de colaborar no xornal *Galicia* e desenvolver a súa actividade como actriz ao lado do seu home e do seu fillo máis vello. E, por fin, é tempo de regreso, que ela mesma nos conta nun epílogo que corenta anos despois engade a estas memorias. Tempo pois de regreso e tamén de devolverlles aos protagonistas os seus nomes verdadeiros: ao home, aos familiares, aos amigos e ás amigas. Recuperan a identidade que perderan alá por 1962, na primeira edición desta obra, escrita en Bos Aires aínda en tempos de medos e silencios.

ANXOS SUMAI

Primeiro tempo

Con el alma de charol vienen por la carretera

F. GARCÍA LORCA

Era, aquela, unha casa grande. Puideron ser dúas vivendas, pois tiña dúas cociñas, dous baños e dous comedores, pero como non había separación ningunha, ficou definitivamente nunha casa grande.

Ordenara construíla o meu avó, que foi sempre home de mar obrigado a permanecer en terra, para que os meus pais vivisen con el; poida que tres fillas lle parecesen demasiadas mulleres para aturalas el só. Viñera da outra banda da ría, e este era sen dúbida o seu elemento natural. Falaba sempre en xerga mariñeira e contan que, no intre da morte, cando xa o cura cumprira a súa misión, dixo:

—Ben, xa pasamos alfándegas. Este barco está listo para o mar.

Foi así como deixou a terra quen sempre fora un home de mar. Só chegou a vivir un ano naquela casa. E velaí quedamos, pois, as tías e mais nós. Eran tres as tías. Unha viúva e dúas solteiras. As solteiras, polo

que lle escoitei á miña nai, foran, nos seus tempos, ben xeitosas e non lles faltaron pretendentes. Mais ningunha decidira casar. Dese tempo gardaba unha delas un reloxiño de ouro cunha amorosa dedicatoria.

Faciamos todos vida en común. Malia termos dúas, só se usaba unha das cocinas. O mesmo acontecía cos comedores, que tamén eran dous: usabamos un a diario e o outro reservábase para ocasións solemnes. Aquela era fundamentalmente unha casa de mulleres, xa que o meu pai non se entremetía para nada no seu goberno. Cada unha adxudicábase certas responsabilidades, de acordo ás súas aptitudes; así María, a tía máis vella, que era viúva, levaba a administración e o tocante á cocina, axudada neste mester por Paca, a vella serventa. Luísa era a encargada das compras e, por fin, Carmen, a máis nova das tres, encargábase dunha parte da limpeza, non acabando aquí o seu labor, pois considerábase responsábel de que esa limpeza subsistise. Podiamos vela durante toda a mañá como un soldado en manobras, disposta a acabar coa menor partícula de pó ou a máis insignificante mancha no piso. E mentres executaba este labor, para ela sagrado, non deixaba de cantaruxar unha cantiga melindrosa, sempre a mesma, graduando a voz de acordo co seu humor. Non herdara de ninguén nin as súas virtudes nin os seus defectos. Era un exemplar soamente semellante a si mesmo. Unha das súas teimas era coleccionalo todo: agullas, fíos, teas, perfumes, xabóns, veos, moedas de prata, alfaías, etcétera, etcétera. Fóra destas últimas, ás que era sobre todo afeccionada e que lucía con profusión, o demais gardábalas para cando fixese falta. Tiña perfumes e xabóns de todas as marcas, algunhas delas non sei nin como puideron chegar ao seu poder. Nunca tocaba nada deste pequeno tesouro. Co resto era, en cambio, bastante rumbosa: en canto alguén falaba de ir mercar, en seguida ofrecía o que

fose preciso, non sen antes dedicarlle un pequeno sermón sobre a prodixiosa virtude de gardar.

Sabía quen entraba e saía, coidando que todos pasásemos concienzudamente os zapatos polo rodo da entrada, e era ela xeralmente a que abría a porta, aquela gran porta inzada de bochas na pintura que a cubría e que a min tanto me gustaba facer estoupar. Con todo, chegaba o momento en que consideraba rematadas as súas funcións. Era á tardiña. Entón enxoiábase e saía visitar as súas amizades, sempre as mesmas, aínda que as ía alternando de tanto en tanto.

Endexamais a vin ir á misa, pero en cambio non perdoaba ningunha novena, e se por forza maior non podía acudir, pedía que lle relatasen todo o espectáculo.

Ela facía realmente orixinal aquela casa. Tanto a miña nai coma as outras dúas tías eran seres absolutamente normais, cunha vida que esvaraba vagarosamente.

Daquela creo que eu non era moi feliz. Acorábanme, coma un pesadelo, aquelas horas que cada día a miña nai me obrigaba a dedicarlle aos estudos de piano. Ao parecer soñara na súa mocidade con ter un fillo músico, e aínda que xa ía perdendo as esperanzas, non se resignaba a que non soubésemos interpretar decentemente unhas cantas cousas. Fracasara rotundamente coa miña irmá máis vella, e agora tocábame a min. Ela, tan bondadosa e comprensiva en xeral, non cedía e nin chorando os sete chorares era quen de abrandala. Así, cando regresaba polas tardes do colexio e sen deixarme acabar de saborear a onza de chocolate que formaba parte da miña merenda habitual, obrigábame a entrar na sala,

lugar onde reinaba o piano. Non sei se sempre odiei aquela sala polo ditoso piano; quizais xa a vise con prevención pero desde logo sempre me pareceu desagradábel. Aquelas cadeiras e butacas, tapizadas de pana de cor ouro, todas duras, ríxidas, non podían de ningún modo convidar a unha reunión amábel. Era o lugar onde se recibían as visitas de cumprimento, e como a tía Carmen vixiaba estreitamente que o sol non prexudicase os delicados tons da tapicería, aquela sala cheiraba sempre a cerrado. E eu sentía que ese cheiro me posuía tamén a min. Toda a miña alegría ficaba ás portas daquel lugar, e non a recuperaba ata que volvía cruzalas. Sentada nunha banqueta, dura tamén, atacaba arpexos e escalas.

Como me amolaba estar alí entre aqueles mobles incómodos, fríos, zoupando nas teclas do piano, namentres as outras rapazas estaban na rúa aproveitando as derradeiras raiolas do día, saltando á corda ou xogando ás agochadiñas... Que inxustos eran comigo! Por que tiñan que sacrificarme a min se, total, por moitos anos que botase naquela sala, nunca as miñas notas saían como as dos discos do álbum verde? Non comprendía nada disto, pero en cambio chegábame a voz da miña nai que viña interromper os meus tristes pensamentos, lembrándome que eu estaba alí para estudar. E volta aos exercicios! Estas dúas horas eran as máis longas do día.

Ao pouco de eu nacer, a miña nai adoitaba levarme á casa duns veciños cos que tiña unha boa amizade. Eran unha señora xa anciá e mais o seu fillo viúvo que, por mor dun accidente, a penas podía camiñar. Ambos os dous encariñáronse moito comigo, e creo que foi desde sempre que eu almorzaba todos os días alí. Poucos anos despois quedou só o fillo, que rebordou en min toda a súa capacidade afectiva, convertén-

dome na súa razón de ser. Esperábame sempre cheo de impaciencia e mimábame ata a esaxeración. Todos os meus caprichos eran lei para el.

Apañábase para facer vir todas as lambetadas que a min me gustaban: os duros melindres de Allariz, as suaves rosquillas de Silleda, os ósos de santo e os pastelinhos Gloria, cando aínda non era a época. Despois as primeiras e máis saborosas froitas da estación, aquelas vermellas e carnosas cereixas, sempre en parella, que eu penduraba á maneira de birlos nas orellas, e as grandes talladas de sandía que despois utilizaba como patíns para esvarar pola beirarrúa.

Como era unha muller intelixente, a miña nai nunca fixo por cortar ou minguar esta relación, que ambos os dous necesitabamos do mesmo xeito. Para el eu era a ilusión de cada día. Para min era posuír por vez primeira unha devoción que me pertencía por completo.

Adoitaban vir á casa visitas que non eran de recibir na sala. Esas gustábanme moito máis. Viñan de noite e facían faladoiro no cuarto de estar, sentadas arredor da mesa de braseiro se era no inverno, para mellor aproveitar o calor. Unha das asiduas visitantes era Vicenta. Creo que tiña algún parentesco coa familia, pero nunca souben cal. Quedara viúva moi nova con dous fillos e tivo que traballar sempre. Os seus coñecementos eran moi orixinais e adquiríraos en dous libros: un dicionario e mais unha enciclopedia. Tiña unhas nocións moi graciosas da xeografía. Segundo ela, todas as nacións do mundo acababan en A, como a Virxe María. Cando alguén lle dicía que eses eran despropósitos, que tal ou cal nación non remataba en A, ela, inmutábel, daba o nome dalgunha poboación importante de tal país, que en efecto acabase en A. E así Exipto tiña a Alexandría e México a Guadalajara. Cando non sabía

por onde saír, dicía que ese país pertencía a Asia ou a África. E de aí non a movía ninguén. Esa era a expresión: non a movía ninguén. Cando ela se formaba un concepto dunha cousa, a súa mente pechábase e xa non podían intentar explicarlle o seu erro, que tanto lle tiña. Para min eran as comedias escoitala discutir coas miñas tías.

Chegara a posuír unha casiña, un terreo e mais un burro. Vendía nos mercados olas, tixolas, pratos, cubertos e outros útiles de cociña. Traslada a súa mercadoría no burro, e para manter o burro traballaba a terra. Queixábase todos os días de que non se gañaba nada, e que xa non pagaba a pena seguir con esa trasfega. As miñas tías aconsellábanlle que o deixase, e que vendese o burro que tanto lle custaba manter.

—E se vendo o burro, con que esterco a terra?

—Pois non traballes a terra.

—E daquela, con que manteño o burro?

E de aí non saía. Era inútil explicarlle máis. Ao cabo sentenciaba:

—Si, si, ti falas moito.

E quedaba convencida de que tiña que seguir cos seus mercados, co seu burro e a súa terra.

Os domingos, paseo pola Alameda. Cantos preparativos! Cambiaba o ritmo da semana. Só a tía Carmen, consecuente cos seus costumes, seguía imperturbábel cos seus lustres. A miña nai esmeraba o seu arranxo

e controlaba o noso. Emprendíase a marcha entre "por fins" da tía Carmen que quedaba ás súas anchas. A xente acababa de saír da misa e encamiñábase á Alameda, polo tanto prodigábanse saúdos e ás veces era necesario facer un alto para que os maiores conversasen, o que me obrigaba a unha tediosa inmovilidade e, a pesar das miñas sacudidas no brazo, non se daban por aludidos.

Desde o palco escoitábase a Banda Municipal marcándolles o paso, ao ritmo de pasodobre, máis ou menos marcial, aos paseantes. Ao chegar á Alameda quedaba en liberdade de acción e emprendía a busca dalgunha compañeira, que, tan endomingada coma min, prefería xogar nalgunha esquina e dar voltas arriba e abaixo. Todo o mundo estaba moi elegantemente vestido, moi teso e, ao parecer, pagado de si mesmo. Eran os negociantes da vila e, en xeral, xente que se consideraba importante. As mamás, as fillas casadeiras, con ou sen mozo, tratando de lucirse, de ser amábeis, de sentirse contentas. Unha pequena tregua no traballo, as responsabilidades ou os ocultos apuros da semana, e había que sentirse feliz. Só as nenas coma min, ocupadas en xogar sen manchar demasiado os zapatos ou o vestido novo, eramos alleas. Por fin os músicos remataban o seu programa, recollían os seus instrumentos e baixaban do palco. Inmediatamente tomaba posesión del Tocho, o tolo do lugar, que sentíndose nunha tribuna arengaba cos seus discursos a todos os rapaces que o rodeabamos. Este era para nós o mellor momento da mañá. Os maiores xa estaban despedíndose e só quedaba achegarse á confeitaría a recoller os merengues ou pasteis que se encargaran anticipadamente. Case sendo os últimos, emprendíamos o regreso.

Cando non había escola, acompañaba ao mercado á miña tía. Ficaba preto do mar, nunha especie de galpón grande. Nas ringleiras paralelas

estaban situadas as pescas, con cadanseu cesto de peixe diante delas, que de cando en vez pregoaban. A miña tía, que coñecía o nome ou alcume de todas elas, dirixíase a un dos postos. Comezaba a relear:

—Que queres por esta pescada?

—Tres pesetas.

—Seica hoxe non tes ganas de vender.

—E logo, non vale tres pesetas esta frescura? (Levantaba entrementes as aletas da pescada para amosar as galadas vermellas).

—En dez réas deixábame a Tula unha máis gorda ca esa.

—Eu non lla dou por menos.

Polo de pronto, a miña tía arredábase, aínda que de cando en vez volví mirar a vendedora. Xeralmente a pesca chamábaa para comezar a tirapuxa ata que ambas as dúas se poñían de acordo. Esta mesma técnica utilizábase para a compra da verdura e da froita, e mesmo os queixos do país, que se vendían fóra do recinto do mercado. Nos máis dos casos facíase imprescindible coñecer o bo sabor e a calidade da mercadoría, e entón callaban coa punta da navalliña no queixo, levantándolle a monda sen cortala, para volvela despois cerrar. Unha vez atopado o de gusto máis adecuado enleábase nunha folla de repolo para que se conservase máis fresco. O que máis me gustaba era cando lle chegaba a vez á froita, xa que eu participaba na súa proba e daba sentenza, tratando de predispoñer a miña tía en favor das da miña preferencia. Todo este ir e vir

prolongábase case preto de dúas horas, xa que á parte das compras en si, estaban os saúdos e comentarios coas amizades que atopabamos, ocupadas no mesmo mester, coas que a miña tía comparaba os prezos do adquirido, chegando a casa triunfante cando consideraba os seus máis beneficiosos.

Onda a nosa casa vivía un ferreiro. Era pequeno, delgado, e estaba casado cunha mullerona. Resultaba unha parella cómica. El tiña a súa fragua en fronte e podíamos velo martelando a todas horas sobre a zafra algún anaco de ferro ardendo, tratando de darlle forma. A min admirábame este proceso e con frecuencia quedaba diante da súa porta contemplándoo. Era moi popular na vila. Durante a semana traballaba arreo, de sol a sol, e ao chegar o sábado á noite, ben lavado e ben vestido, dirixíase á taberna. Entón transformábase, medraba, botaba peito e "sacaba o gabán por se había que pegar". A todos facía obxecto das súas ameazas máis irrisorias. "Se che pego unha hostia vas morrer de fame no aire".

Emborrachábase a conciencia, aínda que nunca levaba a cabo as súas ameazas, por suposto, porque ninguén o tomaba en serio. Ao final tiña que vir a súa muller buscalo e cargábo como un fardo, mentres el seguía lanzando improperios. O domingo durmía a mona, e de novo o luns, traballador respectuoso e serio, iniciaba a súa semana de ininterrompido tan-tan. Así transcorreu toda a súa vida. Traballo de semana e borracheira de sábado. Cando morreu, foi moita a xente que o acompañou ao cemiterio; xente de todas as clases e posicións. Todos quixeron despedir aquel home que tanto os fixera rir coas súas bravatas. En lugar de tétrica, foi unha despedida risoña: ninguén podía evitar lembrar as innumerábeis anécdotas do bo do ferreiro.

Como o meu irmán precisaba un cambio de aires, trasladámonos ao campo un verán. Tiñamos diante da casa unha enorme carballeira na que botabamos gran parte do día, con indumentaria de praia, xa que todos participabamos un pouco dos baños de sol que lle mandaran ao meu irmán. Alí non había horarios nin obrigas. Xeralmente comiamos ao aire libre na mesma carballeira. A casa era pequena, con dúas ou tres camas en cada cuarto, o que resultaba divertido. De noite íamos coas miñas curmás, xa maiores, que tamén estaban con nós, camiñar, cazar grilos ou roubar mazás. O mar non quedaba lonxe, pero non era como o da vila, senón un mar aberto, e o rumor das ondas sobrecolíame. De día era outra cousa, formaba parte da paisaxe e completaba unha harmonía viril co cantar do eixe dos carros. Algunhas tardes paseabamos polos arredores, achegándonos cada vez máis ás escavacións que se producían nalgúns terreos, con obxecto de extraer a arxila que contiña a maior ou menor fondura. As mulleres, todas manchadas de branco, subían e baixaban ao barreiro, cargadas con tinas de madeira, nas que levaban o material que despois era seleccionado arriba por outras, fornecidas con pequenas ferramentas que manexaban con habelencia, mentres os homes, abaixo, cavaban aquel barro branco tan suave ao tacto, pero moi custoso de arrincar. Regresabamos das nosas expedicións antes da noite. Non seguíamos camiños trazados, senón piñeirais e estremas de leiras con pasos estreitos onde abundaban as silveiras. Como amoucabamos sentir a chegada do inverno! Anunciábanos as castañeiras cos seus enormes potes tapados, o seu asador e o recendo a laranxas do país. Había que pensar na volta ao colexio mañá e tarde, e no piano. Xa mamá comezaba a sacar a roupa de lá gardada tantos meses, para decidir os arranxos que precisaban. Que cara de asombro cando comprobaba o que medraramos! Había que facerlle roupa nova á miña irmá, e eu aproveitaría a súa. Isto non me gustaba nada e, menos aínda ter que cola-

borar nas innumerábeis probas que esta adaptación requiría. A miña figura non era ao parecer a máis axeitada para aquela transformación, pois mamá e a costureira queixábanse a cada pouco.

—Non sei onde mete o que come, non se lle ven máis que ósos por todas partes.

—Non te mires ti, que son eu a que ten que verte.

Acababamos cansas as tres e, por fin, entre suspiros, autorizábanme a marchar.

Estabamos cos últimos preparativos. Era de novo o primeiro día de clase. Mamá dáballes as últimas puntadas aos uniformes novos. Azul mariño pola mañá, branco pola tarde. Había que deitarse cedo para madrugar. Eu tiña a miña carteira disposta cos seus lapis e cadernos e unha pizarra nova máis grande que a do ano pasado, porque agora xa tiña que facer contas máis complicadas. Todo estaba pronto como para unha viaxe, incluso un vestido de abrigo que mañá poñería por vez primeira. Quen serían este ano as compañeiras? Habería rapazas novas ou só as do ano pasado? E que profesora teríamos? Non sería aquela berrona antipática que veu ao final do curso? Despois de todo era divertido atoparse outra vez coas amigas e estudar un pouco. Mágoa se nos tocaba a berrona que non nos ía deixar mover. Ben, mañá veríamos o que pasaba, total xa faltaba pouco. Agora a durmir.

Todos eses días estábame preguntando se os Reis me traerían tantas cousas como lles pedía na miña carta. Se veñen desde tan lonxe, quen sabe? Pero non esqueceron nada. A bicicleta, a carteira nova para o

colexio, contos, lapis de cores. E o máis emocionante de todo foi que os vin. As miñas amigas din que non pode ser, porque pasan moi tarde cando todos os nenos dormen.

Na miña casa non foi exactamente así. Déronnos de cear, cedo, e mandáronnos a présa para a cama. Xa antes deixáramos preparados os pratos no cuarto cos nomes de cada un, para que deixasen alí os xoguetes.

Os maiores ceaban no comedor grande, e a mesa estaba posta como nos días de festa. Nós, entre o ruído que eles facían e o nerviosismo da espera, non podíamos durmir. Pasou moito tempo; de repente sentiuse unha música e a miña tía entrou no cuarto ás escuras para dicirnos que acababan de chegar os Reis Magos, que quedasemos moi quietiños. Ao pouco tempo foron entrando os tres, o último foi o rei negro. Estabamos mudos de asombro. Deixaron os seus regalos e marcharon. Un pouco despois permitíronnos prender a luz e alí apareceu o que desexáramos tanto. Moi feliz, baixei cedo estrear a miña bicicleta. A rúa estaba chea de ruídos de trompetas e tambores. A pregunta de rigor era:

—E a ti que che puxeron?

Todos estabamos alporizados. De volta á casa eu comentaba as respostas. Por que aos nenos que viven no patio, que son tan pobres, os Reis lles deixaron ben pouca cousa?

Había días que na casa se comeran as primeiras filloas. Era Entroido. Gustábanme con moito azucre, e sempre lles poñía máis do que traían. A papá, que as prefería quentes, tiñan que facerllas no momento. Eu estaba contenta porque ao día seguinte había baile de nenos no Casino

e disfrazaríame de dama antiga. Era moi bonito o meu disface. Mamá estivo traballando varios días nel. O malo era a perruca que me resultaba un pouco molesta de levar. Díxenlle a mamá se non podía ir sen ela, pero parece que non, porque as señoras antes usábana para estaren máis elegantes. Que idea rara, non si? Que farían co pelo delas? Cando a probei, dábame a impresión de que a cabeza non era miña. As nenas tamén lles poñían perrucas? Sendo así, non creo que puidesen xogar moito.

Na vila acababan de construír unha casa de catro pisos. Era a máis alta de todas. Comentábase en todas as partes. Os meus pais decidiron que fósemos vivir a un deses pisos. A casa grande xa non resultaba cómoda para todos agora que nós iamos medrando. Probabelmente iríamos ao segundo piso. Eu aínda non o vira por dentro. Eses días foron un barullo cos preparativos. Sen embargo, poucos mobles levamos de alí: o dormitorio de mamá e... O piano! O demais mercárono novo. A tía Carmen non tiña parada. A cada pouco precisábase algo da súa colección e ela apurábase a facilitalo. Todo estaba xa embalado. Ela puliu con amoroso esmero por última vez os mobles que ían levarse. Estabamos ansiosos por saír desa tensión, aínda que as causas eran distintas. Para os rapaces, a ilusión da novidade. As tías, en cambio, estaban tristes por quedaren soas, aínda que aseguraban que virían todas as noites facer “tertulia” na casa. A tía Carmen regaloume como despedida un dos seus frasquiños de perfume, o que non tiña precedentes.

Mesmo antes de saír, sentín que a casa grande deixara de ser miña, aínda que volvese todos os días a ela.

Xa estabamos instalados, todo ulía a pintura e a madeira nova. Non podía impedir que ese olor me penetrase ata o punto de pensar que,

con esa mudanza, tamén había algo novo en min. Indubidabelmente gustábame a casa, pero a cada sitio faltáballe afacerse a nós ou nós a el. Tíñalle que preguntar constantemente á miña nai onde podía atopar as cousas. Gozabamos, a miña irmá e mais eu, dun cuarto novo, que, segundo dicían, serviríanos para sempre, e por iso o mercaron de madeiras finas. O que máis me gustaba era o toucador cos seus frasquiños de cristal tallado e unha bandexiña de prata. Eu puxen alí o perfume que me regalou tía Carmen, como se fose un trofeo, e recomendeille á miña irmá que non o usase. Non facía máis que percorrer a casa que aínda non me parecía miña, e dábame a impresión de non atoparme en ningures. O piano colocárono no cuarto de estar, que era o máis alegre, coas súas grandes ventás. Tamén había un pequeno moble escritorio para o noso uso. Preguntábame se agora resultaría menos odioso estudar piano. Tiñamos tamén un canario, pero a min non me gustaban os paxaros metidos en gaiolas. Ah!, desde que viviamos alí, ía soa ao colexio.

As miñas tías viñan todas as noites de faladoiro. Agora sentíanse soas na casa grande. De vez en cando acompañábaas Vicenta. Eses días eran os máis divertidos. Tamén polas tardes tiñamos con frecuencia visitas; viñan coñecer a casa nova ou simplemente de paso, xa que estabamos nun lugar moi céntrico. Con este motivo a penas estudaba piano, pois o cuarto de estar era o lugar obrigado para estas reunións. Coñecía xa a case todos os rapaces que habitaban a casa. Os que máis me gustaban eran os do terceiro piso. As cociñas daban todas a un patio e á nosa serventa encantáballe especular sobre o que comían os veciños, segundo sentía picar carne ou bater ovos. Despois de xantar, mentres fregaba os pratos, establecíanse competicións de tangos ou cantares andaluces. Para min era novo aquilo, pois na outra casa só cantaba a tía Carmen.

Que grandes novidades! Había dous días que papá non paraba con-
nosco e, cando estaba, todas eran conversas telefónicas. Por fin chegou
radiante.

—Acaba de proclamarse a República —dixo.

Eu nun principio non tirei moitas conclusións. Despois explicáronme
que o rei partira de Madrid e que agora iamos ter un goberno mellor.
Aínda que non comprendía exactamente o alcance de todo isto, entu-
siasmeime como os maiores e eu tamén quixen ter unha bandeiriña tri-
color, que era a que xa nos representaba. Baixei á rúa eufórica pensando
que as miñas amigas estarían coma min. Sen embargo, non foi así. As
máis delas éralles indiferente, outras comentaban, por térllelo escoita-
do aos seus pais, que fixeran moi mal botando o rei. Por vez primeira
souben que xentes, ao parecer iguais a nós, pensaban de moi distinta
maneira.

Todo seguía aparentemente igual. O meu pai andaba con máis trafego
que nunca. Cando pola noite viñan as tías, comentaban que papá se
metera de cheo na política. As “tertulias” nocturnas eran máis alpori-
zadas. Ás veces viña algún amigo de papá, que despois quedaba a cear.
Comentábanse todas as novidades do día, que agora eran moitas. Se por
casualidade estaba Vicenta, sentenciaba:

—Boh, total ninguén nos vai sacar de traballos.

A concorrencia sublevábase contra ela.

Xa saía soa a case todas as partes. Mamá mandábame con frecuencia mercarlle fíos e botóns para as súas costuras. Aproveitaba estas encargas para facer un pequeno percorrido, e gozaba sentíndome importante. Agora ía dar as miñas clases de piano á casa da profesora, que se queixaba de que cada día estudaba menos, o que era moi certo. Isto foi unha das vantaxes da casa nova, que xa ía deixando de ser a casa nova, para ser, simplemente, a nosa casa. Comezaba a considerala desde este aspecto. Que sería o que me facía concibir este sentido posesivo?

Mamá dicía que a nosa serventa estaba toliña rematada e tíña consumida dos nervios. Un domingo que non había ninguén na casa saíu e esqueceu as chaves dentro; daquela, non se lle ocorreu cousa mellor que gatear polo tubo da calefacción ata o noso piso e entrar pola ventá da cociña. Ao pouco tempo volveu ás mesmas, pero desta vez deu en peores resultas: viu no vestíbulo do edificio o coche do bebé do cuarto piso e só se lle ocorreu meterse dentro. Co seu peso, o coche comezou a esvarar ata chegar á escaleira que había na entrada, rodou sobre os catro banzos e, como un bólido, saíu despedido ata o medio da rúa. Cando a levaron á casa mamá non lle podía dar creto ao que estaban a ver os seus ollos. Daba mágoa vela, cheíña de mazaduras por todo o corpo. Acorudou axiña e xurou ter máis sentidiño. Pero mamá non se fixo ilusións.

Por ser a primeira vez que o celebrabamos na nosa casa, quixeron darlle ao santo de mamá moita solemnidade. Veu toda a familia, as tres tías da casa grande e mais os outros, os irmáns e irmás de papá, ademais de todos os curmáns. Abríronse as portas de vidro que separaban o cuarto de estar do comedor e quedou un só ambiente. Todos estabamos alegres e mamá sentíase feliz. Por vez primeira comprendín canto quería mamá a súa casa e as súas cousas e o que gozaba téndonos a todos reunidos

no seu pequeno mundo. Os rapaces sentabámonos xuntos nunha mesa. Fronte a nós, como presidindo a festa, había unha grande torta de amendoa, de pisos, como as que tantas veces vira eu levar para as vodas da aldea. Daba xenio mirala! Tiña catro pisos, unidos entre si por columnas de piñonate e grilandas de melindre. Cada piso, recuberto de doce de cabaza e gran cantidade de froitas en xarope, destacando entre todas o vermello vivo das cereixas e mais o verde escuro dos figos. A nosa mesa esperaba ansiosa a orde de ataque para proceder ao derrubamento. Por fin trasladaron a torta á mesa redonda e oito coitelos emprendérona con columnas e grilandas, no medio do alboroto e da alegría xeral. Saltaban por toda a mesa anacos do saboroso piñonate, e un a un foron cedendo os pisos ata formar un só corpo entre todos. Grandes aplausos remataron a nosa obra. Foi un día triunfal.

Adoitaban atracar na vila barcos de guerra e de pasaxeiros de moitos países, pero sobre todo de Inglaterra. Aínda que a xente estaba xa afeitada ao espectáculo de uniformes e indumentarias estrañas, sempre era unha novidade. Ás veces reuníase gran parte da escuadra inglesa e no peirao non se vían máis que mariñeiros, moi tesos pola mañá, cambaleando pola tarde. Certa vez ocorreu un accidente a bordo e morreu un mariñeiro. Viñeron enterralo ao cemiterio protestante, coñecido tamén como o dos ingleses. Catro mariñeiros transportaban o cadaleito cuberto pola súa bandeira. Atrás ía a oficialidade e, cerrando o cortexo, a banda do buque. Ao paso polas rúas foi uníndoselles moita xente entre curiosa e apesurada. A banda comezou a tocar con moita solemnidade a Marcha Fúnebre... , a mesma Marcha Fúnebre que durante o Entroido pasado se cantara para o enterro da sardiña, unha das máis divertidas cerimonias do Carnaval. A tentación era moi grande. Empezaron primeiro uns poucos arriscados moi baixiño, pero os demais seguíronos

sen poder conterse. E así, ata chegar ao cemiterio, foron cantándolle a despedida á sardiña. O almirante felicitou ao alcalde pola gran cultura musical da nosa vila.

Había tempo que xuntaba cartos para mercar unha colección de libros de contos. Tiña un peto de barro moi barrigudo, onde só gardaba moedas de prata. Poñía á parte as de cobre ata reunir unha peseta e, entón, cambiábaas por unha de prata que ía de seguida parar alí. De cando en vez levantaba o peto para calcular polo peso canto podía haber dentro, sentíndome satisfeita do resultado. Xa tiña case decidida a elección dos libros. Pensaba eu que habería de chegarme cos meus aforros e, no caso de que faltase algo, estaba segura de que mamá me axudaría. Tiña que romper o peto. Unha, dúas e tres, pum... Que era aquilo! Nin unha soa moeda de prata! Non había máis que pesadas moedas de dez céntimos. Furiosa congreguei a toda a familia co fin de resolver aquel misterio. Todos acudiron, menos a miña irmá máis vella que liscou para a rúa.

Todas as rapazas da miña idade recibiran a primeira comunión. Todas luciron fermosos vestidos e convidáronme a celebrar o acontecemento. Ás veces preguntábanme cando me tocaría a min, e eu, á miña vez, preguntáballe á miña nai. Ela foi adiando o asunto, pois opinaba que era necesario ter absoluta conciencia do que se facía. Finalmente, consultou con papá e chegaron a un acordo: el non se opoñía pero insistiu en que nada de exhibicionismos. A miña nai decidiu entón que eu faría a primeira comunión na capela do Asilo de Pobres e o meu traxe branco non sería de cerimonia, senón común e corrente. Todo isto desilusionoume un pouco, pero non comentei nada. Tampouco habería festa. Isto sóubome peor. Comenteilles ás miñas amigas as novidades, tratando de quitarlle importancia. Elas exclamaron atónitas:

—Pero iso é o mesmo que non facela!

Regaláronme un álbum para coleccionar Las Maravillas del Mundo. Viñan acompañando as chocolatinas. Todos os meus cartos gastábaos niso. Pero aínda antes de saborear o chocolate ocupábame da estampa, comprobando se a tiña ou non. Todos os rapaces estabamos entusiasmados coas nosas coleccións e case non se falaba doutra cousa entre nós. Cambiábanse as repetidas e cando se conseguía algunha difícil, pedíase unha morea por ela. Eu adoitaba reunirme cun dos rapaces do terceiro nas escaleiras da casa para esas transaccións. Sentabámonos sobre o descanso e consultabamos os respectivos álbums. Un día regalóume unhas cantas. Buscaba eu afanosamente as páxinas a que correspondían mentres el estaba sentado ao meu lado contemplándome. De repente deume un bico e botou a correr escaleiras abaixo. Fiquei furiosa e avergoñada. Ao meu parecer, todos saberían o ocorrido e burlaríanse de min. Afortunadamente non o volví ver.

Volveu o verán. Pero ese verán transformou a fisionomía da nosa vila. Ascendemos de categoría. Xa eramos unha vila de veraneo con credenciais. Ata había pouco, só unhas cantas familias de cidades próximas gozaban das incomodidades da nosa praia. A partir de entón, fomos solicitados polas xentes de Madrid. Todo se debía á inauguración dunha fermosa praia, que se ben en si non era ningunha gran cousa, en cambio contaba coas máis modernas instalacións, amén dun amplo parque, con pista de tenis e patinaxe, bar, xogos de mesa, etc. Todo isto fora inaugurado en solemne acto, coa presenza de alcaldes e representacións das localidades veciñas, himno de Riego, discursos varios e moitos aplausos. Todos estaban contentos. Os hoteleiros e comerciantes en xeral ventaban as súas futuras ganancias; os mozos porque ían poder divertirse en

grande; as mamás pensando en que as súas fillas ao mellor pescaban un mozo forasteiro, e algunha xente madura ante a posibilidade de baixar uns quilos facendo exercicio, sendo modernos como os ingleses. Viviamos eufóricos, orgullosos da nosa vila, e nese momento non pensabamos noutra cousa. Os programas de festas eran amplísimos: regatas, excursións ás dúas illas, torneos deportivos, banquetes no restaurante da praia, combate naval de fogos de artificio, elección de "mises" entre as máis agraciadas mozas de toda a ría, bailes no Casino, asaltos, téis, ceas americanas. En todo se demostraba un grande espírito de colaboración, alegría, entusiasmo, moito entusiasmo. Os domingos xa non eran de paseo na Alameda. O lugar obrigado, a praia. Alí reuníase a selecta colonia de veraneantes e os máis importantes da localidade, máis elegantes que nunca e con máis seguridade en si mesmos e na nosa vila que nunca. As mesas do bar, protexidas con parasoles, estaban cheas, charlábase, ríase, tomábase vermú con tapas, algún cóctel os máis modernos e os rapaces laranxada con palliña, coidando de non facer ruído, porque non resultaba de bo ton. A banda tocaba alí os seus pasodobres máis marciais e o sol brillaba para todos. Xornadas memorábeis. Durante a semana, baños de sol e mar, paseos en piragua ou lancha, mentres as mamás, instaladas en cómodas cadeiras de brazos, tecían ou facían algún labor de agulla. Só á hora de xantar quedaba a praia abandonada e entón algún obreiro aproveitaba para botar unha soneca antes de volver ao traballo. Pola tarde, patinaxe, tenis ou baile. O Casino, lugar de reunión á noite. A roupa para esa ocasión menos de praia, moi vaporosa, en cores tenues, contrastando co marcado tostado da pel. As modistas víronse en grandes apuros para conformar a todas, e máis dunha mamá quedou sen ovo na mesa. Pero todo iso non contaba. O reloxo da nosa vila marcaba nas súas catro caras a hora da diversión.

Os progresos seguían o seu ritmo. Non era posíbel que unha vila como a nosa, da que xa se falaba en toda a península, non contase cun cine adecuado. Por iso, inaugurouse un, que ben podería compararse con calquera dos máis elegantes de Madrid. Da capital viñeron decoradores, técnicos de son e equipos eléctricos. O resultado do seu labor foi excelente. A estrea, un éxito completo. Nos intervalos a xente cambiaba impresións e era manifesta a satisfacción xeral pola comodidade e bo gusto que o lugar revelaba. Moi especialmente foron seleccionados os programas de toda a temporada, gozando así de excelentes películas, moi adecuadas ao ambiente que se respiraba. Entre elas, fixéronse notar algunhas operetas alemás ou vienesas. Dúas amigas da miña irmá vestíronse para un baile de disfraces no Casino cun traxe que era unha copia do que levaba a protagonista de El Congreso se divierte e, ao entraren, a orquestra tocou a marcha desa película. Foi de moito efecto.

Pero non todo había ser diversión, pois a nosa vila contaba tamén cun espléndido centro escolar graduado público, fornecido con amplas e soleadas aulas e toda a súa aparataxe didáctica conforme coa última palabra na materia. Á súa inauguración asistiron os alcaldes das localidades veciñas e tamén houbo himno de Riego, discursos e aplausos. Serviuse a primeira comida no comedor da escola, e foron varias as señoritas da vila que atenderon os nenos, xesto moi comentado nos xornais. Mágoa grande que os fillos das familias máis acomodadas tivesen que acudir a colexios moito peores e menos alegres e cómodos ca este, pero claro, non estaría ben que viñesen aquí.

Tiñamos un mercado novo, para que todo fose completo, con capacidade para venda de carnes, peixe, froitas e verdura. Así os días de chuvia non se entorpecían as idas e vindas dos releos, á parte de

que este edificio dáballe á nosa vila máis posibilidades como centro de aprovisionamento e distribución de froitos.

Desgraciadamente o verán chegou á súa fin; os forasteiros partiran e os veciños da vila comezaban a recollerse nos seus fogares, un pouco abandonados durante a pasada estación. Claro que ese ano tiñamos o cine, pero durante o inverno as funcións non eran diarias; os mércores e os venres pechaba. Eses días xeralmente dedicábanos a probar as películas programadas e era entón cando ían algunhas persoas que estaban de loito, se tiñan amizade cos propietarios. Nós tamén volvíamos ás “tertulias” da noite, nas que as tías ocupaban sempre o seu lugar, o mesmo que Vicenta. Para Vicenta o progreso da vila non significaba nada e, cando se comentaban as xornadas pasadas, ela expoñía o seu parecer:

—Moita mexericada: vestidos novos, baile, cines, e caldo limpo na mesa.

En certa ocasión trouxo unha carta do fillo que tiña en Norteamérica. Vicenta preguntáralle por que nunha foto que anteriormente lle mandara levaba lentes. El aclaráballo agora. Debíase a un pequeno defecto na vista, cousa que naquel país se controlaba moito, especialmente nas escolas e nas fábricas. Ao rematar a lectura da carta, sentenciou:

—Ves? Púxose de moda iso das lentes, e cando de alá vén unha moda, en seguida corre para aquí.

A tía Carmen, mordaz, apuntou:

—Si, xa me dixeron a min que estaba chegando un barco cargado delas.

Por fin conseguín convencer a mamá da necesidade de cambiar de colexio. Noraboa. Na nosa vila había dous colexios. Nos seus comezos un foi de varóns e o outro de señoritas. No primeiro rexía un sistema un pouco arbitrario, pero con profesores capaces e cun ensino bastante correcto. O segundo era un desastre desde o punto de vista pedagóxico. Tanto na forma de impartir a educación, coma nas persoas destinadas a facelo, non había máis que incapacidade, afectación, hipocrisía e pretensións inxustificadas. Claro que isto tanto lles tiña aos máis dos pais que mandaban alí as fillas, pois a súa única pretensión era que adquirisen esa pequena bagaxe necesaria para as señoritas. Uns lixeiros, e axiña esquecidos, coñecementos e boas maneiras para actuar en sociedade. Co tempo, o colexio de varóns empezou a admitir rapazas e, o outro, varóns. Como eu non estaba a gusto naquel ambiente, insistín no traslado. Pero non era doada a tarefa. Había que convencer a mamá para que dese ese paso, e facer fronte ás iras da virtuosa e catoliquísima señora que dirixía a institución. Sen embargo, a miña nai, sempre valorosa, realizou esa fazaña. Así, atopeime iniciando o meu segundo ano de bacharelato. Estaba realmente contenta. Notei moito o cambio. Non me sentía xa como un papagaio cando estaba na clase. Tiñamos moitos profesores, pero ao que máis quería era ao de matemáticas. Sentía antes por esta materia un aborrecemento case semellante ao que me producía o piano e, por vez primeira, comprendín que podía chegar a ser interesante. O profesor de castelán era poeta, e dos bos, ao parecer; nós, os alumnos, debíamos parecerlle unha prosa pouco aceptábel, pois en seguida se lle acababa a paciencia. O de ciencias naturais era novo e bastante ben parecido; cando chovía, traía con el un paraugas que polo seu tamaño podería

abeirar unha familia completa. Chamábase Xervasio e insistía constantemente en que debiamos antepoñerlle o Don, aínda cando na rúa o atuásemos. Para facelo rabiarse, pegabamos no libro de textos fotografías de artistas de cine, enriba das correspondentes a sabios e descubridores. O de francés tiña os seus días, e aínda que nos seus tempos fose o terror do colexio, agora gustáballe ensaiar con nós distintos métodos e, cando estaba de boas, facíanos escoitar discos para que o noso oído captase a mellor pronunciación. Ás veces cansaba e botaba uns cantos da clase, que inmediatamente ían practicar o sistema co loro que residía na casa de enfronte. Era estupendo iso de que o colexio fose mixto, pois sempre había algún rapaz disposto a facer por un mapa ou a debuxar unha lámina.

Outras novidades aconteceran na vila, pero desta vez non eran agradábeis. Os obreiros dalgúns fábricas e do porto estaban en folga. Algúns, sen embargo, foron traballar e por iso houbo disturbios serios. Pedían aumento de xornal e outras melloras. Viñeron gardas de asalto para manter a orde. Foi a primeira vez que se viron. A xente comezou a chamarlles "música nova", porque o seu uniforme era semellante ao dos músicos.

Moito se comentaba este asunto da folga. Nos cafés, nos negocios, na rúa e tamén na casa. A tía Carmen desviara a súa afección ás novenas a favor da República, e cría que era esta unha santa matrona que non se podía molestar con esixencias perentorias, por iso opinou:

—Vistes? Aos obreiros déronlles ás e queren voar —e engadiu enérxica—: antes da República non dicían nin chío e agora protestan por todo.

Vicenta, que tiña sobre os negocios de Estado o mesmo criterio que sobre a súa facenda, incluído o seu burro, sentenciou:

— Por iso era mellor que quedase o rei, así non había tanto barullo.

—O rei, o rei —arremeteu a tía Carmen—, ti sempre mexas fóra do testo. Iso do rei, son augas pasadas. E logo, dábatche de comer o rei?

—A min, a min déronme de comer os traballos que pasei sempre por eses camiños, con soles e con chuvias.

—E entón —insistiu a tía Carmen— para que vés con esas lérias do rei? Aquí non queremos máis reis que os da baralla.

A miña nai que escoitaba rideira, interveu conciliadora:

O que pasa é que todos pretenden que a República arranxe, por arte de encantamento, os males de tantos anos, cando a penas leva dous no poder. Hai que ter un pouco de paciencia e deixar andar as cousas polos seus pasos contados, que xa todo se irá solucionando.

—Iso é o que eu digo —engadiu a tía Carmen— e deixarse desas historias de folgas. Onde se viron aquí na vila liortas semellantes?

Avisara Paco que esa noite viría cear. Paco era un grande amigo de papá desde había anos. Estivera en América e veu de alá sen un peso, pero cheo de ideas. Gustábame moito a súa conversa e sempre procuraba quedar de sobremesa para escoitalo máis tempo. Os seus traxes, moi coidados, estaban un pouco luídos e con frecuencia fumaba uns

habanos aparatosos. Encantáballe ser espléndido e, cando as súas finanzas llo permitían, presentábase na casa cunha boa lagosta, a pesar das reiteradas protestas de mamá. Eu chegara ese día tarde e atopei na casa a Paco, charlando coas tías e con mamá. Cheguei queixándome do colexio. Esa mañá, xogando ao fútbol, romperamos un cristal e deixáronnos castigados. Pero iso non era nada. O peor foi que, aproveitando o accidente, un mestre de primaria que non tiña nada que ver con nós, pero que desde había tempo nos tiña ganas, argumentou que era incorrecto que as rapazas xogásemos a ese deporte e, grazas á súa intervención, foinos prohibido. Unha das miñas compañeiras dixo que era un efeminado e que andaba sempre teso porque usaba faixa. Claro que eu non cría que fose certo, pero de todas as maneiras era un entremetido e declarámoslle a guerra. Habiámonos desquitado en canto puidésemos. Mamá, estrañada das miñas queixas, comentou o feito:

—Antes, cando ía ao outro colexio, non se lle oía nada e agora que di estar tan contenta sempre anda rosmando algo.

—A esta pasaralle coma aos obreiros, tamén estará aprendendo a voar —dixo a tía Carmen, que non podía esquecer o conflito pasado.

Paco, aparentemente moi ocupado en preparar o seu puro, escoitaba con atención o diálogo e ao pouco interveu nel:

—Ao meu parecer, o que ocorre é que lle están aprendendo a pensar.

Esa resposta gustoume; e ocorréuseme que así debía ser, cando Paco o dicía.

Planeamos co profesor de matemáticas unha excursión ao alto dun monte próximo á nosa vila, para ver amencer o primeiro día do verán. Pero á noite comezou a arroiar e estragouse a festa. Sen embargo, pola mañá saíu o sol e como o noso profesor tiña tanta ilusión coma nós nese paseo, decidiu que non debiamos adialo e, en lugar de almorzarmos nas abas do monte, xantariamos. Con moita présa, cheos de excitación e entusiasmo, iniciamos os imprescindíbeis preparativos. Había que decidir inmediatamente que podíamos comer; un arroz pareceunos o máis práctico. Sen perder un intre mobilizámonos ás nosas casas na procura dos elementos necesarios. Consequimos unha palleira grande de ferro, varios quilos de arroz, chícharos, cebolas, xamón, espárragos, pementos, aceite e chourizos. Puxémonos en marcha, escoltados polos que carrexaban a palleira, que de tanto en tanto se relevaban. O camiño fíxose curto, todos falabamos e riamos comentando as mil historias do colexio, dos profesores e dos alumnos. O noso profesor de matemáticas gozou como un compañeiro máis; quizais máis infantil ca todos nós e desde logo máis bondadoso. Parecía mentira que nalgún tempo fora militar. O que poden facer as decisións paternas! Chegamos a un lugar ideal. Todos opinamos que debiamos facer algo para preparar o xantar sen demora, xa que contabamos co necesario: auga, ponlas para o lume e sombra para descansar. Sentímonos avergoñadas xa que a penas pasamos pola cociña para roubar patacas fritidas cando as sacaban da tixola. Ante esta decepción foi preciso acudir aos rapaces, que non parecían poñerse de acordo en se había que refogar, ou non, o arroz. Por fin o lograron; namentres, a cebola, o xamón e mais o chourizo que estaban dourándose, carbonizáronse, non sabemos por que. Xa estaban o arroz e a auga no recipiente, xunto cos legumes das latas. Pero entón asaltounos a terrible dúbida de se chegaría para todos aquela cantidade de arroz; e como realmente non era cousa de pasar fame nun día así,

decidimos por unanimidade engadirlle un pouco arroz máis. Só faltaba esperar que se lograse o punto. Desgraciadamente consumiu-se a auga, tendo que engadirlle unha pouca máis.

—O sal, o sal — lembrou alguén —, non lle botamos o sal.

E rapidamente salferimos un pouco por aquí e por alá. Desta vez si, xa era definitivo, podíamos empezar a comer.

Que arroz máis detestábel se nolo desen na casa! Cru e salgado por partes; pasado e sen sal por outras; todo el cheirando a fume que apesta-ba. Pero alí era outra cousa, alí pareceunos excelente. Comemos a máis e mellor e alabámolo como se fose un prodixio de arte culinaria. O noso profesor de matemáticas non era o menos entusiasmado polo resultado. Saltamos, corremos, subimos ás árbores, lavamos os pratos nun rega-to que pasaba por alí e andamos despois o que faltaba por chegar ao alto do monte. Era media tarde cando apareceu o profesor de castelán, desexoso por unha vez de sentirse xovial e compartir un pouco a nosa alegría. Había arriba unha especie de caverna coa entrada atorada por unha enorme pedra. A pesar do impedimento, o noso poeta, nun alarde de euforia, traspúxo-a, agasallándonos, unha vez dentro, cos seus versos e, xa no colmo do entusiasmo, púxose a cantar en latín algúns anacos da misa.

Regresamos triunfantes, cantando e brincando como á primeira hora, aínda que non dabamos máis de cansazo.

Esta xeira memorábel serviu de conversa para moitos días, ata que chegaron os temidos exames. Así como o inverno viña anunciado polo

pregón das castañeiras e o arrecendo das laranxas do país, as vendedo-ras de lampreas e os xeadeiros eran para nós os iniciadores do verán. Chegou da man de ambos os dous, para poñer de novo a vila en activi-dade. O verán traería tamén as súas transformacións. Non eran iguais que no pasado. Os veraneantes comezaban a facer a súa aparición e xa se presentía a axitación e o tráfego da estación; pero en cambio non se notaba alegría nin entusiasmo e moito menos espírito de colabora-ción. Íase á praia, tomábase o vermú, facíase deporte e excursións, mais a xente maior, especialmente, comezaba a sentirse dividida. Por vez primeira dúas palabras, que había pouco aínda tiñan un valor conven-cional, transformáronse ata o punto de crear barreiras infranqueábeis. Esas palabras eran, simplemente, dereitas e esquerdas. Escoitábanse por todas as partes, a todas as horas. Os sacerdotes iniciaron a ofensiva, que tiña a cruz como símbolo. Esa cruz non inspiraba paz nin harmonía, senón inimizade e odio. As damas de dereitas ostentábana permanen-temente pendurada do seu peito. E foi unha industria moi produtiva a fabricación de crucifixos. Habíaos de todas as calidades, de todos os materiais pero, iso si, o importante era o tamaño. Canto máis grandes, máis amante da causa sagrada eran quen os levaba, Á hora da praia, do paseo, do baile: o crucifixo presenciábao todo. E, á parte, había outra moda: os traxes de baño. Os sacerdotes opinaron, de repente, que eran un escándalo os modelos comúns e decidiron crear un, con medidas especiais, que chegaba ata os xeonllos. Só este, que tomou o nome do padre Laburu, o seu inventor, gozaba do beneplácito das ditas damas. E tamén nisto se rivalizaba. Cada quen esixía o seu un pouquiño máis longo. Inesperadamente o pudor e a moralidade alcanzaban cumes in-sospeitados. Daba a sensación de que dúas fotografías, unha de finais de século e outra actual, se mesturasen.

Na casa comentábanse con indignación estas novidades e analizábanse as causas.

—Isto é unha farsa, unha profanación. Mira ti que meter a Cristo en todo isto —dicía a miña nai.

—Hai que ver a esas que o ano pasado amosaban todo o habido e por haber este ano tan recatadas. Xa non lles queda nada que tapar. E logo, que me dis das cruces? Eu non sei como poden cargar todo o día con ese peso. Pobre Cristo, cantas cousas feas verás! Máis che valería que te deixasen na túa igrexa —comentaba alporizada a tía Carmen.

O meu pai, por regra xeral, non estaba presente nestas reunións, pois chegaba case sempre para cear. Ese día, sen embargo, adiantouse e, ao escoitalas, exclamou:

—E que as eleccións están próximas e, como agora vai ter voto a muller, hai que levala por onde a saben máis vulnerábel: pola cuestión relixiosa. Eu dígovos que esta xente vai conseguir desunir as familias.

Ao oír isto, Vicenta, moi alterada, deixounos escoitar a súa opinión:

—Iso do voto ás mulleres é unha parvada. Para que teñen que meter as mulleres nesas políticas que non van traer nada bo? As mulleres teñen abondo coa casa e cos fillos.

—Cala, cala, non digas necidades —berroulle a tía Carmen—, seica pensas que todas son coma ti?

Pero Vicenta, que todo o resume no seu mundo, volveu a el e sen anoxarse comentou:

—Eu xa teño bastante cos meus traballos.

Indubidabelmente había na vila malestar. A xente non se entendía. Era un continuo axexarse. Arrefriaron amizades de toda a vida. A tía Carmen incluso cambiou de médico. Pola súa parte, as damas de dereitas iniciaron unha gran campaña de visitas de caridade ás familias necesitadas. Levábanlles esmolos e, a cambio, pedíanlles o voto. As funcións relixiosas foron en aumento e houbo sacerdotes de moita sona que se relevaban na prédica das novenas, parte importante do programa de festas do verán. Vestíase co meirande recato e desenterrábanse costumes do pasado. Pensaban que todo sacrificio era pouco para evitar que triunfasen os inimigos de Deus e da relixión. As mulleres de esquerdas, as máis delas crentes sinceras, ían á igrexa a horas desacostumadas para non atoparen as súas adversarias.

A miña irmá fixera un intercambio de estudos cunha moza francesa, que chegou neses días á casa. Traía consigo, ao cruzar a fronteira, unhas ideas moi folclóricas do noso país, crendo que ía atoparse pouco menos que con "toureiros e carmes" por todas as partes. Aínda que ela non era moi romántica que digamos, supoño que durante a viaxe sufriría algunha pequena decepción. Pero xa na nosa vila non saía do seu asombro. E, por suposto, houbo que explicarlle que as modas que imperaban en gran parte dos habitantes debíanse só a unha postura política. Todo era inútil. Ela non daba comprendido como podía a política influír na indumentaria.

Só as rapazas da nosa idade nos mantiñamos á marxe destas cuestións. Viviamos coma sempre e gozabamos do mar, do sol e da area, sen termos en conta as dimensións dos traxes de baño. Decatabámonos do que pasaba porque nas nosas casas actuábase de acordo cunha ou con outra corrente, pero nada alteraba a nosa alegría do verán. Cada día pertencíanos por completo. Pola mañá nadabamos sen descansar ata acadar "o penedo", estomballándonos entón sobre el a pleno sol. De cando en vez mergullabámonos, desexosas de refrescar a nosa pel, tirante do sal. Cando a marea estaba baixa e era preciso entrar moito na auga, entretiñámonos sacando berberechos da area ou mexillóns incrustados no penedo. Pola tarde, con merenda abundante debaixo do brazo, saíamos de paseo polos arredores da vila, ata atoparmos un piñeiral ou unha carballeira onde repoñer forzas. Era máis que nada o entusiasmo de sentirnos, quizais por vez primeira, donas de irmos e irmos e só isto contaba para nós.

De novo a vila quedara en función invernal. As clases comezaron e aparentemente renovábase o ritmo da estación. Sen embargo, todos estaban en actividade. As eleccións aproximábanse e a campaña intensificouse por ambas as partes. Eramos nós, que saíamos cedo para o colexio, os que observabamos antes os resultados do labor nocturno. As paredes estaban cubertas de lendas en grandes letras vermellas ou negras. Unhas invitaban a votar as dereitas, as outras as esquerdas. Ao día seguinte as lendas tiñan un agregado —o mar— ou simplemente aparecían esborrachadas. Con frecuencia mesturábase a Deus ou aos masóns con esta propaganda. Había nerviosismo e expectativa. Cada bando facía reconto de posibilidades e arriscaba vaticinios.

Os faladoiros na casa xa non supoñían a charla amábel, despois do traballo do día. Agora eran comentarios atropelados, idas e vindas de amigos de papá que, xeralmente, quedaban a cear e cumpría estar moi calado na mesa porque tiñan que falar de cousas serias. Vicenta limitábase a escoitar, porque en canto se animaba a intervir, esmagábana coas súas respostas. Para min perderan moito interese estas reunións, así que me afixen a bañarme polas noites, para quedar moito tempo dentro da auga lendo, para que o libro non correse risco de mollarse, colocaba a táboa de lavar atravesada e pousábao sobre ela. Era un sistema seguro e descansado. Así estaba ata que me chamaban para cear e, entón, enxaboábame de présa, enxaugábame e media mollada aínda, porque xa se impacientaban, puña o pixama, a bata e saía correndo para o comedor. Chegou o día das eleccións. Despois, os primeiros resultados. Ata parecía mentira, pero non había máis remedio que convencerse. As dereitas triunfaron. Na casa a decepción non tiña límites. A tía Carmen estaba esmagada.

—Que ben souberon eses curas enganar ás ignorantes que lles deron o voto por medo ao inferno! —comentaba—. Xa poden estar ben contentos.

—Canta actividade! —lamentábase o meu pai—. Levaron a votar incluso aos enfermos. Está visto que cando a Igrexa se mete no medio, non repara en nada.

E a miña nai, a quen os fracasos lle abrían sempre unha esperanza:

—Ben, agora hai que poñerse a traballar, a ocuparse con máis interese dos negocios, que bastante abandonados os tiveches esta temporada. E

xa virán tempos. Agora tócalles a eles. Veremos o que fan. A xente terá ocasión de vulgar.

Así foi. Durante un tempo houbo unha especie de tregua. Chegou o Nadal e o Ano Novo e as festas celebráronse na casa con entusiasmo. Toda a familia veu outra vez. As mesas estaban espléndidas, con aquela arte especial que poñía mamá no seu adorno. Non faltaba ningún dos tradicionais pratos e lambetadas. Houbo champaña e despois baile. Estabamos contentos. Falábase de todo, menos de política. Era un alivio non tocar o tema e interesarse por outros problemas. A festa durou varias horas e todos marcharon satisfeitos e felices de atoparse con esoutro tipo de alegría.

Aquel ano no colexio xa non me sentía novata. Traballaba arreo, con ardencia, e na casa estaban contentos comigo. De todas as miñas compañeiras era Ánxela a que máis me gustaba. Andabamos xuntas todo o día. Era máis leda e decidida ca min e en moitas cousas era ela quen tomaba a iniciativa. Nada se lle poñía por diante. Dunha vez fíxome pasar unha sufocación espantosa. Empeñouse en que a acompañase ao outro colexio para falar cunhas amigas que cursaban os seus estudos internas nel. Eu, que abondo coñecía aquilo, intentei disuadila, insistindo en que non o ía conseguir. Non me fixo caso e, finalmente, fun eu a convencida. Chegamos, pois, alí as dúas. Eu non as tiña todas comigo, pero, por non ser menos, aparentaba tranquilidade. Chamamos á porta e saíu atendernos unha serventa á que lle expuxemos o noso desexo. Cando nos volveu deixar soas nunha salina, mirámonos pensando que á fin e ao cabo a cousa non fora tan difícil, e que dun momento a outro aparecerían as interesadas. Ben pouco nos durou a tranquilidade. No seu lugar presentouse desta vez unha señora maior, a nai da directora, que,

teimuda, interrogounos sobre o obxecto da nosa conversa coas internas. Nese momento ningunha das dúas, xa nerviosísimas, dábamos pé con bóla para enfiar calquera cousa con sentido. A excitación de Anxela ía en aumento, e vendo a desfeita que estabamos facendo deulle por rir con tanta forza que, sen podelo remediar, comezou a ouriñar por ela. Aquilo foi o colmo. Non lle quedou máis remedio que botar a correr en busca da porta salvadora, regando ao seu paso toda a sala. E eu alí, cravada, inmóbil, desexando esvaecerme e sen forzas para seguir o seu camiño, mentres a boa señora, xa fóra de si, botaba os meirandes improprios, sen piedade. Por fin, armeime de coraxe e nas puntas dos pés, porque non tiña ás, fun poñendo distancia entre as dúas, ata atoparme de novo na rúa.

Vicenta botou bastante tempo sen vir á casa porque tivo un neto. O día que volveu ó faladoiro chegou cedo e, así que sentou, comezou a dar detalles da novidade.

—Estes médicos de agora non entenden nada. Ás poucas horas de nacer o meniño xa lle mandaron a nai que comese. Ai! Nos meus tempos era outra cousa! Corenta días estiven eu sen tomar máis que caldo de galiña, chocolate e xerez.

—E as galiñas do caldo, quen as comía? —preguntoulle a tía Carmen.

— O meu home.

—Non me estraña que te mantivesen tanto a dieta.

—Aqueles eran outros tempos, agora todas son lerias; que se non hai que levantar o meniño do berce, como se ao pobre non lle doese o lombo de estar sempre deitado. E despois outro conto para darlle de mamar. Ten que ser cada tres horas, como se toda a vida non se criasen os nenos sen reloxo.

—Pero muller —interveu a tía Carmen—, ti non ves que eles estudan todo iso para que os rapaces estean sans. Hai que deixar que o estómago descanse antes de darlle outra vez o alimento.

—Parvadas, Carmen. Parvadas para sacarlle a un os cartos. E logo, ía eu estar véndoo chorar a aquel rei das Indias e non darlle de comer ata que o reloxo marque as tres horas?

—Agora haiche outros métodos, Vicenta —comenta a miña nai—. Nos teus tempos todo se curaba cunhas fregas ou uns sinapismos. A ciencia avanza e moitas enfermidades que antes eran mortais agora pódense tratar.

—Si, muller, si, así será. Pero se a criatura ten fame vai ti contarlle iso da ciencia para que non chore.

Os exames non tardaron en chegar. Xa os anunciaba o nerviosismo das últimas clases de repaso, en que cada quen tiraba conclusións do que lle faltaba por estudar, os apuros para xuntar láminas, revisar apuntamentos e programas, o interese por averiguar quen eran os catedráticos encargados de cada materia. Só había actividade entre nós, e xustamente cando comezaban as primeiras calores. As mañás estaban radiantes no amencer daquela primavera. As plantas de hedra do patio do colexio

prenderan e xa comezaban a rubir. Cada cousa tiña un sentido diferente. O olfacto tamén espertaba ao estímulo do aire do mar, que ulía a sal e a algas. As cores cambiaban. Fóronse as grises de chumbo. Agora eran verdes, azuis, vermellas e amarelas. O mar, o ceo, as cestas de cereixas que viñan ao mercado, as rosas novas, o sol que alguén facía bailar nun espelliño, as lanchas que saían a pescar. Todo adquiría, como por encantamento, novos matices e nós, por non sermos menos, tamén vibrabamos nesta sinfonía de vida, de transformación.

Ese verán a miña nai enfermou e tiveron que trasladala á cidade para ser operada. Eu quedei no sanatorio con ela para acompañala. Era a primeira vez que a vía fóra do seu mundo, o que producía unha extraña impresión. E era a primeira vez, tamén, que precisaba de min, que debía prestarlle unha porción de pequenos coidados, e isto dába-me unha gran medida de responsabilidade. Sen embargo, non quería reterme demasiadas horas ao seu lado e insistía en que me relacionase coas fillas do médico que a atendía, de idade aproximada á miña. Así naceu entre nós unha certa amizade, a pesar do pouquísimo que tiñamos en común. Saían case sempre cos seus pais ou con algunha persoa maior, pois non fixeran amigas. Non estudaban porque as horrozaba presentarse aos exames; cando recibían un regalo, procuraban axudar a elixilo, para maior seguridade. Eu faláballes da miña vida na vila, tan diferente; do colexio, das bromas de que faciamos obxecto a algún dos profesores, das nosas excursións, do mar, da liberdade de acción de que gozabamos, da nosa alegría. Explicáballes o gusto que sentiamos paseando baixo a chuvia, chapuzando coas botas nunha poza, compartindo un único caramelo ou reunindo moedas para ir ao cine. Pero ficaban indiferentes con todo. Non comprendían o meu entusiasmo, porque carecían en absoluto del. Como a estaba no sanatorio se

prolongaba, a tía Carmen quixo visitala. Chegou con papá, pola mañá. Nun minuto fíxose a dona da situación. Comezou por ordenar a nosa roupa, acomodou as almofadas de mamá, estirou as sabas, entornou as persianas, supervisou canto obxecto había no cuarto e, por fin, sentou e comezou a relatar todas as novidades da vila, que mamá escoitaba divertida. Non houbo festa nin traxes novos, nin presunto noivado, que quedase sen comentario. O máis gracioso era que ela non concorría a ningún destes sitios, pero en vista da ausencia de mamá volvera á casa de antigas amizades e puxérase ao día na materia. A unha destas amigas chamábana na vila "a acomodadora da igrexa", pola súa afeción a gobernar os asentos, levando as altas e baixas en materia social.

Era preto do mediodía cando rematou a súa misión informadora e regresou papá para levarnos a xantar. Á tía Carmen facíalle unha ilusión enorme iso de ir a un restaurante, cousa que lle ocorrera moi contadas veces. Papá elixiu un coñecido por el, e entramos. A tía Carmen tomou asento, pasou revista aos cubertos e ás copas, desdobrou o pano de mesa e preparouse a gozar do menú. O mozo trouxo a carta. Papá, despois de botarlle unha ollada, consultou coa tía Carmen.

—Queres tomar algo de marisco, unhas nécoras, por exemplo?

—Aínda as comín onte.

—Preferirías ameixas?

—Están en veda.

—E se mandásemos traer directamente unhas perdices en escabeche?

—A semana pasada regaláronme unhas cantas.

—Entón, preferirás polo?

—Pero home, comémolo a cada pouco.

—En resumo, que é o que esperabas comer?

—Non sei, algo distinto. Para unha vez que unha vén a un restaurante!

Por fin estabamos de regreso na vila, a tempo para aproveitarmos os derradeiros días do verán. Ánxela esperábame con impaciencia e decidimos recuperar os días perdidos, indo á praia mañá e tarde. Así descubrí o agradábeis que eran alí os solpores. Deitadas sobre a area, aínda algo morna polo sol, faciamos proxectos. Ningunha das dúas sabiamos que nos gustaría ser, e enumerabamos toda unha serie de profesións, tratando de atopar a do noso gusto. Ela cría agradábel seguir a carreira diplomática, así podería coñecer moitos países; eu, en cambio, sentíame a gusto no noso e non desexaba marchar. Ánxela e mais eu eramos as mellores amigas; sen embargo o pai de Ánxela era de dereitas e tiña nese partido unha actuación destacada. Con frecuencia na miña casa falábase del en ton de burla. Eu non sei se nos unía máis esta inimizade dos nosos pais. Adoitabamos quedar na praia despois da posta do sol. Xa para entón borraráanse da area as pegadas de tantos pés que durante o día a moldearan, e nada quedaba da montaña ou presunto castelo que algún rapaz formou pola mañá. Os toldos e carpas foran recollidos. Todo estaba en completo repouso. A praia volvía ser auga e area en constante subir e baixar. Só a lúa, máis tarde, se encargaría de transformar a ambos os dous, e darlles máxica solemnidade.

Cantos preparativos require unha viaxe! A miña irmá ía ese ano a Madrid para principiar os seus estudos na Universidade. No noso cuarto nada quedou sen revolver, seleccionando roupa e demais obxectos que debía levar. Á parte das compras e das visitas á modista, e das despedidas, o trafego aumentaba coas persoas que viñan traer algunha encarga para os familiares que residían alí. Mamá estaba moi preocupada e non paraba de facerlle recomendacións de todo tipo. A viaxe estaba dando moito que facer desde había tempo. Primeiro foi a elección de carreira, o que mobilizou a familia e os amigos máis achegados. Todos opinaron, menos a interesada. Despois de varias consultas decidiuse que profesora de francés era a profesión máis adecuada para unha muller. Quedaba aínda o problema do aloxamento e, de novo, todos se puxeron en acción para conseguir unha casa de familia de absoluta confianza. Agora estaba todo en orde, e xantabamos a toda présa para ir despedila. Papá desesperábase porque a présa non lle parecía que abundase e tiña medo de perder o tren. Apremaba a rapaza, non nos deixou tomar a sobremesa, fixo baixar as maletas, berroulle ao chofer por retrasarse. Por fin, moi amoreados, entramos todos no coche e saímos para a estación. Pero, como de ordinario, o tren chegou con retraso e tivemos que esperar media hora máis. Media hora de novas despedidas, de recomendacións, de recontos de vultos. Que alivio cando o tren partiu!

Era máis de medianoite e todos estaban apegados á radio tratando de saber algo máis concreto. En Asturias os mineiros iniciaran unha revolución, e en Cataluña tamén se manifestaba un estado de axitación. Ao parecer tratábase de algo moi serio. Papá buscaba con ansiedade algunha emisora de onda curta que lle aclarase os acontecementos. As emisoras oficiais anunciaban que o goberno estaba mandando urxentes reforzos para sufocar a sublevación, da que se descoñecía o alcance.

Papá estaba nervioso pensando en todo isto. Eu tampouco quixen ir á cama e deixei invadir da súa axitación; sentíame como cando tiña que facer un exame. Quizais fose polo avanzado da hora, ou pola emoción do locutor ao transmitir as mensaxes.

Papá, despois de moito tempo, opinou que debiamos deitarnos. Eran inútil seguir nesta espera. Ata o día seguinte non obteríamos máis información. Démonos as boas noites e entrei no meu cuarto, aquel cuarto que ata había pouco compartira coa miña irmá e que desde a súa partida a Madrid me pertencía exclusivamente. Sen embargo, por vez primeira, esta noite, non me sentía orgullosa desa exclusividade. Apaguei a luz. A lúa fora invadindo a miña cama e o seu reflexo permitíame ver case todos os obxectos da habitación, que adquirían proporcións diferentes. Non podía durmir, quizais sentía frío; sería preciso advertir ao día seguinte que puxesen unha manta máis. Sentíronse as campás do reloxo do concello. Que tarde era xa, e eu esperta. Cantas palabras me daban voltas na cabeza: mineiros, revolución, forzas de asalto, rabasaires. De todo iso falaba o locutor. Que iría pasar? Pero, por que sentiría frío? Tería que esquecer todo iso se quería durmir. Pensaría nas miñas cousas de sempre, que nada podería cambialas. Por fin quedei durmida, pero foi un sono cheo de raros pesadelos. Xa era moi entrada a mañá cando espertei. O sol ofrecíase pola miña ventá e todo volveu tomar as súas xustas medidas. Que agradábel era sentirse igual que todos os días. Sen embargo, eu non estaba igual que todos os días, porque non estaba no colexio. Non me espertaron a tempo. Tiña que me erguer para saber que pasara, pero íao adiando. Cansa, daba gusto prolongar aquela inactividades. Do piso de arriba chegaban os ruídos propios da mañá; en cambio non se escoitaba nada deste lado do noso. Non era posíbel que durmisen aínda. Por fin, erguinme e fun na procura dos meus pais.

Estaban de novo no comedor, escoitando a radio. Antes de saudalos fixeime nas súas caras. Parecían cansos, inquedos, case non se decataron da miña entrada. A voz do locutor tamén cambiara. Non necesitei moitas explicacións para dar-me conta de que as cousas non andaban como eles querían. Fiquei só un intre con eles. Agora era de día, había sol.

Ao día seguinte a miña vida retomou o seu ritmo normal. As clases, as escapadelas durante o recreo a mercar nésperas ou noces no mercado, os paseos á tarde antes de volver ao colexio, algunha ida ao cine entre semana. Xa se borrarán en min as impresións daquela noite pasada. Pouco tempo despois, ao volver do colexio, encontrei a casa trastornada. Acababan de deter o meu pai por suposta complicidade cos sucesos ocorridos. Detivéranos a el e a cinco persoas máis da vila, cousa que, segundo se soubo despois, estaban facendo en todas as partes. As tías e algúns amigos trataban de tranquilizar a mamá, que tivera unha crise nerviosa cando os policías levaron a papá, despois de revolver a casa enteira en busca dalgún papel comprometedor que, por suposto, non atoparon. Ademais, o propietario da casa, home de dereitas, non sei que inconveniencia lle dixeran naqueles momentos que acugulara a súa indignación e, así, subitamente, decidiu abandonar a casa canto antes. De todo isto fun sabendo polos comentarios da tía. Volvín sentir o raro desacougo de noites pasadas e comecei a pensar que non todo era simple e natural, como xeralmente eu cría. Entre os amigos que alí estaban atopábase don Xesús, dono de Vista Alegre, propiedade situada nas aforas da vila. Á entrada de Vista Alegre había unha fermosísima casa de pedra de cantería, que se unía ao convento, situado enfronte, por unha especie de ponte cuberta sobre a estrada que separaba ambas as construcións. Esta casa, igual que o convento, era moi antiga e don Xesús, que estivera en América e fixera fortuna, tivo ao regresar a idea de mercala. Ao coñecer

a resolución de mamá decidíu, de contado, alugarnos a casa, pero como era preciso facer nela bastantes reformas, ofreceuse a deixarnos, entretres, outra que acababan de edificar no fondo da propiedade.

Tantas novidades xuntas desconcertáronme. Iamos deixar a casa e papá estaba preso. Ata entón eu sabía que os cárceres eran para aqueles que cometían delitos tales como roubar, por exemplo, e estar preso era unha vergoña terríbel; pero agora comprendía que tamén había outras causas polas que podían encarcerar a un e, entón, era case un motivo de orgullo. Pouco a pouco ía entrando naquel mundo das persoas maiores. Durante a noite volvín sentirme soa no meu cuarto, pero agora non había lúa e aquela grande escuridade dábame aínda maior sensación de baleiro.

Ao día seguinte mamá ergueuse serena e resolta. Dedicou toda a mañá a dispoñer as cousas para o noso próximo traslado. Poñía niso grande actividade; non desexaba prolongar a nosa permanencia alí nin un minuto máis do indispensábel. Notábase que vía xa a casa como algo alleo; máis aínda, como se nunca fora feliz nela. Pola tarde acompañeina ata o cárcere, onde nos permitiron ver a papá. Ocupaba, canda outros cinco, un cuartiño pequenísimo que non tiña ventá e estaba todo cheo de fume. Impresionoume moito velo a través da pequena reixa. Estaba sen afeitar e queixábase de non ter durmido, porque sendo o cuarto tan pequeno non había lugar para estender colchóns para todos. Mamá deulle conta de todas as súas decisións, que el aprobou, e pouco despois despedímonos. Nunca puiden aturar estar encerrada e agora angustiábame terriblemente esa sensación. De noite soñei que me arrastraba por un estreito paso escuro, en busca dunha saída que

non daba atopado. Acordei axitadísima e a punto de berrar. Dous días despois trasladámonos á casa de don Xesús.

Todo o inverno vivimos na "casa da Rotonda", mentres arranxaban a de arriba. Para chegar a ela podíase utilizar a estrada que bordeaba o mar ou, senón, atravesar desde arriba a propiedade. Cando eu regresaba de noite sempre o facía por arriba. O terreo era unha especie de vello parque, pero non deses parques xeometricamente trazados, senón tal e como a natureza o fora modelando. De día era unha delicia. Había nel acacias, magnolias, carballos maxestosos, castiñeiros e algunha nogueira. Todo era solemne e, asemade, cordial. De noite, sobre todo nesas noites de invernía con moito vento e chuvia, a cousa cambiaba totalmente de aspecto. Había unha gran porta de ferro que daba acceso á propiedade. A medida que me achegaba a ela o meu corazón comezaba a dar brincos. Por nada do mundo lle confesaría a ninguén, nin sequera a min mesma, que tiña medo. En realidade non era un medo definido. Máis ben creo que me sentía intimidada ante aquela loita de forzas nas que vía algo de sobrenatural. Cando aparecían as luces da Rotonda sentíame segura: de que?, de quen? Non podía sabelo concretamente. Probabelmente necesitaba estar segura de poder vencer esta emoción, ou ao mellor sentíame atraída por ela.

A casa da Rotonda era un tanto estrafalaria. Fora construída ao gusto de don Xesús e debíalle o seu nome a unha gran rotonda situada na planta baixa que facía as veces de comedor, sala de estar e biblioteca. As súas dimensións eran desproporcionadas en relación co resto da casa. Todo o seu contorno circular, ata pouco máis dun metro de altura, ocupábano andeis cerrados con portas de vidro, que se utilizaban como librerías e, o resto, ata o teito, eran practicamente ventás. Había tamén

unha gran cheminea. Creo que nós levamos escasos mobles alí, ou aquilo era tan grande que producía esa impresión. De todas as formas non lle había resultar moi doado a calquera moble estar en ambiente. O resto da planta baixa ocupábano a cociña e outras dependencias. No primeiro piso estaban os dormitorios, non moi amplos e, por fin, enriba deste instalara, nunha habitación construída para ese mester, todo o tocante a un salón de perruquería. Don Xesús, que nunca habitou a casa, viña exclusivamente a ela en compañía do seu perruqueiro para facerse barbear e cortar o pelo.

Ao cabo de vinte días de encerro puxeron a papá en liberdade condicional. Coincidiu a súa chegada co día do seu santo, e con ese motivo mamá celebrou unha reunión na que participaron varios amigos. Papá sentíase heroe e os amigos abrazábano con moito entusiasmo como se volvease dunha viaxe longa e perigosa. En realidade aquel encerro fora bastante soportábel. Traslados corenta e oito horas despois da súa detención ao cárcere do xulgado, alí, o xefe, home manso e sensíbel a certos estímulos materiais, deu toda clase de facilidades canto a visitas e comodidades para os inculpadados. Ás veces estaba a cela, ampla en extremo, ateigada de xente e practicamente non quedaban sós máis que á hora de descansar. Do hotel do lugar enviábanlles xantar e cea, e a cociñeira, que tivo sempre fama de competente, esmerábase na preparación de apetitosos menús. Creo que máis dun aumentou de peso durante aquela cura de repouso forzada.

Como papá non podía saír de Vista Alegre, don Xesús viña todas as noites falar con el. Sentaba sempre ao lado da cheminea, inclinándose sobre o lume, que probabelmente era o encargado de inspiralo, ou polo menos de anovar as súas lembranzas, e ao pouco tempo comezaban os

relatos dos tempos de América, dos que era el o protagonista. Entón, todo adquiriría un toque fantástico. Don Xesús deixaba de ser o don Xesús de todos os días, para converterse nun personaxe estraño. Estivera na Arxentina, pero non na cidade, coma moitos outros, e as súas historias eran contos de bravos, de polbeiras, de chinesas, de coitelos e de campos sen horizontes. Non lembro moito, en definitiva, cal era o fío principal daqueles relatos, nos que tamén había os seus puntinhos de suspense e misterio, aínda que quizais, mirándoo ben, non fosen moito máis que as clásicas aventuras dun home que foi a América disposto a facer cartos, e só a miña imaxinación se encargaba de darlle outro matiz.

Aquela casa, a nosa vivenda provisional durante ese inverno, a pesar das súas formas caprichosamente extravagantes, serviunos de verdadeiro fogar. O meu pai, aínda en liberdade condicional, viuse obrigado a axustar os seus hábitos á nova situación creada. Fíxose máis lector, interesábase polos problemas domésticos e por vez primeira vino ocuparse de min e dos meus estudos. Mamá, ama de casa por excelencia, gozaba con estes cambios. Eu sempre o considerara o semideus da familia, a quen non se podía molestar. Era agradábel velo agora nestoutro aspecto. Por un pouco de tempo polo menos, deixou de ser o home importante, unido a min polo apresurado "bos días" do momento de saír para o colexio, ou do durmido "boas noites" da ida a deitarse, e que cando saía de viaxe me traía algún xoguete caro, que de contado formaba parte da nosa intocábel casa de bonecas.

As veladas con don Xesús, que ás veces se completaban cunha cea medio informal, alí mesmo, apegados á cheminea, algúns paseos pola propiedade, as visitas de amigos, as horas pasadas en común naquela rotonda que nos servía de todo, de despacho, de cuarto de estar, de estudo

e comedor, abría unha convivencia familiar máis íntima, máis cordial. Creio que mamá pensou máis dunha vez que a política, á fin e ao cabo, estáballe procurando grandes satisfaccións.

Ao chegar a primavera quedaron completas as reformas da casa de arriba. Mamá pensaba que desta vez ía ser definitiva a súa instalación, polo tanto era preciso non esquecer ningún detalle importante. Fixouse o día do traslado. Recolléronse con calma as últimas cousas, que todos axudamos a transportar. Dábame pena deixar aquela rotonda que xa significaba algo na nosa vida familiar, e que agora volvería quedar en silencio, a súa cheminea apagada e os seus libros, ben aliñados, gardados nas vitrinas. Só aquel cuarto do segundo piso seguiría prestándolle servicio a don Xesús. Pero a casa de arriba esperaba por nós, e entraríamos nela contentos. Eu aínda non a coñecía por dentro. Entramos pola porta que daba á propiedade, á que conducía unha pequena escaleira de pedra, tapizada a ambos os lados de roseiras silvestres. Chegamos así a un gran vestíbulo, ao que tamén daba a outra porta de entrada, a que conducía desde a estrada. Papá púxose á fronte da nosa pequena expedición, da que tamén formaban parte as tías, que non quixeron agardar máis para coñecer o noso novo fogar. Ao pasarmos dun ambiente ao outro, papá daba as explicacións oportunas. Chegando aos dormitorios, na fronte da casa, sorprendéronme as súas ventás. Nunca vira eu ventás con namoradeiras, asentos de pedra apegados ao muro e na súa profundidade. Nelas adoitaban sentar, en tempos pasados, os namorados a conversar, e a esa función debían o seu nome. Os cuartos adquirirían así un carácter máis íntimo e soñador. Pero era a pequena ponte cuberta sobre a estrada, final da casa, o que máis ilusión había facerme. Coas súas dúas ventás, a un e a outro lado, resultaba un curioso posto de avanzada sobre a vila. Mamá destinárao a cuarto de costura, pero eu intuía

que tamén ía pertencerme. No seu extremo, que en tempo remoto fora pasaxe ao convento, agora tapiado, colocaran a casa de bonecas, aquela casa de bonecas que mamá mandara construír había catro ou cinco anos e que ela mesma adornara no seu interior con verdadeira arte, pero que tan poucos gozos infantís me procurara, pois tanto sufría ela cada vez que eu sacaba algunha das pequenas e valiosas pezas, que terminara por considerala un simple obxecto de adorno. Xa nada significaba para min, e por fin ía durmir o seu sono de paz, custodiada pola mirada amigábel da miña nai, que seguía séndolle fiel. Eu en cambio sentíame por fin vingada dedicándolle a miña indiferenza, da que só se salvaba a caixiña de música, que aínda de tanto en tanto facía funcionar, desexosa de contemplar a graciosa parelliña que, moi cerimoniosamente, bailaba o seu eterno minueto.

A casa de Ánxela quedaba así moito máis á beira da nosa. Desde unha das ventás da ponte vixiaba o momento en que saía dela e así éranos doado irmos xuntas ao colexio e repasarmos durante o resto do camiño as leccións do día. Regresabamos xuntas tamén, e ás veces prolongabamos, estrada adiante, o noso paseo. As dúas sempre tiñamos de que falar. Sentíámonos conscientes da nosa idade e non desexabamos con demasiado apremo ser maiores, iamos espertando a todos os misterios da vida e algunhas veces falabamos deles con certa reserva, aínda que non nos obsesionaban en absoluto. Probabelmente o feito de que o noso colexio fose mixto, atenuaba a curiosidade. Os rapaces eran para nós compañeiros e non viamos neles máis ca iso. Poida que algún doutro ano, máis vello ca nós, fose obxecto de maior interese. Pero non pasaba de certas olladas que, captadas por algún, era axiña causa de bromas por parte do resto do grupo, co que paraba aí a cousa.

Por fin, maio. Maio desde a miña ventá da ponte. Aí estaba eu pouco despois de amencer. Ás veces estudaba, ás veces simplemente miraba. Que? Todo. A vida que comezaba na vila. O sol cos seus primeiros reflexos na auga do río, alá abaixo, nos cristais, nos tarros de leite que bailaban sobre as cabezas das súas portadoras, nas pingas de orballo, nas escamas das sardiñas do xeito que as pescas traían para o mercado, no espelliño das camionetas que pasaban cargadas de verduras frescas. O sol petaba en todas as portas e todos se apuraban a abrírlle. Xa a cunca de leite mesturado con café, con chocolate ou simple cascarilla, quedara baleira; era hora de saír ao traballo. Eu mesma tería que deixar pronto a miña ventá para ir ao colexio, pero entrementres quedaba alí e vía pasar o churreiro, coa súa dourada carga ben chea de azucre; a don Ventura, o encargado de dar as malas novas na vila, que non sei como, era el o primeiro en coñecer; a unha lavandeira que ía ao río comezar o seu labor; á miña tía Arxentina, irmá de papá, que era mestra e tiña a súa escola a dous quilómetros da vila. Eu saudábaa desde arriba e prometíalle acompañala cando fixese os meus exames. Non tardaban en pasar moitos máis, e con moita présa; zapatillas gastadas, zapatos ben embetumados, pés descalzos, serventas con cestos para a compra, algún señor con cara de ter durmido pouco, unha muller cun porquiño atado, para ser vendido, e que se empeñaba en non querer andar e, por fin, Ánxela, que me sacaba de tantas imaxes e me facía saír correndo cara á rúa. Agora nós as dúas tamén formabamos parte dese mundo da mañá que se espreguizaba entre raiolas de sol.

Rematados con todo éxito os meus exames, atopábame en condicións de cumprir coa miña tía Arxentina o que lle prometera. A miña tía Arxentina era unha das irmás máis novas de papá, a única que non se conformara con prepararse para ser unha boa ama de casa,

exclusivamente. Quixo ser mestra, pero soamente había dous anos que fixera oposicións e conseguira aquela escola. Eu esperábaa na miña ventá da ponte, observando como outras veces os primeiros trafegos da vila, e en canto a daba distinguido baixaba correndo. Ela sentíase entusiasmada coa súa profesión. Cría que o oficio do mestre era enormemente importante e trataba de aumentar todo o posíbel os seus coñecementos, para que este labor fose realmente eficaz. Explicábame que as mestras rurais tiñan moitísimos problemas e que, en xeral, o ensino que se impartía abundaba. Eu escoitaba con toda a atención as súas explicacións e ilusionábame que ela falase comigo de igual a igual, expoñéndome todas as súas ideas e proxectos. A miña tía era galeguista, cría con entusiasmo que a nosa Terra debía espertar a un renacemento cultural e económico. Todo isto soaba novo nos meus oídos; aínda que estes conceptos escoitáraos máis dunha vez, nunca foran expresados para min exclusivamente e esta exclusividade facíame sentir responsábel de que non caesen no baleiro. Tería que pensar con calma naquilo, que pouco a pouco ía prendendo en min. A escola era bastante ampla e soleada. A miña tía procurara fornecela dos elementos didácticos máis indispensábeis. A súa única preocupación actual consistía na indumentaria das alumnas. Cada unha viña como podía, e con frecuencia non moi limpas. Ela quería, custase o que custase, que cando se iniciase o próximo curso escolar, todas viñesen á escola con gardapós e para iso formara unha especie de cooperativa. Cada nena traía diariamente algunha moediña, e pouco a pouco reunírase unha cantidade que ela se encargaría de completar para ver realizado o seu desexo. Non lle quedaba máis que decidirse pola cor máis apropiada e sobre esta tiña as súas dúbidas: branco parecíalle inadecuado para que puidese durar limpo toda a semana, mañá e tarde; azul, era impropio para as dúas ou tres horas que pola tarde lle dedicaban aos labores de

agulla; rexeitaba o gris porque lle daba a impresión de orfanato, e ela quería que a súa escola fose ante todo alegre.

—En fin —díciame—, xa pensarei con calma esta cuestión. O máis importante xa está feito.

Aquelas horas da mañá pasaban voando, e como me sentía importante traballando co pequeno grupo de alumnas que a miña tía me asignaba! Por vez primeira comprobaba que o que eu aprendera podía serlle xa útil a alguén, e a atención que me prestaban estas rapazas, a penas tres ou catro anos máis novas ca min, dábame a medida desta importancia. Cando remataba a clase regresabamos a miña tía e mais eu, de novo xuntas, e xeralmente aclarábame algún inconveniente que durante a mañá se me presentara. Ela odiaba a rutina na escola. "Cada día — díciame— debes traerlles algo novo. Ha de ser coma esas árbores que bordean o camiño; xeralmente non reparamos nelas ata que nos protexen coa súa sombra, sen embargo, se nos tomásemos a molestia de observalas diariamente, comprobaríamos como foron agromando e como cada xornada de sol ou de chuvia procurou a súa transformación".

Eu tamén sentía que algo novo ía nacer en min, non sabía con precisión que era, pero estaba segura de que aquel camiño de ida e volta á escola fixérao agromar.

Xa estabamos en agosto; as clases remataran e eu volvía como todos os verán ao mar. O mar, para min, misterio eterno repetido cada día. A nosa vila non eran só as casas e as xentes que as habitaban. Era tamén o mar. O mar axitado, ameazante, dos días de inverno, tranquilo agora e radiante. Este ano sentíao así, porque o gozaba máis intimamente.

Ánxela e mais eu decidíramos facer nosa a antiga praia que quedaba fronte á casa da Rotonda, e que fora abandonada pola nova, máis cómoda e elegante.

Atravesabamos a quinta, agora en pleno apoxeo estival e, cruzando a estrada, baixabamos á area. Ninguén viña interrompernos. O sol e mais a auga eran o noso elemento. Alí soamente nós as dúas os compartiamos.

Quedaron atrás as festas de agosto cos seus fogos de artificio e as súas gaitas mañanceiras, as súas procesións, entre foguetes e música da banda municipal, presididas agora polo alcalde da vila e señoras enfaixadas, vestidas solemnemente de negro, con grandes escapularios ao pescozo e mantilla de encaixe, ulindo a naftalina; con nenas de primeira comunión e outras vestidas de anxiños; e tamén as verbenas e as regatas, e o carrusel e as barcas e a montaña rusa; e o tiro ao branco e as rifas e a sorte do paxariño; e os alegres cabezudos e as rosquilleiras e os cegos transhumantes e os que veñen doutras partes cumprir promesas. Todo quedara atrás; tamén os meus primeiros días de clase e os da miña tía Arxentina, a quen de novo vía pasar todas as mañás moi satisfeita camiño da súa escola, onde a esperaban as súas alumnas co tan ansiado gardapó posto. E as gratas festas de Noiteboa e Ano Novo. Foise o Entroido e, este ano, por ser o último baile infantil a que asistimos, quixemos, Ánxela e mais eu, despedilo disfrazándonos de nenas do 1800. Como nos divertimos as dúas! Ao día seguinte incluso conseguira permiso na casa para presenciar un baile de maiores e, aínda que pareza mentira, quedei durmida mentres esperaba a hora de ir, co que se frustrou o meu primeiro intento nese sentido. Durante bastante tempo sentínme humillada polo acontecido.

Febreiro trouxo algo moi importante, que era esperado por todos con ansiedade. Trouxo as eleccións e, por fin, desta vez triunfaron as esquerdas. Mamá acabou coa súa provisión de café e daquel delicioso licor de guindas que ela preparaba para todo o ano. Esta vez a xente sabía o que quería. Os partidos de esquerda uníronse e saíron vitoriosos. Antes das eleccións organizáronse mitins na vila e viñeron personalidades coñecidas falar neles. Eu asistín por vez primeira a estes actos. Sentía unha especie de cóxegas e participaba con emoción do entusiasmo xeral. Era a primeira vez, tamén, que Ánxela e mais eu non sentiamos en común. É dicir, a ela simplemente non lle dicían nada estas cousas; eu, en cambio, notaba xa en min unha inclinación natural cara a elas.

Agora xurdían temas novos todos os días nos faladoiros da nosa casa. A tía Carmen andaba moi ancha, coa súa República rescatada das mans "deses farsantes". Sentíase reconciliada coa súa fe, e se ben non asistía ás novenas, porque segundo dicía non tiña tempo, discutía con Paco, que viñera de América feito un ateo. Pero ese estado de doce arroubo republicano da tía Carmen interrompeuno un acto que, no mes de maio, celebraron os falanxistas na nosa vila. Reuníronse nun teatro delegacións de toda Galicia, ás que lles dirixiu a palabra o xefe nacional, José Antonio Primo de Rivera. Finalizado o acto saíron en manifestación polas rúas co brazo en alto. O meu pai, que se atopou con ela, berroulles desafiante:

—Viva a República!

O xefe nacional encolleuse despectivamente de ombros.

A tía Carmen, como todos os demais, alarmouse moito.

No colexio tamén ficamos abraiados. Un rapaz que estudaba algunhas materias con nós, e que por certo era un perfecto larchán, andaba amosándolles a todos unha porra feita de madeira, anacos de ferro e arames que lle entregaron os seus camaradas falanxistas. Era o colmo, atreverse a fachendear de semellante arma un mocoso ignorante coma el. Tiña baba de aparecer copiando fórmulas e xeitos nazis. Serían todos tan irresponsábeis?

Preguntábame ás veces se me gustaba a miña vida. Cría que si. Polo menos non se me ocorría que outra cousa prefería ser. Sentíame a gusto na miña casa, pensaba que tamén me satisfacía a miña familia, aínda cando desexaría que o meu pai representase algo máis para min. Mamá, en cambio, substituíao na súa relación comigo. Ela preocupábase dos meus estudos e de moitas cousas máis. Papá estaba demasiado ocupado coa política e o tempo que esta lle deixaba libre tiña que dedicalo aos negocios. Por iso non entraba moito tempo no meu mundo, nin eu no del. Gustábame estudar e ler e ás veces tamén me agradaba estar imaxinando cousas pero non necesitaba, como Ánxela, soñar con viaxes, non tiña tanto entusiasmo coma ela por coñecer países distintos e xente nova. Cría que a que nos rodeaba non carecía de interese. Era certo que as persoas maiores queixábanse de que había quen se ocupaba demasiado do que non lle importaba e que, por outro lado, a política trouxera algunhas inimidades, pero a pesar de todo iso gustábame a vila. Non faltaban pretenciosos e ignorantes aos que satisfacía, sobre todas as cousas, copiar costumes e gustos estranxeiros, porque así se tiñan por máis distinguidos; e deste modo, comían manteiga salgada, como os ingleses, en lugar da caseira, adquirida no mercado, traída a vender enleada en follas de repolo para que se conservase ben fresca; e mercaban panos de Inglaterra para confeccionar os seus traxes, soamente por poder co-

mentalalo; e había outros que vivían facendo equilibrios co fin de aparentar, esperando ansiosamente que as fillas lograsen un bo partido para acabar co suplicio. Pero esa xente non contaba para min. Quen contaba entón? Que sabía eu... Quizais contaba Vicenta, co seu burro, que lle comía sempre o que gañaba; contaba Charlot, o zapateiro, que sabía transformar uns zapatos vellos nun precioso par novo de raso, mentres chupaba mate por unha boquilla porque estivera na Arxentina e collera ese costume; e tamén o meu profesor de matemáticas que ás veces nos explicaba a súa clase estando el só na aula, onde antes estivera ensinando química e cheiraba a ácido sulfúrico, mentres nós o escoitabamos desde o patio; e tamén Padín, que viaxara por case todas as partes do mundo sen ter un peso e exerce todas as profesións; e Patacón, un pobre que pedía e non quería máis que unha moeda de cobre, non admitindo nada cando xa reunira o que necesitaba para o seu día; e gustábanme as peixeiras que viñan moi cedo coas súas cestas na cabeza e que insultaron a don Manuel porque corría detrás do seu fillo para castigalo ao tempo que lle berraba: "Réndete, Manoliño; Manoliño, réndete". E gustábame o meu tío o farmacéutico, que aconsellaba a todos os seus clientes que non había mellor reconstituínte do organismo que unhas boas costeletas e uns saborosos flans; e tamén Moreira, o médico da vila, que traballaba arreo percorrendo as aldeas dos arredores, sen cobrar as máis das veces un patacón e, cando as eleccións, os aldeáns encheran as paredes dos camiños de lendas que aconsellaban votar a Moreira, aínda que este nunca presentara a súa candidatura, e o único que sacou da política foi un brazo cortado ao romper os vidros da porta do Club de Regatas, foco de reaccionarios e, segundo el, analfabetos; e facíame gracia Eliseo, que durmía de mañá e velaba de noite, despois de acompañar á súa casa a todos os amigos trasnoitadores; e Ramón o carteiro, que antes de entregar as cartas interesábase pola saúde de toda a familia; e dona Eulalia, que

vendía de boa fe auga santa para curar todos os males; e Sindo, o perruqueiro, que cortaba o pelo que nin nun París, nin nun Londres, nin nun Santiago; e mais o secretario do Concello que se empeñou en convencer a un "americano" de que a vida era "emífera" e acabou dicíndoo el; e José Abello, que contaba chistes e ao chegar á metade xa non lembraba o final, pero todo o mundo ría polo mal que o facía, ademais dáballo polo toureo así que bebía un pouco. Todo iso era o que a min me gustaba da vila, e gustábanme as súas rúas, que todas as mañás varría o varrendeiro coa súa vasoira de bimbio, o xardín co seu chafarís que nos días de festa era iluminado con luces de cores; gustábame o son das campás do convento, nostálxico e repousado; o asubío do tren, que moitas veces servíanos de barómetro; o pito dos vapores ao saíren dúas veces por día a cruzar a ría, levando e traendo xente; gustábame o mercado dos martes, día especial, concorrido pola xente dos arredores en misión de comprar e vender, e os cegos cantaban dramáticas historias acompañándose do violín, mentres ían sinalando nuns carteis policromados, moi gastados, as distintas fases da traxedia; tamén me gustaba o peirao do ferro onde paseabamos na primavera e nas noites de verán; o perfume de piñeiro que espaxiábase no cine e a música que poñían nos intermedios; e os cucuruchos de crema que vendían na confeitaría os domingos. Todo isto gustábame da vila: os seus mil distintos matices, que lle daban vida, que a diferenciaban doutra vila calquera. A min gustábame tal e como era, chea de defectos e virtudes. Non cobizaba nela cambios profundos. Acougábame saber que seguiría sendo así, aínda cando pasasen os anos. Aquí un non se sentía exposto a grandes novidades. Todos nos coñeciamos e sabiamos o que podíamos esperar de cada quen. Mesmo o tempo non nos daba demasiadas sorpresas: frío e con bastante chuvia no inverno, que non nos impedía pasear, fornecidos de indumentaria adecuada, e unha temperatura agradábel o resto do ano; iso si, o único

que eu cobizaría sería ver nevar algunha vez, cousa que non ocorría nunca; raras veces caían unhas lixeiras folerpas pero derretíanse antes de chegar ao chan.

O próximo ano sería xa unha muller, iría aos bailes e ás festas, estrearía traxes de noite, quizais chegase a gustarme algún rapaz. Ás veces pensaba se todo iso alteraría o meu modo de sentir, pero non. Sería que eu tiña pouca imaxinación, ou demasiado apego ao que posuía? Tal vez. Notábame cómoda así e non quería que se alterase nada. Por iso estaba case segura de que cando chegase o momento de iniciar os meus estudos universitarios, elixiría Santiago, para poder retornar as fins de semana á miña vida de sempre.

A miña irmá volveu de Madrid. O seu regreso coincidiu cunha viaxe de papá. Foi toda unha odisea. O tren no que viaxaban descarrilou nun túnel e houbo numerosos mortos e feridos. Afortunadamente eles saíron ilesos do accidente. A penas repostos da impresión, lograron, con algunha dificultade, saír á luz do día. Pouco despois conseguiron un auto e chegaron á casa antes da hora na que adoitaba facelo o tren, por iso nós, que ignorabamos o acontecido, non chegamos a preocuparnos. Cen veces tiveron que contar os pormenores do ocorrido, pois en seguida correu a noticia pola vila. Esa noite o meu tío Paco deu unha festa na súa casa para celebrar o San Xoán: por fin asistín a unha reunión destinada á xente moza. De novo a miña irmá foi motivo da curiosidade xeral, interesada en coñecer polo miúdo os detalles do feito. Eu participaba daquela conversa con verdadeiro entusiasmo, xa que era a miña primeira oportunidade de alternar no mundo das persoas maiores. Non bailaba, abondábame con estar alí, era un novo paso adiante. Había moitos rapaces, algún deles presunto militante falanxista, pero

ninguén lle daba importancia a esas cousas nunha noite así; era momento de diversión, ademais, iso do falanxismo, segundo opinaban na casa, era só unha entroidada.

Catro días despois celebrouse na nosa Terra un plebiscito polo Estatuto que había de concedernos a Autonomía. Antes vira eu carteis de propaganda. Chamoume poderosamente a atención o seu deseño: unha vaca e mais unha árbore. Eran símbolos das nosas posibilidades económicas. Viñeron á miña memoria aquelas camiñadas coa miña tía Arxentina o ano anterior, cara á súa escola, e as nosas conversas de entón. Ela cría no renacemento cultural e económico de Galicia: este Estatuto ía ser o camiño. Non sei por que me emocionaba. Esta xente non falaba no nome da relixión como os de dereitas, nin utilizaba porras para convencer, como os falanxistas; esta xente falaba dos labregos e dos mariñeiros, quería que as leis se fixesen para protexelos; esta xente falaba da nosa poesía, da nosa música popular, das nosas danzas; era xente nova tamén, estudantes e universitarios os máis deles, pero non usaban termos grandilocuentes: falaban do pasado e miraban cara ao futuro, ambicionando un porvir de benestar para a nosa Terra, en que non houbera que emigrar, acosados pola miseria; non eran "señoritos larcháns": eran xente con espírito e fe. Estes atraíanme; o seu emblema era unha fouce e mais unha estrela, e eu víralle á miña tía Arxentina a pequena insignia na lapela. Gustábame, tería que pedirlle unha.

Todo agoiraba un verán feliz. Días despois ocorreron cousas graves. En Madrid asasinaron un capitán de asalto. En desquite, ao día seguinte, apareceu morto Calvo Sotelo.

Onde nos levarían aqueles apaixonamentos?

Segundo tempo

Ás poucas horas de ter chegado papá de Madrid comezou a circular o rumor de que os militares se sublevaran en África e nalgunhas provincias. Papá estaba canso e un tanto molesto por mor dunha pequena infección nunha perna. Debido a ese trastorno quedou na casa pola mañá, en contra do seu costume. Os rumores ían confirmándose. Papá comentou sen demasiada convicción:

—Outra cuartelada máis.

Tamén mamá estaba preocupada. A vida na casa transcorría coma sempre, pero algo máis automaticamente, como adoita ocorrer cando as persoas teñen a imaxinación noutra parte. Cara ao mediodía, papá non puido resistir máis aquela inactividade e decidiu saír. A miña nai chamoume:

—Acompaña ao teu pai que non se sente ben.

Axudeino a baixar as escaleiras. Eu sentía unha estraña sensación, o meu pai precisábame. Xa na rúa comezamos a camiñar lentamente, non

falabamos, cada un ía remoendo os seus propios pensamentos. Avanzáramos uns cincuenta metros cando atopamos a Paco.

—Que noticias hai? —preguntoulle.

—Polo de agora, nada novo.

—Cres ti que se trata de algo serio?

—Se che digo a verdade isto non me cheira nada ben. Cando ti saíches de Madrid —interrogouno á súa vez—, había xa novidades?

—Non, todo estaba tranquilo. Rumoreábase que, ao parecer, o goberno tiña informes dun suposto levantamento, pero Casares Quiroga non lle deu ningunha importancia.

—Isto é o que eu me temo, que non se lle dea a importancia necesaria e que non se tomen a tempo as medidas oportunas.

—Se che parece imos cara ao concello, a ver se teñen máis información.

Ao meu pai custáballe traballo andar, notábase que a perna lle causaba molestias. Polo camiño atopamos pequenos grupos dun e doutro bando que comentaban os acontecementos. Falábase a media voz, os rostros daban sinais de real preocupación. A medida que avanzabamos saudábanos alguén e, ás veces, parabamos para cambiar impresións. As preguntas eran sempre as mesmas.

—Que se sabe de certo?

Non había ningún dato novo que ampliase a nosa escasa información. Todo o mundo opinaba que o goberno se deixaba estar, que non actuaba con enerxía. Chegamos ao concello. Alí os grupos eran máis numerosos e falábase con meirande apaixonamento. Os máis exaltados eran partidarios de requisar armas co fin de distribuílas entre a xente de confianza, para facer fronte a calquera eventualidade. Por vez primeira subín os banzos do concello, onde reinaba unha actividade inusitada. Estaban reunidos o alcalde e os máis dos concelleiros. Falábase atropeladamente; o meu pai achegouse e mentres lle daban unha cadeira para que descansase un pouco a súa perna, preguntoulles se se comunicaran co gobernador.

—Si —contestou o alcalde—, díxonos que na provincia non ocorre ningunha anormalidade, e que polo de agora nos manteñamos á expectativa.

—A xente quere que se lles dean armas —dixo Paco.

—É unha parvada, que ían facer con elas?

—Esta tarde vou quedar na cama —dixo o meu pai— porque noto que esta perna vai empeorando. Comunicádevos comigo en canto haxa novidades.

Despedímonos, pouco despois estábamos de novo na rúa. A xente continuaba alí e algunhas persoas achegáronse a nós, ansiosas por saber se arriba se acordara algo.

—Polo momento nada —aseguroulles o meu pai— parece que hai que esperar.

Paco acompañounos durante un anaco, e prometeu vir á tarde pola casa. Mamá esperábanos con impaciencia. A mesa estaba posta e sentamos a comer. Papá normalmente adoitaba comentar se os pratos eran ou non do seu gusto. Desta vez, en cambio, comía inconscientemente. Falabamos pouco. Despois de xantar deitouse, mamá sentouse ao seu lado cun labor de agulla, eu collín un libro e púxenme a ler onda a ventá. Papá ordenou que lle levasen o teléfono ao cuarto para poder atender persoalmente as chamadas. Varios amigos preguntaron se había noticias. Máis tarde el falou co concello pero tampouco recibiran novas ordes. Decidiu chamar ao gobernador. Despois dunha pequena demora soou o teléfono. Todos estabamos pendentes da conversa, tratando de interpretar as respostas.

Papá dicía: "Pero vostede cre na palabra de honor desa xente? Eu no seu lugar reteríaos no Goberno Civil ata que se aclarase a situación". Despois insistía: "Vostede di que eu son un alarmista, sen embargo, esa non sería máis que unha medida de precaución, moi xustificábel tal e como están as cousas".

Ao rematar a conversa, amosouse profundamente contrariado.

—Este gobernador —dixo— é un inxenuo. Chamou ao comandante da praza para que fose ao Goberno Civil e así coñecer a súa posición nas presentes circunstancias, deulle a súa palabra de honor de non sumarse á sublevación, e deixouno marchar tranquilamente. Ogallá non teña que arrepentirse!

—Cres ti que as circunstancias obrigan a tomar tal decisión? —preguntou mamá.

—Mira, eu faríao. Non son xente de fiar, e polo menos aquí estaríamos máis tranquilos.

Á noiteña veu o médico, que opinou que a infección ía en aumento e, despois de prescribir as medidas necesarias para reducila, aconselloulle que non se movese da cama.

Ceamos no seu cuarto. Sentiamos a necesidade de estarmos xuntos naqueles momentos de tanta tensión. Benigna, a nosa serventa, traía a cea desde a cociña e, entre prato e prato, quedaba ao noso lado escoitando os escasos comentarios. O seu mozo era tamén de esquerdas e ela, aínda que analfabeta, tiña unha intelixencia moi esperta e sentíase identificada coas nosas inquedanzas.

Despois de cear puxemos a radio. O goberno nos seus partes limitábase a dar conta de que houbera un levantamento militar no norte de África e nalgúns provincias, pero o resto do país conservaba a calma. Deitámonos. A miña irmá e mais eu, que de novo compartiamos a habitación, démonos as boas noites e apagamos a luz. Intentei durmir, non atopaba a postura adecuada. Cansa de dar voltas, decidín non preocuparme máis polo sono, que xa viría cando quixese, e percorrín mentalmente a xornada que acababa de transcorrer. Alterara a miña vida tamén, o mesmo que a de todos, pero no meu caso había unha diferenza. Presentía quizais que estes acontecementos, dos que se descoñecía o seu alcance, ían cortar para sempre unha etapa da miña vida, aquela etapa feliz da infancia e dos meus primeiros pasos na adolescencia.

Atropeladamente entraba noutra. Notaba xa en min inquiredanzas distintas, e sentía que reaccionaba fronte aos sucesos de acordo con esta evolución. Por fin, o cansazo rendeume e logrei dormir.

Erguinme un pouco tarde e dirixinme á habitación do meu pai. Alí estaban todos. Tratába de comunicarse co gobernador. Despois dun momento de espera puido conseguilo. A medida que a conversa avanzaba papá alterábase máis. Ao deixar o teléfono explicounos o que pasaba. Acaban de sublevarse a Base Naval e mais o Cuartel de Artillaría. O gobernador pedía que se lle mandasen reforzos. Estaba furioso.

—Agora pide reforzos, que pretende? Homes armados con catro escopetas tolas para facerlles fronte aos canóns? Se me fixera caso!

A súa obrigada inmovilidade estábao poñendo fóra de si. Chamou ao concello de contado. Alí xa coñecían a novidade e apurábanse en requisarlles aos particulares calquera arma que tivesen con obxecto de enviar algunha xente á capital da provincia. Tamén se ordenara, como medida de prevención, a detención dalgunhas destacadas persoas de dereitas, para así evitar que algún exaltado puidese tomar represalias. Ás dúas da tarde saían tres camións cargados de xente. As armas que levaban eran as menos apropiadas; moitas delas estaban fóra de uso ou nun estado lamentábel e, o que era peor, a meirande parte desta xente nunca fixera uso dunha arma, ignorando incluso o seu manexo.

As horas transcorreron de vagar, agora nin sequera escoitabamos a radio. Era a sorte da nosa vila a que se estaba xogando e a de Galicia enteira, xa que nas catro provincias fora igual a imprevisión e, en consecuencia, todas estaban aturando ao mesmo tempo a mesma contin-

xencia. Cara ás tres papá non puido resistir máis a incerteza e pediulle á telefonista que o comunicase co Goberno Civil; transcorreron varios minutos de expectativa xeral; as miñas mans estaban completamente molladas e o silencio era tal que podían distinguirse as nosas respectivas respiracións. Por fin alguén atendeu.

—Quero falar co gobernador civil —dixo o meu pai.

Unha voz descoñecida respondeu:

—Aquí o Goberno Militar.

O meu pai colgou o teléfono. Momentos máis tarde insistiulle de novo á telefonista para obter comunicación co Goberno Civil de Ourense. Todos seguimos en idéntica tensión, ninguén desapegaba os beizos, as olladas dirixíanse exclusivamente ao teléfono, con tal ansiedade que cada minuto que transcorría pesábanos como o anuncio dunha sentenza. A anterior experiencia volveu repetirse. Papá pareceu avellentar no decurso daqueles minutos. De repente incorporouse na cama e díxolle a mamá:

—Vou marchar. Non quero quedar na casa. Mándalle recado ao encargado da fábrica de que faga preparar un barco para saír ao mar. Estarei na ría mentres se define a situación.

—Con esa perna enferma, vas poder facelo?

—É necesario.

Paco chegou ao pouco e, ao coñecer a decisión tomada por papá, acordou acompañalo. Mamá xuntou algunha roupa e alimentos para que os levasen; estaba tan nerviosa que esquecía a cada pouco o que buscaba, ou non se daba conta do sitio en que acababa de poñelo. Os demais, esmagados polos acontecementos, non atinabamos a axudala nos seus preparativos.

Era noitiña cando saíron. Papá abrazounos a todos con emoción e recomendoulle a mamá que tomase moitas precaucións. Nin el, nin ningún, sabían que medidas había que tomar.

Pola noite díxenlle a mamá que quería durmir con ela. Sempre me gustara facelo, anos atrás, cando papá saía de viaxe; pero agora era distinto, mamá estaba soa e soa debía enfrontar a situación, e eu quería que soubese que a partir deste momento teríame sempre onda ela. Aqueles dous días deixaron definitivamente a súa pegada en min. Madurecera de golpe. A miña nai, de tanto en tanto, moneaba. Eu achegábame a ela, collíalle o brazo e acariñábalo, quería que notase a miña presenza, quería que non se sentise soa.

Amenceu o novo día, domingo. A miña irmá convidara días antes a xantar a un compañeiro de estudos. Viría ou non viría? A situación era embarazosa. A ausencia de papá non había pasar desapercibida e, probabelmente, habería que darlle explicacións; para anular o convite, tamén serían necesarias. Esperabamos que o convidado resolvese por si mesmo e, entre tanto, mamá afanouse en preparar un xantar coas provisiones que tiñamos na casa. Eu situeime ao lado da ventá da ponte, observando coma outras veces a vida da vila. Como cambiara en tan pouco tempo! Era o mesmo sol de sempre o que brillaba e se reflectía na auga

do río, nos cristais das casas e nos chamadores de bronce dalgunhas das súas portas, pero daba a impresión dunha vila morta. Todo o mundo se encerrara, parecía unha terra de ninguén. Alguén se dirixía apresurado a algures, e era tanto o seu afán por pasar inadvertido que actuaba con falta de naturalidade, temendo ser branco de ocultas miradas. A partir de entón todos viviamos en garda.

Imaxinabamos que o convidado acordara non vir, cando alcancei a divisalo desde a miña ventá. Fun comunicarllo a mamá. Recibiuno con cordialidade, esforzándose en manterse dona da situación. Durante o xantar falamos de todo un pouco, dos estudos, dos compañeiros de Madrid, do accidentado regreso da miña irmá e, naturalmente, fixéronse alusións aos actuais acontecementos, evitándoos no posíbel. Como había que encher unhas horas, pola tarde decidimos xogar ás cartas. Era case a noitiña cando se despediu o convidado e a súa partida tróuxonos a todos un alivio momentáneo. Sen embargo, esta tensión termara de nós e, ao afrouxar, enfrontámonos de novo aos feitos. Non soubemos nada de papá ese día.

Pouco antes de deitarnos chegou don Xesús preguntar por el e, ao saber da súa partida, dixo:

—A este home teu moito lle gusta dramatizar as cousas. Que necesidade tiña de marchar así? Que lle había pasar? Nin que fose un ministro. Todo o máis, estaría preso uns días como a vez pasada.

A miña nai respondeu:

—Ogallá que esteas no certo. Por desgraza, teño o presentimento de que as cousas van ser doutra maneira se esa xente chega a dominar a situación. Non se perde nada con que estea fóra. A propósito, que novidades hai?

—Todo está moi confuso. En Madrid están a loitar no Cuartel da Montaña, que se sublevou, e en Barcelona tamén lles fixeron fronte. A pelota está no tellado, e non temos máis remedio que esperar.

—A ambición desa xente non ten límite. Por que non se someten á vontade do pobo? Se perderon as eleccións, con que dereito guindan con todo aínda á conta de que perigue o país?

—Non se resignan a perder os seus privilexios — responde don Xesús— e o que non conseguiron polas boas queren eles arrincalo polas malas. O goberno tivo demasiadas contemplacións e moita man branda. Deixounos en postos importantes, sabendo moi ben que non lle eran adeptos, e agora estamos sufrindo as consecuencias.

Don Xesús despediuse e de novo ficamos soas. Había que deitarse, sabendo que o sono tardaría en chegar, que a noite sería longa, moito máis longa que antes.

Ao día seguinte tivemos noticias de papá. Facíanos saber que estaba dentro da ría sen decidirse aínda a tomar ningunha determinación. Era preciso enviarlle alimentos e mamá mandou mercar algunhas conservas. Preparou un paquete co que puido reunir e entregoullo á persoa encargada de levarllo. Tal como acordaran, esta reuniríase con el, xa entrada a noite, en determinado lugar ao que había que chegar nun bote.

A vila seguía á expectativa. Ninguén sabía que ía acontecer, pero ninguén estaba tranquilo. As autoridades municipais foran destituídas por orde do gobernador militar. Os detidos de dereitas foron postos en liberdade de contado e cada un construía, ao seu modo, unha pequena historia dos supostos perigos polos que pasaron, sentíndose xa heroes.

O gobernador militar comezou a ditar bandos con ordes terminantes: estabamos en estado de guerra. Unha boa parte dos obreiros non acudiron ás fábricas e algúns refuxiáronse no monte. Nós non saíamos da casa para nada. Eu sentíame desconectada totalmente da vida que fixera ata poucos días antes. Amigas, paseos, diversións, todo quedara atrás.

Seguíamos tendo noticias de papá día si día non, grazas á persoa que lle levaba os alimentos, pero non tardou en acontecer algo que o obrigou a tomar unha decisión. O buque de guerra Cervera, tamén sublevado, apareceu na ría. Non se sentiron seguros e, como as noticias que pouco a pouco ían confirmándose non deixaban lugar a moitas esperanzas inmediatas, acordaron refuxiarse en Portugal e así nolo fixo saber. A miña nai, decatándose de que todo ía durar moito, non quixo que quedásemos máis tempo sós na nosa casa, onde xa non se sentía segura, e acordou que nos trasladásemos aquela mesma noite á casa da avoa. Así, pois, empacuetamos de prisa algunha roupa e saímos aproveitando a escuridade, quedando a casa a cargo de Benigna. Era unha triste procesión a nosa.

A casa da avoa tiña dous andares, á parte do baixo que se dedicaba a negocio de cereais. A medida que os fillos foron casando, resultou grande de máis e o piso de arriba quedou baleiro. Agora ía ser utilizado de novo para abeirarnos a nós. Eu nunca lle tivera moito apego á casa da

avoa, gobernada no doméstico pola tía máis vella, solteirona refervida que sempre tiña á man algún dito molesto para dedicarlles aos sobriños, tal como "os nenos falan cando as galiñas mexan", e cando os domingos ía comer alí facíame bater as claras a punto de neve para a sobremesa, non ficando nunca contenta do meu labor. Sen embargo agora necesitabamos apoiarnos en alguén, compartir con eles as inquedanzas, sentirnos un pouco menos sós, un pouco menos desacougados, por iso deixei atrás as miñas prevencións infantís, como deixara tantas outras cousas.

Durante o día facíamos a vida no comedor, bastante amplo como para que cada quen atopase un lugar axeitado, elixindo eu con frecuencia unha daquelas randeiras que bambearon dúas xeracións e, a pesar diso, seguían aínda en pé, ofrecéndose ás preferencias de todos. Tiñamos a radio posta continuamente, xa que era o único medio de informarnos da realidade da situación. Xa se sabían cales eran as provincias que se mantiveran fieis ao goberno e en cales triunfara o levantamento militar. España quedara dividida en varias zonas. Pronto comezaron a chamar novas quintas. Aquilo era unha verdadeira guerra civil. Cada quinta chamada facíanos pensar nas persoas amigas que tiñan que incorporarse, moitas delas de esquerdas, que debían ir loitar en contra dos seus propios ideais. Alegrábanos que, polo menos, na familia non houbera ninguén nesas condicións. Buscábamos preferentemente as emisoras do goberno que nos alentasen algo naquelas circunstancias penosas. As de onda curta transmitían mensaxes da Cruz Vermella, dunha a outra zona. Moitas familias quedaran separadas e querían comunicarse por este medio, xa que calquera outro quedara interrompido. As emisoras da zona sublevada estaban todas ao servizo do que empezou a chamarse "o glorioso movemento", e o mesmo ocorreu cos xornais. Inmediatamente puxéronse de moda uns termos estraños, tales como "cruzada

nacional contra o marxismo xudaico-masónico". Iniciáronse subscricións públicas para axudar a esta cruzada, e diariamente publicábanse as novas contribucións en efectivo ou en alfaias. Era considerado un xesto meritório doar alianzas matrimoniais e moedas de prata e ouro. A tía Carmen soterrou as súas.

Pero ía acontecer algo aínda máis alarmante. Serían xulgados aqueles poucos militares que, como o Xefe da Base Naval de Ferrol, non quixeron sumarse á sublevación e, para máis ironía, eran xulgados por rebelión militar. Vinte e catro horas máis tarde coñecía a inapelábel sentenza: ía ser pasado polas armas. A noticia fíxonos estremecer. Esperabamos, sen embargo, que non se cumprise a sentenza, pero foi executado antes das vinte e catro horas seguintes. Ficamos abraiados. Como era posíbel que se atrevesen a unha cosa coma esta, polo delito de ter permanecido fiel ao goberno legal? Agora sabíamos o camiño que ía tomando a rebelión. Toda a xente de dereitas estaría de acordo con esas medidas extremas e anti-humanas?

Ao domingo seguinte decidín ir á misa. Era a primeira vez que saía da casa desde o comezo da sublevación. Necesitaba sentir a protección da fe ante tanto desequilibrio. Ao saír da igrexa sentín unhas explosións; con moita alarma tratei de localizalas sen conseguilo. Non moi lonxe de min, un grupo de mozas que acababa de asistir á misa comentaba o feito en voz alta.

—Mira, mira, é no monte, están matando coellos.

Decateime entón do que se trataba: un avión estaba lanzando bombas sobre o monte onde se sabía que se refuxiara xente republicana. Quedei

espetada no chan, as miñas pernas negábanse a seguir, e non é que me asombrase o feito en si, pois xa nos afixeramos á idea de que as medidas drásticas ían ir en aumento; o que me trastornou foi a indiferenza, quizais o alborozo, daquelas mozas, que poucos días antes se horrorizarían ante a morte dun semellante. Que pasara para que se transformasen desta maneira os seus sentimentos? Sen dúbida era un mal colectivo. O ben e o mal xa non estaban encadrados. Agora quedáramos definitivamente divididos: eles eran "o movemento salvador" e no seu nome todo estaba permitido; nós converterámonos nos "roxos separatistas". E as miñas amigas? E Ánxela? Tamén pensaría así? Non quería imaxinalo, pero tampouco me animaba a preguntar. Era preferíbel conservar aquela amizade, que para min significaba tanto, feita de entusiasmo, de alegría, de amor á vida, de fe. Todos eses conceptos perdéranse, agora era a morte a que imperaba e a ela rendíase culto. Eu debía gardar celosamente a nosa amizade e non expoñela a que se derrubase, porque precisaba dela para non sentirme demasiado perdida naquel mundo de cousas e de ideas novas, ao que entrara sen transición.

Na vila instaláron un altofalante que transmitía marchas militares durante todo o día. A bandeira vermella e amarela adoptada por eles expoñíase en todas as partes. Formouse unha garda cívica con xente fóra de idade militar, que percorría a vila durante toda a noite. Os autos, os máis deles requisados, como o fora o noso, ían todo o día e toda a noite de aquí para alá, levando case sempre mozos con camisas azuis e frechas vermellas, uniforme da falanxe. Como inzaran a vila! Había pouco só se sabía duns cantos, agora multiplicábanse e os novos eran máis afoutos que os anteriores. Falábase, polo baixo, dunhas tales "bandas do amencer" que actuaban noutros lugares, aínda que non se sabía nada en concreto.

A nosa vida acomodárase ás circunstancias. Situabámonos no momento presente, sen pensar en que ía acontecer mañá, sen prevelo e sen querer adiviñalo. As mulleres ocupabamos a meirande parte do noso tempo en tecidos e labores, incluso as que sempre foron menos afeccionadas. O meu tío Xesús, o único fillo solteiro da miña avoa, soamente tiña a radio. Desentendérase practicamente de todas as súas ocupacións e a penas saía da casa. Con frecuencia viámolo percorrer o comedor dun extremo ao outro, cos brazos desfalecidos caéndolle ao longo do corpo. A avoa, muller destemida, era a única que se ocupaba do negocio, tal e como fixera durante máis de trinta anos, desde que quedara viúva. Seguiría no seu posto, aínda que azoutase ben forte o temporal. Tiveramos, por fin, noticias de papá e sabíamos que xa conseguira saír para Francia, despois de numerosas vicisitudes coas autoridades portuguesas. Polo menos por ese lado podíamos estar tranquilos.

Unha madrugada presentouse Benigna coa cor mudada. Non sabía por onde principiar a contarnos o acontecido. Por fin, acougou e dixo:

—Esta noite sentín que bouraban na porta da rúa, eu sabía ben que estaban a petar pero resistíame a abrir; pouco a pouco os golpes foron aumentando de tal maneira que crín que ían botar a porta abaixo. Erguinme, puxen algunha roupa enriba e achegueime a preguntar quen era.

—Abran á autoridade! —contestaron varias voces. —Eu tremía, pero por fin decidínme a desfechar. Cinco individuos vestidos de camisa azul apareceron apuntándome cos fusís que levaban. Entraron e, de malas maneiras, fixéronme subir canda eles. Enriba preguntáronme polo señor. Eu díxenlles que marchara e que na casa só estaba eu. Non

contentos coa miña resposta puxéronse a percorrer a casa, batendo nas paredes e nos pisos, como se buscasen algún agocho. Un deles tiña un papel na man con debuxos e oín que iles dicía aos outros: "Este plano non coincide co estado actual da casa". E de novo volvían bater por todas as partes. Notábase que estaban moi contrariados. Ao pasar polo comedor, onde está o retrato do señor, preguntáronme se era el. Non quedou cousa que non tocasen e remexesen. Sacaron mantas dos armarios e unhas cantas botellas de licor que repartiron entre eles e, por fin, cando baixaban, dixeron: "Agora imos polos outros".

Todos estabamos tan pendentes das palabras de Benigna que a deixamos falar sen interrompela nin unha soa vez; ao rematar foi cando se atropelaron os comentarios.

—Da vila non podían ser —dicía mamá—, senón coñeceríano. Con que propósito virían buscalo a esas horas?

—E aínda o preguntas? —interrompeuna a tía Arxentina—. Seguro que co peor. Menos mal que está a salvo.

—El si que tivo boa idea. En cambio eu... —lamentábase o tío Xesús—, pero, quen ía pensar o camiño que habían tomar as cousas?

Estabamos nesas reflexións cando se presentou don Ventura, amigo de sempre da casa da avoa. Fixérono pasar.

—Ai, filliños! Sabedes o que fixeron esta noite? Asasinaron o voso curmán Manolo, o tapiceiro e mais o Curuxa.

—Pero, que dis? Toleaches?, como pode ser iso? —exclamaban todos a un tempo.

—Así como volo conto. Esta noite cinco falanxistas foron á casa do voso curmán Manolo, preguntaron por el, deron como escusa que tiña que facer unhas declaracións e levárono. O mesmo ocorreu cos outros e alí quedaron todos tirados ao lado do paso a nivel.

—Estás seguro?

—Eu mesmo os vin. É máis, podo asegurar, Xesús, que te salvaches de milagre.

Era posíbel que ocorresen tales cousas na vila? Estabamos horrorizados, desesperados. Agora sabíamos que isto mesmo lle podía ocorrer a calquera.

O curmán Manolo era arxentino de nacemento, chanceler do consulado arxentino, simpatizante do partido socialista, nin sequera afiliado: este era todo o seu delito e por el pagaba coa súa vida e deixaba oito fillos no maior desamparo. Cría na humanidade e agora estaba alí, morto. Por quen? Por xente que nin sequera o coñecía, por xente que viña de fóra, que actuaba por encarga dos que non se animaban a facelo na vila pero que, á súa vez, irían a outros lugares matar outros descoñecidos.

A partir dese día comezou a nosa tortura nocturna. A espera. Virían buscar o tío Xesús? A quen? Noite a noite, despois de pechadas as portas do negocio, amoreabamos detrás de cada unha oito ou dez bolsas que contiñan cen quilos de cereal. Era unha protección en caso de

que intentasen botar abaixo as portas; nós de ningún xeito estabamos dispostos a abrir.

As noites facíanse lentas, interminábeis, a pesar de que estabamos no verán e amencía cedo. O ruído dun coche abondaba para que todos saltásemos da cama: nunha ocasión parou un diante da casa. A miña nai e mais eu, que durmiamos xuntas, mirámonos con cara de espanto. Nas puntas dos pés achegámonos á ventá, tratando de albiscar algo a través das fendas; as mans e a fronte suábanme, todo o meu corpo tremía. Por fin o coche arrancou. Non era máis que unha falsa alarma. Volvemos á cama, abrazámonos unha á outra, procurando neste contacto dos nosos corpos recuperar un pouco de alento. E así fíxose de día. Un día máis! Ata cando?

A medida que as fronteiras se estabilizaron chamaron novas quintas, e todos os militares en situación de retiro foron obrigados a incorporarse. Así chegoulle a vez ao meu querido profesor de matemáticas. Para despedirse de min, mandoume unha tarxeta e mais unha caixa de bombóns. Por vez primeira chorei todo o día sen que nada puidese consolarme. El, tan sensíbel, tan humano, tiña que ir a aquela matanza; el, que era incapaz de sentir ningún odio, tiña que ir dirixir homes para que destrúsen un inimigo que non consideraban tal. Todo aquilo toleaba a calquera. É que nin sequera a miña vida de antes podería salvarse? Este presente aniquilador ía alterar, lixar, todo sen remedio.

Durmiamos un pouco, a calquera hora, en calquera cama, cando nos sentiamos esgotados, non importaba que fose de mañá, de tarde e aínda ás veces antes de cear. Mamá xeralmente elixía esta hora, na que se sentía tranquila.

Unha vez, estando no comedor, pareceume oír a súa voz e acheguei-me. Estaba profundamente durmida e soñaba en voz alta. Decía:

—Parece mentira, un home tan guapo casar cunha muller tan fea.

Boteime a rir. Mamá por un intre era feliz, volvía a unha obsesión da súa infancia: a voda dun home que ela admiraba cunha muller fea; víaos falar polo balcón cando pasaba para o colexio. Esquecera o pesadelo actual. Saín a modiño para que non espertase e puidese así gozar aínda un pouco máis do seu soño.

Comezaron a deter xente na vila. Os máis dos presos nin sequera estaban afiliados a ningún partido. Os dous fillos de don Ventura, o profesor de francés, Luís, o outro irmán do curmán Manolo, tamén arxentino, o xuíz, o alcalde, o mozo de Benigna e o seu irmán, o fillo de Vicenta. Sabiamos que a detención do tío Xesús non se faría esperar e case case a desexabamos, porque pensabamos que no cárcere estaría máis seguro.

A avoa chegou aquel día máis cedo da fábrica e dixo:

—Teño que falar con vós.

Estaba pálida pero a súa cara permanecía serena.

—Veume ver o capitán da Garda Civil e anuncioume que ten orde de detención contra ti, Xesús. Prometinlle que irías presentarte esta tarde, para evitarche que te prendan na casa. Quedarás de momento no cuartel.

A casa onde estaba o cuartel era propiedade da miña avoa, que acababa de facer nela grandes reformas. A iso se debían as deferencias do capitán.

—Pero iso non é todo —continuou a avoa, suspirando fondo—. Arxentina, hai algo para ti.

—Que pasa comigo? —preguntou a tía Arxentina abraída.

—Miña filla, acouga —continuou a avoa—; é neste intre cando hai que demostrar o cerne do que estamos feitos. Senta onda min.

A tía Arxentina sentou e a avoa, con moita tenrura, como eu endexa-mais a vira, dirixía cara a ela as súas mans nun aceno de caricia e apertábaa contra ela. Despois dixo:

—Tamén a ti te deteñen; acúsante de comunista porque din que obrigaches as nenas da túa escola a usar uniformes vermellos.

A tía Arxentina, na procura dun gardapó apropiado para as súas alumnas, elixira un tecido composto de fíos vermellos e brancos, que lle daban á tea unha tonalidade semellante a cor do amorodo.

—Iso é unha infamia, e non estou disposta a ir. Que veñan buscarme se queren.

—Eu deille a miña palabra —dixo a avoa— para non violentar as cousas, e el prometeume que non correredes ningún risco mentres esteades alí. Eu mesma vos acompañarei.

Así, ela no medio, aquela matrona digna descendente das épocas do matriarcado, levou os seus dous fillos a entregarse.

O regreso foi penoso. Toda a afouteza da que dera mostra, esborrallábase agora. A tía máis vella achegouse para consolala, pero rexeitouna.

—Deixádeme soa, necesito un pouco descanso — e pechouse na súa habitación.

Comezaron a sucederse os consellos de guerra. Non había día no que os xornais non publicasen algún, e xeralmente as sentenzas eran a morte; só nalgúns casos había condenas de trinta ou vinte anos. Os cargos eran sempre os mesmos: rebelión militar. Así culpados foron caendo os gobernadores das catro provincias, aqueles pobres crédulos que confiaron na palabra de honor dos militares e que non fixeron nada, cando aínda estaba na súa man, para tentar abortar a sublevación. Aqueles homes de boa fe que non sospeitaron a traizón eran agora fusilados.

Días máis tarde caía na fronte o capitán de aviación que bombardeara o monte onde se ocultaba a xente republicana. Obrigaron a todos os habitantes a poñer nas súas casas a bandeira vermella e amarela cun crespón de loito. Tamén fixeron pechar o comercio durante o enterro. Esta perda aínda os encarnizou máis, aumentaron as batidas no monte e as visitas nocturnas nos arredores. Moitos, temendo estas fazañas, botaban a noite no campo, agochados entre o millo, que naquela época xa estaba moi alto e gardaba os seus corpos dos terribes instintos desatados. Ao amencer regresaban ás súas casas. Estas "bandas da morte" só actuaban na escuridade.

Día a día mamá íase debilitando; aquel obrigado encerro e a constante tensión nerviosa, tíñana axitada. Como a fin de todo aquilo non se podía nin sequera prever, cumpría pensar en trasladarse a algún outro lado onde puidese gozar dun pouco aire e de sol. O lugar ideal era a casa da tía Fita, irmá de papá, que vivía un pouco retirada nun casal grande con horta murada, onde mamá podía estar sen ser vista. Tomada a decisión, esa mesma noite trasladouse cos meus irmáns, pois acordárase que eu seguiría na casa da avoa para acompañala durante a noite. Encomendábaseme ademais outra misión: posto que eu, pola miña idade e o meu pouco parecido co meu pai, pasaba máis desapercibida, iría diariamente ao cuartel onde estaban detidos os meus tíos levarlles a comida e procurar deste xeito botar algún tempo con eles. Todo este plan non me seducía moito, pero non era momento para elixir, senón para actuar como fose preciso. A partir do día seguinte comecei a executar o que se me encomendara. A media mañá saín da casa da avoa co paquete de provisións camiño do cuartel. Ao chegar á porta, as pernas tremíanme. Achegouse un garda a preguntarme onde me dirixía; eu respondílle que lles levaba a comida aos detidos. Autorizoume a subir. Arriba, nunha habitación común estaban os dous. Sorprendéronse ao verme. Explíqueilles que a partir de entón iría sempre levarlles o almorzo. Non se cansaban de facerme preguntas sobre todo canto quedara fóra daquelas paredes. Como cambiaran os dous en tan pouco tempo! A tía Arxentina, que desde moi nova comezara a encanecer, tiña agora a cabeza case branca e as súas faccións, antes un pouco duras, gozaban de verdadeira dozura. O tío Xesús tamén envellecera sorprendentemente: estaba practicamente nos ósos. Ao saír de alí dirixinme á casa da tía Fita, onde pasei o resto do día ata que, ao chegar a noite, regresei coa avoa. Este foi durante moito tempo o meu itinerario. A medida que pasaban os días fun delongando, a pedimento deles, a miña compañía. Eu era a que lles levaba as novas

da guerra e as novas no proceso que se lle instruía ao meu tío, pois xa sabíamos que aínda que provisionalmente estaba preso alí, a súa causa, xunto coa doutros concelleiros e o alcalde, ía xulgarse na capital, a onde xa foran trasladados os demais. Entre outras cousas, estaban acusados de tentar facer voar o cuartel da Garda Civil, aquel mesmo cuartel onde estaba preso e que era propiedade da súa nai. De acordo coas sentencias que se estaban ditando, el sabía, como o sabíamos todos, que non tiña moitas posibilidades de salvar a vida, por iso día a día o seu estado era máis lamentábel; daba pena velo pasar horas enteiras sentado, inmóbil, cos brazos cruzados e a mirada perdida no baleiro, era un suplicio aquela espera de vida ou morte, e pouco a pouco íao consumindo. Nun afán de poñer a súa esperanza en algo recorría á relixión, quizais por primeira vez, e o Kempis era o único libro que lía cando podía saír daqueles estados de abandono. Marchaba sempre terriblemente deprimida, e durante o resto do día non podía borrar de min a súa imaxe.

Unha mañá ao chegar atopei a tía Arxentina abatida: acababan de levar o tío Xesús para a capital onde máis adiante sería xulgado. A partir de entón as miñas visitas foron moito máis longas; pedín permiso e foi-me outorgado para quedar con ela ata a tarde. Entretiñame ao seu lado tecendo e, cando podía convencela de que lese un pouco, lía eu tamén e incluso ás veces lía en voz alta. Así fun coñecendo gran cantidade de obras de teatro, que eran as que entón máis a distraían, ao tempo que tecía innumerábeis pares de calcetíns, pois aprendera a mover as agullas sen miralas. Noutras ocasións falabamos. Eu evitaba tratar temas presentes e, con frecuencia, levábaa a aqueles paseos polo camiño da escola nos que as dúas nos identificabamos, pero necesariamente habíamos de caer nos problemas do momento.

—Mira que acusarme de comunista polos uniformes das nenas! —diciña, e despois, estrañando a súa escola, preguntaba—: que mestra terán este ano?

—Ao mellor ningunha —respondía eu—. Agora non teñen tempo de preocuparse polo ensino. Non ves o que pasou aquí na vila? O grupo escolar está convertido en cuartel; alí instalaron tropas, e o mesmo ocorreu na Escola de Artes e Oficios que estaba por estrear.

—Tes razón —insistía a tía Arxentina—, esquecíame de que estamos na era de "morra a intelixencia e viva a morte". Todos os nosos sonhos derrubáronse. Foi este un tráxico despertar.

As poucas horas que botaba coa miña nai, na casa da tía Fita, recomfortábanme un pouco. Deitábame na herba, recollía noces verdes ao pé da nogueira ou mollábame no pequeno río que pasaba pola leira, ao que nós lle aumentabamos o caudal momentaneamente obstruíndo o seu curso con pedras. A natureza non tivera máis cambios que os propios da estación. Seguía inmutábel dándonos a súa lección de vida.

Aquela tarde comentábase que Toledo estaba a punto de ser tomada. Pola noite puxemos a radio, pero as novas eran contraditorias. Deitámonos con certo desacougo. Era a primeira vitoria importante que acadaban. Entre sonhos oín tocar as campás. Espelinme e comprobei que estaba no certo. Incorporeime na cama; a miña tía entraba na habitación.

—Oes? —preguntoume— Será verdade que tomaron Toledo? Que irán facer a esta hora?

—Non sei —respondín mentres trataba infrutuosamente de atopar ás escuras algo que poñer nos pés.

Ao cabo desistín e, descalza, dirixinme á ventá. Non me animaba a abrila. Non tardaron en sentirse ruídos de portas e balcóns e voces que comentaban: "Caeu Toledo, caeu Toledo!"

As campás tocaban furiosamente. As xentes baixaban á rúa; oíanse xa pisadas apresuradas, algunhas carreiras. Alguén choqueleaba.

—Agarda, que perdín o zapato! —oíuse unha voz. —Apura, que a xente corre cara á igrexa!.

Os murmurios foron afastándose, só as campás seguían no seu aloucado vaivén. Por fin decidínme a abrir: a rúa estaba deserta, as luces das casas prendidas, portas e fiestras de par en par. Volvín pechar a nosa. A miña tía preguntábase de novo:

—Que irán facer a estas horas?

Así agardamos algún tempo. Comezaron a oírse gritos ao lonxe. Pouco a pouco máis preto, ata que se escoitaron claramente:

—Viva o Exército salvador!

—Viva! —respondían moitas voces.

—Morran os roxos!

—Morran!

—Vivan os heroes do Alcázar!

—Vivaan!

Algunhas voces cantaban o Cara al Sol. Pronto as seguiron moitas máis; de novo os vivas e os morras cada vez máis abafantes. A manifestación ía achegándose máis e máis. De algún balcón lanzaban novos vivas e morras que voceaban os manifestantes. Estaban ao pé da nosa casa, a única da rúa que permanecía ás escuras.

De súpeto alguén berrou:

—Que saian ao balcón!

—Que saian, que saian! —respondían a coro.

Outra voz:

—Que abran a porta eses roxos!

—Que abran, que abran! —respondían moitas outras.

Comecei a sentir un frío intenso. Apeguei os brazos contra o corpo para que me desen unha pouca calor.

Os berros continuaban:

—Que abran, que abran! —Agora, a máis de berrar, tamén boureaban na porta.

Batíanme os dentes sen que eu o puidese remediar. Aqueles golpes, mesturados cos sons dos dentes, abouxábanme os oídos. Os golpes ían en aumento. Resistiría a porta? Escoitouse unha voz:

—Se non abren prenderémoslle lume á casa.

A miña tía e mais eu mirámonos horrorizadas; seguimos alí, inmóbiles, mudas, como petrificadas. Os meus dentes deixaran de bater, só os golpes continuaban cada vez máis abafantes. Non eran mans as que petaban; eran corpos que se deixaban caer contra a porta en furioso afán de abrila. Por fin alguén dixo:

—Sigamos adiante.

Os golpes cederon. Só quedaba o ruído dos pés golpeando con carraxe, pero tamén foi cesando. Comezaron a sentirse de novo himnos e berros e a manifestación seguiu a súa marcha. Ao pouco, a miña tía achegouse a min e dixo:

—Grazas a Deus que marcharon. Déitate agora, que estás atarecida.

Eu respondinlle:

—Si, xa vou —pero seguía alí parada, sen forzas para dar aqueles pasos que me separaban da cama.

Tiven que decidirme, sen embargo, porque as pernas a penas termaban de min. Tapeime ben, pero seguía sentindo frío. Comecei a refregar os pés un contra o outro. Todo era inútil. Intentei pechar os ollos, pero sentíame caer nun enorme baleiro. Abrinos de novo e púxenme a repasar mentalmente os obxectos daquel cuarto, tratando de situalos na escuridade. O tempo non pasaba.

Por fin sentíronse algunhas voces na rúa e portas e ventás que se pechaban. Eran os que regresaban da manifestación. De novo, silencio. Un silencio medoñento. A claridade do día comezou a agromar polas fendas da ventá, deixei de sentir frío. Os ollos pouco a pouco, fóronseme pechando. Durmín.

Don Ventura ía dúas veces por semana á capital visitar os seus dous fillos que estaban presos. Un día atopou só a un deles. Preguntou na dirección e dixéronlle que o outro fóra trasladado.

—A onde? Cando? —insistiu con ansiedade.

—Non sabemos. Aquí no rexistro só consta: "Trasladado por disposición do xefe local do Movemento".

Don Ventura foi de oficina en oficina. Ninguén sabía darlle razón. Pregou, suplicou, buscou influencias. Todo foi inútil. Por fin, alguén lle murmurou:

—Vaia ver o enterrador, ao cemiterio.

Don Ventura creu tolear, pero foi onde lle indicaron.

—En que podo axudalo?

—En verdade non o sei —respondeu timidamente—. Suxeríronme que viñese velo.

—Que lle ocorre?

—Fáltame o meu fillo do cárcere e ninguén sabe darme unha razón.

—Como é o seu fillo, señor?

Don Ventura deulle a descrición e acabou amosándolle unha pequena fotografía. O enterrador estremeceuse:

—Meu pobre. A outra noite viñeron ata aquí uns falanxistas e pedíronme as chaves. Traían consigo catro homes, entre eles estaba o seu fillo. Entraron no cemiterio. A min ordenáronme que non me movese de aquí. Un pouco despois sentín uns disparos. Cando volveron entregarme as chaves estaban sós. Á mañá seguinte atopei terra remexida. Se vostede quere acompañareino ata alí.

Houbo outros moitos que non tardaron en seguir o camiño do fillo de don Ventura. Como case todos os republicanos estaban presos, era nos cárceres onde facían agora as súas recollidas nocturnas os falanxistas. Os cemiterios, os ríos, os foxos foron os depositarios daqueles corpos que foran pais, fillos, irmáns, noivos. Nin sequera se podía poñer loito por eles, estaba terminantemente prohibido; non quedaba máis que choralos en silencio.

Aos poucos días comezarían as clases. Este feito non pertencía xa ao meu mundo actual. Eu quedaba da parte de fóra. Sen embargo, non podía deixar de telo presente. O noso colexio seguía alí e dentro de pouco tempo volvería abrir as súas portas, pero desta vez non sería como todos os anos.

O noso profesor de matemáticas continuaba na fronte, o de francés estaba preso, o de ciencias naturais fuxira a Arxentina porque se dera a feliz coincidencia de que nacera alá e aínda que a algúns, como ao curmán Manolo e ao seu irmán Luis non lles servira de nada, el decidírase a tempo. O profesor de química estaba desterrado noutra vila e outros foron incorporados a filas. Malia todo isto, as miñas compañeiras volverían ás aulas. E Ánxela tamén. Ánxela... Estes días non podía arredala do meu pensamento. Non volvería vela. Cambiara ela tamén? Mellor non pensalo.

Era día de festa relixiosa e a miña tía, sempre atenta aos deberes pia-dosos dos demais, veu espertarme cedo:

—Por que non te vas confesar e comungar? —e engadiu solemne—: Non debemos esquecer a Deus nestes momentos de tribulación.

Erguinme, avieime rapidamente e saín para a igrexa.

Entrei pola porta pequena, onde estaban situados os confesionarios; axeonlleime preto dun deles e tratei de ordenar os meus pensamentos co fin de prepararme para o acto que ía realizar.

Non me era doado concentrarme porque, por ser día de festa, había moita xente entrando e saíndo. Fixen un grande esforzo para atopar a disposición de ánimo axeitada. Pasou un intre. Outras persoas acudían. Insensibelmente eu mirábaas sen poñer nelas demasiada atención; de súpeto, sentínme estremecer. Acababa de entrar, moi uniformado, un falanxista, pero non un falanxista calquera, senón o autor de moitas roldas nocturnas, de moitos tiros de gracia, dos que fachendeaba.

Seguino coa mirada. Achegouse ao confesionario. Axeonllouse uns segundos escasos. Ergueuse. Foi comungar.

Todo o meu ser convulsionou. En canto puiden, erguinme eu tamén e regresei á casa.

Saín para o cuartel como todas as mañás. A tía Arxentina, que me agardaba con ansiedade, abordoume en canto sentiu os meus pasos.

—Por fin chegaches, crin que non podía aturar máis sen ver alguén.

—Por que, ocórreche algo? —preguntei inquedamente.

—Cala, por Deus —engadiu—, esta noite foi horríbel.

—Esta noite?

—Si, non sei a que hora sería porque se me parara o reloxo. Oín berros e erguinme. Achegueime á porta que dá á escaleira; era difícil comprender o que pasaba, pero, evidentemente, no andar de abaixo, estaban a mallar nun home. Deime de conta de que o apertaban para que falase.

Distinguíanse os berros dos gardas que mallaban nel, dos outros, máis agudos, crispantes, nacidos da dor.

—Quen cres que podería ser? —pregunteille.

—Non teño nin idea, pero tal vez algún do monte, porque esta noite saíron algúns gardas de batida.

—E que pasou despois?

—Deixáronse de oír os golpes. Só continuaban aquelas horríbeis queixas. Non podía imaxinar que estarían facendo. Mentres tanto eu retorcíame aquí pechada. Pouco a pouco foise apagando aquela voz como se xa non tivese máis alento. De seguida sentiuse o ruído dun corpo que saltaba pola ventá e que logo saía correndo. Houbo un barullo de voces. Oíronse varios tiros feitos cara a fóra. Todo quedou en silencio ata a madrugada. Aínda me parece que teño aqueles berros espantosos nos meus oídos.

—Seguramente, se houbo disparos, algunha xente saberá o que pasou —díxenlle.

—Nestes tempos non se está moito para indagacións —engadiu a miña tía—. Canto máis se saiba, peor.

Pasei o resto do tempo que me quedaba tratando de distraela para que esquecese o triste episodio da noite.

Conteille que Benigna, a nosa serventa, pedírame que lle aprendese a escribir para poder enviarlle, semanalmente, unha carta ao seu noivo que seguía preso e, como tiña moita facilidade para aprender e poñía toda a súa vontade niso, non había tardar moito en poder darlle unha sorpresa ao mozo.

A tía Arxentina, experimentada na materia, aconselloume sobre o método máis eficaz para lograr os propósitos de Benigna.

Cando deixei á tía Arxentina fun, coma sempre, á casa da tía Fita, a poucos metros de alí. Tamén había nela moito rebumbio. De noite oíronse os disparos e, con grande alarma, comprobaron que a persecución tiña lugar na súa mesma propiedade. Pasaran momentos de moita angustia e incerteza.

Eu, á miña vez, conteilles o episodio do cuartel, co que fomos atando fíos. Había que pensar que serían dous os capturados: un o torturado e o outro, testemuña obrigada do feito, tal vez preferiu morrer dun tiro e por iso fuxiu. Máis tarde confirmáronse as nosas sospeitas por comentarios que nos chegaron.

Desde entón, as batidas ao monte eran cousa habitual. Publicáronse bandos nos que se condenaba a ser pasados polas armas a todos aqueles que lles prestasen axuda ou agochasen xente do monte. O inverno que nos viña enriba e estas medidas terminantes ían facerlles máis penosa a situación.

Había noticias de que, aproveitando a noite, baixaban algúns para conseguir provisións e era entón cando a garda civil trataba de capturalos.

De non ser así, non se animaba a meterse no monte. Con frecuencia armábanse verdadeiros combates; sabedores do que os agardaba, non se deixaban atrapar vivos.

Poucos días despois, lograron sorprenden catro homes e unha muller que lles facía de enlace nunha casa media abandonada onde se refuxiaban. Rodearon a casa con moito alarde de forzas e armamento. Comezou entón unha loita sen acougo. Os de dentro resistíanse encarnizadamente. Os gardas, que xa tiveran algunha baixas, instáronos a entregarse. Non se moveron. Entón regaron todo con gasolina e prendéronlle lume. Os cinco ocupantes pereceron carbonizados e a casa ardeu ata os alicerces.

Que se facía entrementes na vila? As señoras e señoritas de dereitas xuntábanse para tecer prendas de abrigo destinadas á fronte. Cosían tamén capotes, uniformes e incluso roupa interior. As mozas escribíanlles cartas aos soldados en calidade de madriñas de guerra. Rivalizaban en número de afillados. Cando chegaban oficiais con permiso rifábanos e facían obxecto de grandes atencións a aqueles que, por algunha ferida recibida, viñan á casa repoñerse. Outros non regresarían nunca, pero tampouco había que chorar por eles, pois era unha honra dar a vida pola Patria. A palabra Patria derivou o seu significado.

Os nenos, desde a súa primeira idade, organizáronse en agrupacións infantís de Falanxe con mandos e xerarquías e denominábaselles "balillas". Usaban o uniforme permanentemente, tanto nos desfiles como para ir á escola. Estes uniformes ían fomentando neles unha prepotencia nada axeitada á súa idade, que exercían sobre todos aqueles que non

eran considerados totalmente adeptos ao novo réxime, incluíndo os seus profesores.

Os sacerdotes predicaban a gran cruzada contra o que chamaban as "hordas marxistas". Celebrábanse novenas e rosarios da aurora para obter a axuda divina a favor da Gran Causa. Xentes que endexamais tiveran moito en conta a relixión, sentían espertar de súpeto o afervoramento, ou, polo menos, porfiaban en demostralo. Houbo curas que adoptaron posicións máis activas e lucían, con orgullo, grandes pistolas no cinto.

Foron expulsados do Casino de Cabaleiros todos aqueles socios cun lixeiro matiz republicano. Os comerciantes, de boa ou mala gana, entregaban doazóns en efectivo ou en especie. Implantouse o "prato único" semanal e facíase doazón do importe do outro prato.

Esta era a vida social da vila. As persecucións, os fusilamentos e as outras mortes, quedaban do outro lado. Eran roxos e nin sequera pagaba a pena mencionalos. Pero seguían, entrementes, como á primeira hora.

Moreira foi desterrado. Luís, o irmán do curmán Manolo, apareceu morto preto do cemiterio. Nas aforas da vila queimáronlle a casa a unha familia porque o fillo andaba fuxido e case non tiveron tempo de poñerse a salvo.

Preto de alí, catro falanxistas violaron unha muller diante do home que fora atado previamente. Aquel salón de cine onde José Antonio Primo de Rivera falou meses antes de estoupar a guerra foi declarado Monumento Nacional e, polo tanto, incautado, sen que os seus donos tivesen dereito a ningunha clase de compensación monetaria.

Todos os bens do meu pai, propiedades, cartos, mobles, etc., foron tamén incautados. Na capital seguían os xuízos sumarísimos. Acababa de ser fusilado o médico que operou á miña nai xunto con nove persoas máis. A súa muller regresaba de Burgos de pedirlle clemencia a un xeneral que lle dera a súa palabra. Só puido conseguir que lle fose entregado o cadáver. O sanatorio foilles tamén incautado. Ela e os seus fillos quedaron na indixencia.

A nosa vida era un terríbel desacougo. Non se sabía que novidade nos agardaría ao día seguinte. Por iso, cada hora transcorrida tiña valor de seu. Unha hora de descanso, unha hora de tranquilidade, unha hora de sono, un xantar sen sobresaltos, un pouco sol, un paseo pola horta, un xesto de apoio inesperado, dábannos aínda algunha esperanza.

Abriuse o ancho portal da casa da tía Fita e apareceu a avoa coa súa carga de anos. Era rara aquela visita, por iso era fácil adiviñar que algo importante tiña que dicirnos. A miña nai adiantouse para axudala a subir as escaleiras. Íalle faltando a vista e tropezaba un pouco entre un e outro chanzo. Pasamos ao salonciño. A avoa non quixo sentar na butaca e houbo que traerlle unha cadeira. Acomodámonos todos, para escoltala:

—Miña filliña —dirixiuse a mamá—, hoxe veume ver de novo o capitán; así sen máis preámbulos, díxome: "Eu non sei, nin quero sabelo, onde está a súa nora cos seus fillos, pero teño que advertirle que faría ben marchando da vila". Por que me di vostede iso? —pregunteille—. Hai algunha orde contra ela? "Por agora nada en concreto —respondeume—, pero un escoita cousas, e non quero que despois se queixe de que non a avisei".

A miña nai escoitou todo sen alterarse. Quedou en silencio un intre:

—Avoa —sempre a chamaba así—, vostede cre que eu non pensei moitas veces en marchar? Claro está que si, pero onde podemos ir? Todas as nosas amizades fóra da vila pasaron o seu calvario; os que aínda viven están presos e, se non, teñen tanto medo coma nós; a quen pode un, nestas circunstancias, pedirlle amparo? A ninguén. Ninguén quere comprometerse se non está xa comprometido. Cada un ten abondo coa propia inseguridade e non lle interesa cargar, por riba, coa allea.

A avoa oíaa amoucada. Nela tamén ían deixando pegadas as tormentas, pero loitaba ata o final.

—Que opinas ti, Xoán? —preguntoulle ao home da tía Fita.

—En realidade, de momento non vexo moita solución. Hai que pensar que para saír de aquí fai falla un salvoconducto. Ademais, ir residir a calquera outro sitio, alugar unha casa ou instalarse no hotel, esixiría uns documentos que, de intentar conseguilos agora, axitarían a colmea.

—De todos os xeitos —insistiu a avoa—, hai que buscar algún medio. Se el veu falar-me é que sabe algo máis do que dixo, e non podemos quedar cruzados de brazos agardando o golpe. Pensade con calma niso. Ás veces cando un menos o imaxina aparece a solución. Agora voume porque se fai tarde —e dirixíndose a min engadiu—: acompañame ti, que a noite vense enriba.

Despedímonos e saímos camiño da súa casa. Tiña eu que apurar o meu paso para ir canda ela, a pesar de que ao subir e baixar as beirarrúas

perdía pé. Chegamos á casa e non lle comentou á tía estas novidades, o que lle agradecín moito, pois molestábanme as súas sentenzas, o mesmo que os afectados refráns aos que sempre lles atopaba aplicación. Ceamos e despedínme para deitarme. Sentía a necesidade de estar soa, de darlle rédea solta aos meus propios pensamentos. Apaguei a luz. O leito en que eu durmía era tan grande que podía dar voltas e máis voltas, case tantas como as que estaban dándome a min o que se dixerá aquela tarde. Había que pensar en saír da vila. Tiñamos unha advertencia e non era o primeiro caso en que se desquitaban cos familiares cando non atopaban o interesado. Papá fuxira e a súa fuxida indignounos, por que non vingarse con calquera de nós? Con quen? Coa miña nai? Coa miña irmá? Con todos? A partir dese momento íamos sentirnos coma os saltimbanquis en pleno espectáculo. A corda estaba tensa, e nós andaríamos por ela ata que nos tocase saltar. Eu chegara á corda de rebote, quería agarrarme a algo, pero non atopaba a que. Foi o meu un salto brusco, sen escalas, e aínda me custaba facer pé. Transcorreron só uns cantos meses, pero foron bastantes para transformalo todo na vila. Que quedaba do que eu quería, do que tiña que seguir querendo? A penas algunhas ruínas de cada día; o demais, o substancial, o que de veras lle daba xeito, o auténtico, desaparecera. Agora era igual que case todos os lugares do arredor. Medo, dor, xenreira e morte... E eu, o mesmo ca todos, entraba no círculo, levábanme a el. A partir daquel día fíxose necesario extremar as precaucións para que non se soubese o paradiro de mamá. Fíxéronselles mil recomendacións ás serventas de que non se deixasen sorprender por preguntas capciosas. Eu deixei o meu percorrido habitual e instaleime definitivamente na casa da tía Fita, onde ninguén entraba ou saía se non era de absoluta confianza. Deixamos de baixar á horta, limitándonos a permanecer nos cuartos interiores. Todas estas medidas en verdade non eran moita cousa, pero algo había que facer, ata atopar

algunha posibilidade de abandonar a vila. Falábase diso sen descanso e, quen máis quen menos, daba a súa solución, que case sempre era rexeitada por impracticábel. Chegamos á conclusión de que corríamos un grave risco quedando alí e tamén o tiñamos tentando saír: cal era maior? Imposíbel sabelo, pero xa postos nese transo, e decididos a marchar, era preferíbel, aínda á conta do maior perigo, tratar de fuxir ao estranxeiro. Iso sería o ideal, pero, como logralo? A penas nos animabamos a darlle maior corpo a esa idea. Eran demasiado perigosos os atrancos que había que salvar. Horas de vagar inutilmente dun a outro interrogante: como? Contando con quen? Ese era o nó da cuestión. Había que contar con alguén, con alguén disposto a salvarnos, pero quen podería facelo? Non atopabamos resposta.

Mamá non tiña ningunha confianza en que puidésemos saír todos, desesperaba de conseguir o medio e xa dera en conformarse con que puidesen marchar os meus irmáns que, ao seu parecer, eran os que máis perigo corrían. Isto converteuse para ela na súa constante obsesión, e tantas voltas lle deu que un día creu ter a solución.

—E se lográsemos pasaportes falsos?

—Como pasaportes falsos? —preguntou o tío Xoán.

—Si, home, pasaportes doutras persoas —insistiu. O tío Xoán non acababa de comprender a onde quería ir mamá, por iso insistiu:

—Pero quen podería ser esa xente?

—Eu estou pensando —dixo mamá— en estranxeiros de idade aproximada ás dos rapaces. Se se prestasen, eles estarían salvados.

A face do tío Xoán mudou de tal xeito que era evidente que por fin comprendera a quen se refería mamá. Gardou silencio un momento e dixo:

—Como non se nos ocorreu antes? Claro que no mellor dos casos non vai ser nada fácil, pero polo menos temos un camiño aberto.

As esperanzas inmediatas de mamá radicaban nesta xestión, e o tío Xoán empeñouse en non defraudala. Falou e convenceu as persoas interesadas que, a pesar do risco, deron o seu consentimento e, coas fotos dos meus irmáns, dirixiuse ao consulado máis próximo para obter o visado. Foi aquel un día de proba para todos nós; desde o momento de tomar o ómnibus á mañá, ata aquel no que agardabamos o seu regreso á tarde, fómolo seguindo mentalmente.

—Agora estará por entrar no consulado —dicía un.

—Sospeitará algo o cónsul?

Hai que confiar en que non era a resposta.

—A estas horas xa remataría o trámite.

—Si, seguramente irá xantar a algún lugar pouco concorrido, para non ter ningún encontro inoportuno.

—Se Deus quere —confiaba a tía Fita— todo sairá ben.

As horas pasaron de vagar. O noso nerviosismo ía en aumento a medida que se achegaba a hora do seu regreso.

—Seguramente estará na casa antes das sete — dixo a tía Fita—, esa é a hora de chegada do coche á central. Pero el baixará aquí, na porta da casa.

Eran xa as sete, despois as sete e cinco, as sete e dez, podíamos contar os minutos polos latexos dos nosos corazóns. Por fin, sentíronse ruidos de pasos na escaleira, a porta abriuse, o tío Xoán entrou coa cara demudada. Moi axitado sacou os pasaportes do peto e dixo:

—Agochádeos ben, abaixo agárdanme dous policías que viñeron determe. Afortunadamente tiveron a suficiente serenidade para pedir-lles que me deixasen vir antes mudar a roupa. Agochade os pasaportes fóra da casa, pois é posíbel que vos fagan un rexistro. Non sei se a miña detención ten algo que ver con iso, pero, por se acaso, haberá que deixar durmir o asunto un pouco.

Abrazounos a todos e marchou. A tía Fita deixouse caer nunha cadeira de brazos e tapou a face coas mans. Mamá semellaba a imaxe da desesperanza; aquel golpe imprevisto caía sobre todos nós como unha verdadeira fatalidade.

Volvemos sentar nos mesmos lugares que ocupabamos aquela tarde, mentres agardabamos ansiosos a chegada do tío Xoán. As mans, ata entón ocupadas nerviosamente nalgún labor, caían agora con gran

desalento. Mirabámonos uns aos outros sen que ningún se animase a tomar a iniciativa. A tía Fita choraba en silencio. Por fin mamá recobrouse un pouco e comezou a falar:

—Fita, é preciso pensar no que debemos facer. Creio que nós teremos que saír de aquí esta mesma noite. Xoán temía que puidesen facer un rexistro. No caso de que acerte é necesario que non nos atopen.

A tía Fita ergueu a cabeza que tiña apoiada nun dos brazos da cadeira e, dirixíndose a mamá, preguntoulle con voz ausente:

—Pero a onde iredes?

—A casa das miñas irmás —dixo mamá resolta—. Alí hai sitio de abondo e de momento evitamos o perigo de que nos atopen aquí. Será preciso enviar a Benigna inmediatamente para avisalas, para podermos entrar sen que ninguén se decate. Eu levarei os pasaportes, pero de todos os xeitos non estaría de máis que lles botásemos unha ollada aos libros de Xoán, por se houbese algo que agochar.

A tía Fita comprendeu que cumpría tomar precaucións. Ergueuse ao tempo que secaba as bágoas cun pano enrugado que atopou no peto. Aínda algo atordada, non sabía ben por onde comezar. Os libros do tío Xoán estaban distribuídos en dúas bibliotecas, unha na sala e a outra máis pequena no seu cuarto. Comezaron pola do salón. Cada libro foi revisado a conciencia e cando atopaban algún que ofrecese dúbidas retirábano; así foron sacando, entre outros, La Corona de Azaña, Cousas e Os dous de sempre de Castelao, Ante el Estatuto de Portela Valladares e un libro que trataba da orixe das relixións. Tamén os papeis

que o tío Xoán gardaba no seu escritorio foron revisados. Era un home moi minucioso, gardaba ben arquivados toda clase de recibos e, deste xeito, atopábanse tamén os que en carácter de socio pagara ao Centro Republicano.

Unha vez que se deu por concluída esta operación, non quedaba máis que desfacerse de todo aquilo. Prenderon o lume na cociña e, un a un, foron introducindo aqueles libros, algúns dos cales eu lera por consello da tía Arxentina. Ardían con dificultade, ou ao mellor a tía Fita, impaciente por velos desaparecer, remexía demasiado o lume, o que resultaba contraproducente. Contemplabamos aparvados aquela manobra destrutora como se dela dependese parte da nosa salvación. De vez en cando voaban anacos impalpábeis de papel queimado que se desfacían nas nosas mans ansiosas de eliminar ata o último residuo. Cando aquilo rematou, invadiunos de novo o desacougo; non había outra cousa en que ocupar o tempo que debiamos agardar ata que as rúas, xa solitarias, non ofrecesen riscos para nós.

Xuntamos algunha roupa e fixemos con ela pequenos paquetes que cada un debía levar. Entrementres, regresou Benigna da casa das tías. Mamá, no último momento, decidiu sacar a roupa das camas que nós ocupamos, para evitar calquera detalle que indicase a nosa presenza alí. Por fin, antes da medianoite, saímos cara á casa das tías, dando unha volta para evitar as rúas máis frecuentadas e mellor iluminadas. Tivemos a sorte de non atopar ninguén. As tías deixaran sen pechar a porta de abaixo e puidemos, polo tanto, subir de contado.

De novo na casa grande: a casa das miñas primeiras lembranzas, do salón das visitas cos mobles tapizados cor ouro, das leccións de piano,

das miñas merendas de pan con chocolate, das cantarelas románticas da tía Carmen. Volviamos a ela outra vez, ía ser o noso refuxio. Case nada cambiara. Todo seguía tan puído e brillante coma sempre. Os mobles non acusaban tampouco o paso dos anos. Eu podía lembrar as pequenas deterioracións sufridas: aquela mancha escura nunha das cadeiras do comedor fora dunha cullerada de xarope que lle caera ao meu irmán, a raia que se notaba na mesa fixéraa eu trazando liñas sobre un papel. Isto viña á miña imaxinación mentres estabamos alí sentados no comedor de diario. Os paquetes que trouxeramos quedaran ciscados por riba da mesa. Mamá contáballe con moito detalle ás tías o ocorrido polo serán. Benigna, parada onda a porta, agardaba a que se lle indicase o que debía facer; as tías escoitaban o conto de mamá e de cando en vez interrompíana para facer un comentario. Eu, namentres, fixaba a miña atención nos obxectos da vitrina. Alí estaba o xogo de café que fora do avó: non lembraba que fose usado nunha vez.

Mamá seguía falando e puxen nela a miña atención:

—Será preciso que vós non alteredes para nada os vosos costumes para que ninguén poida sospeitar que estamos aquí; todas as precaucións que tomemos serán poucas. Vin pensando que sería preferíbel que fixésemos a vida no andar de enriba, para estarmos con máis liberdade.

Na parte alta da casa grande había algunhas habitacións que daban a un faiado onde se gardaban cousas que xa non se usaban. Estes cuartos ofrecían para nós maior seguridade, por non estaren en contacto coa rúa.

Dispuxéronse, en efecto, as camas, e a partir daquel día foi non soamente o noso refuxio, senón tamén o das tías.

O máis grande dos cuartos servíanos de dormitorio a mamá, á tía María e a min; durante o día, era comedor e lugar de estar para todos.

Subiron cadeiras e a mesa de braseiro e tróuxose tamén a radio. Viviamos case amoreados alá enriba, mentres o andar de abaixo permanecía practicamente abandonado. Pero aquel amoreamento non nos molestaba en absoluto, pola contra, facíansenos máis distendido o encerro; a constante presenza dos demais aliviaba a tensión. Compartiamos alí o bo e o malo e, á forza de compartilo, aquel cuarto pouco confortábel, sen máis luz que a dunha bufarda, volvera ser o noso fogar.

Vicenta seguía vindo coma nos bos tempos e era ela quen, máis dunha vez, nos traía novidades case sempre desagradábeis que acontecían na vila. Tamén se vía vencida polas penas e os traballos. Matáranlle o fillo e agora era ela a que debía fornecer as necesidades dos que quedaran ao seu cargo.

Á noiteña conectabamos a radio, dándolle sempre pouco volume por maior precaución. Estaba terminantemente prohibido escoitar as emisoras do goberno, así como as estranxeiras, e xa requisaran moitos aparellos. Nós sintonizabamos Madrid e tamén con frecuencia a BBC de Londres. Desde Madrid transmitían a certa hora unha audición en galego; na nosa terra pola contra prohibiran o uso do idioma.

Vicenta viña case sempre un pouco tarde, unhas veces entretíñana as súas ocupacións, outras ía á novena. Sempre chegaba alporizada polas cousas que lle oíra ao predicador:

—Hoxe non lle quedou nada por dicir contra os roxos —exclamaba—, parecía querer fulminar a todos coas súas palabras.

—A culpa tela ti por ir envelenar o sangue —replicáballe a tía Carmen—, eu desde que comezou isto non volvín poñer os pés na igrexa; se quero rezar, rezo na casa. Total, Deus está en todas as partes.

—Si, muller, iso é certo; pero é un costume de sempre e que lle vou facer!

—Hoxe os costumes perderon o seu sentido —insistía a tía Carmen—, como tantas outras cousas. Velaí tes o que son os cambios, tantos anos como lles custou botar os mouros de España, ata o Apóstolo participou, e agora estes volven traelos a loitar contra outros españois.

—Quen nos había dicir que viviríamos para ver tal cousa!

Vicenta, obrigada agora ás meirandes economías, mercaba pan do día anterior e traíao para que llo puxesen a torrar no forno. A tía Carmen ría daquela medida de Vicenta, quen para desculparse dicía que lle sabía máis así.

Un día Vicenta chegou moito máis alterada que de costume. Xa antes de sentar na cadeira que lle ofreceron comezou a laiarse:

—Ai! Se soubésedes o que aconteceu hoxe na vila!

—Que pasou? —preguntamos todos a un tempo.

—Unha tolería, unha tremenda tolería.

—Pero muller, acaba dunha vez que nos tes impacientes.

—Lembrádesvos de Carmen a de Pascua, que o home traballaba de albanel?

—Si —foi a resposta—. Diciase que andaba fuxido, probabelmente no monte.

—Ese, ese mesmo —continuou Vicenta—. Parece ser que o pobre viña ás agachadas á súa casa, de noite. Algunha mala alma debeu sospeitalo e foille co conto aos gardas. A outra noite arrodeáronlle a casa, axexaron polas ventás e por fin déronlle un empurrón á porta, que cedeu. Alí atopárono, descansando un pouco á beira da súa muller, nin tempo tivo de reaccionar. Dous gardas prendérono e levárono sen que ata hoxe se saiba que fin tivo. Pois, non contentos con iso, prendérona a ela tamén, facéndoa cómplice de axudar a un fuxido. Tivo que levar as tres criaturas, unha delas de peito, por non ter a quen deixarllas.

—Que barbaridade! —apurouse a dicir a miña nai.

—Pero non vaiades crer que quedou aí a cousa —continuou Vicenta—. Este amencer eses desalmados fusilárona. Si, así como o oídes, fusilárona sen máis trámite, como para escarmento xeral. Ela, a pobre,

estaba aterrada, choraba e suplicaba de xeonllos, pediulles polos seus fillos, recordoulles que eles tamén os tiñan, pregoulle a Deus a súa axuda. Nada, nada os abrandou. Non houbo para ela misericordia. A rastro sacárona da cela onde quedaban as criaturas enlouquecidas e, uns metros máis alá, matárona.

—Que corazóns negros, que monstros!

—Son peores ca bestas! Que isto poida pasar na vila!

—Así Deus deixe sen fala a quen deu tal orde!

—E esa é a caridade cristiá que tanto pregoan?

—Pero ata onde van chegar, Señor?

Ese tráxico episodio encheu de angustia o ánimo de todos. Ás veces naquel refuxio esquecíamos un pouco o pesadelo que estabamos a vivir. Para que tal non ocorrese, un feito brutal como este viña alertarnos.

Mamá era a máis afectada por aquel terríbel suceso e, ao cabo dun tempo, comezou a falar da necesidade de buscar un medio para marchar. Aquela seguía a ser para ela unha idea fixa, pero atendendo as instrucións do tío Xoán non se animaba de momento a facer uso dos pasaportes, que seguía conservando no seu poder.

Mentres tanto, as novas das fronte non eran nada alentadoras. Enviaran cara a Madrid todos os reforzos dispoñíbeis e, se lograban este obxectivo, podía darse por perdida a guerra. Desbotabamos esta posi-

bilidade, pero ás veces lograba exercer certa influencia sobre nós. A tía Carmen, sen lugar a dúbidas, era de todos a máis optimista e incluso trataba de disfrazar un pouco as novas para alentar aos demais. Nós escoitabámolos igual ca ela, pero deixabámonos enganar pola súa desfigurada interpretación. Era necesario non perder a fe, e a tía Carmen encargábase disto co mesmo empeño que poñía antes en manter a casa libre de morriña. Eran moitas as horas en que, apegada á radio, lle daba voltas ao dial en busca de boas novas. Consequira un mapa de España dun tamaño bastante regular e, con alfinetes, sinalaba as zonas dun e doutro bando. Manexaba os seus alfinetes como antes o plumeiro. Non oíra falar na súa vida da palabra "cota", e as únicas operacións de limpeza de que tiña idea eran as que ela acostumaba facer na casa grande; sen embargo, manexaba estes termos militares como unha perfecta entendida. Aprendeu ducias de nomes de lugares de Castela e, cando alguén se laiaba de que tomaran os franquistas algunha posición importante, esmagábao cuns cantos nomes de aldeas perdidas que tomaran os outros. As veces suscitábanse verdadeiras discusións entre ela e Vicenta que, obrigada polo seu traballo a vivir en contacto con toda clase de xente, aparecía con frecuencia afectada polo que oíra, case sempre nada tranquilizador.

Viña subindo as escaleiras e xa comezaba:

—Estamos perdidíños, dígovos que estamos perdidíños.

—Xa vén esta coas súas lerias —saltaba a tía Carmen—. A ver, que mentiras che contaron hoxe?

E así continuaban as dúas, mentres os demais as escoitabamos sorrindo.

Pero aquela última tarde non chegou tan alporizada como adoitaba. Subiu as escaleiras, sen dicir palabra, tropezando un pouco como se perdesa a súa habitual axilidade. Sentou suspirando e, por fin, dixo:

—Agora si que rematou todo; xa saberedes que tomaron Madrid.

—Esta está tola —dixo a tía Carmen—, pero onde oíches semellante despropósito?

—Dino por todos os sitios, díxoo a radio.

—Pero que radio, muller, se eu acabo de oíla agora?

—Dígoche que si, que o dixo —insistía Vicenta—. Ata teñen preparadas as bombas para celebralo. Non sei que vai ser de nós, Carmen, non sei qué vai ser de nós!

—E se é así, por que non o celebran entón? —respondeu a tía Carmen incrédula.

—Que sei eu, estarán agardando ordes.

—Pois van ter que sentar para non cansar agardando. Están ás portas de Madrid, pero iso non é estar dentro. Tamén ti podes estar á porta da miña casa pero se eu non che deixo entrar, de nada che vale.

—E logo eles ían inventar unha cousa coma esa? Se che digo que o teñen todo preparado para celebralo... —teimaba.

—Para que saibas —volveu insistir tía Carmen—, acabo de escoitar a Miaja hai un anaco e asegura que non pasarán. Eu dígoche tamén o mesmo: non pasarán!

A pesar daquela seguridade manifestada, nós non estabamos nada tranquilos. Ata ese momento foran de éxito en éxito, por que habían parar alí?

Mamá, aínda que permanecía calada, víase cada vez máis impaciente. Aparentemente ocupábase dun labor de tecido, pero de vez en cando soltaba os puntos das agullas, obrigada a desfacelo por equivocarse.

Así, saltando dunha a outra emisora, mantivémonos gran parte da noite. De súpeto alguén dicía: cala! E ficabamos en total silencio para escoitar un presunto ruído na rúa, temendo que se tratase das tan anunciadas bombas.

Esta tensión durou varios días e o noso ánimo respondía sempre ás últimas novas. Escoitabamos varias veces os mesmos partes de guerra, e así a tía Carmen seguiu enriquecendo os seus coñecementos xeográficos. Por fin tivemos unha seguridade: Madrid resistía, polo menos de momento. As bombas quedaban, pois, para mellor ocasión.

Recuperamos a serenidade ante o xiro que ían tomando as cousas. Sen embargo, mamá non abandonaba a súa idea de marchar ao estranxeiro. Aquele vida non podía sosterse indefinidamente e, sobre todo, nós

seguíamos correndo o mesmo perigo, non había que esquecerlo. Aquel fracaso ante Madrid, tíñaos tolos e estaban iniciando novas represalias. Era frecuente que entrasen falanxistas nos cafés e sorprendesen un grupo de persoas ás que lles preguntaban, por separado, de que falaban; en caso de non coincidiren as respostas, levaban aos integrantes e, polo de pronto, dábanlle unha boa malleira. Por iso era de rigor, ao sentarse no café, ter un tema para o caso de ser interrogados.

Un domingo petaron na porta. Non era un hora a que acostumase vir ninguén á casa, así que aquela chamada sorprendeunos. A tía Carmen dixo:

—Irei mirar polo balcón de abaixo.

En efecto, baixou e dirixiuse cara á cociña, abriu o balcón e preguntou:

—Quen chama?

Un rapaz vestido con camisa de falanxista, que estaba arrimado á porta, contestoulle:

—Baixe, que teño que falar con vostede.

A tía Carmen pechou de golpe o balcón e correu a avisarnos:

—É un falanxista que quere algo. Está só, pero pechade ben esta porta por se acaso.

A tía Carmen volveu baixar a escaleira, agora ata a porta da rúa. A nosa serenidade esvaecérase ao conxuro das palabras "é un falanxista". Que podería querer? Con que propósitos viña? Ficamos inmóbiles, cada quen no seu lugar, só as caras amosaban ansiedade.

Pasaron uns minutos e volveron escoitarse os pasos da tía Carmen na escaleira. Notábase que apuraba todo o que podía, quizais máis do que podía. Incapaces de resistir a impaciencia, asomámonos.

—Que quería? —preguntou mamá.

A tía Carmen case non podía falar coa axitación. Por fin dixo:

—Que vaíamos esta e mais eu á Falanxe —e sinalou á tía Luísa.

—Á Falanxe? E a que? —preguntou fóra de si tía Luísa.

—Non mo quixo dicir. Parece que a el só lle deron esa encarga, que fósemos sen falta esta mesma mañá.

—Ah! Eu non vou, eu non vou de ningún xeito —berrou a tía Luísa—. A que teño que ir eu alí?

—Quen sabe, muller? —dixo mamá—. Probabelmente vai ser que sabendo que vos tendes alfaías e moedas de valor, e non destes nada para o Movemento, quederán obrigavos a entregalas.

—Pois eu non vou, que me veñan dicir aquí o que queren —insistía a tía Luísa.

A tía Carmen argumentou:

—Se non imos, virán facer un rexistro e descubrirán que están eles aquí —dixo sinalándonos a nós—. E despois que?

Ninguén se animaba a engadir unha palabra máis. A tía Luísa chorando, chorando, comezou a baixar a modiño as escaleiras ata o piso de abaixo. Ao pouco seguiuna a tía Carmen. Comezamos a oír de vez en cando pequenos ruídos como dun zapato caendo ou unha percha que escorregaba e, máis tarde, unha billa do baño que se abría. Todos seguíamos mudos. Ao pouco pechouse a porta e comezaron a baixar a modo as escaleiras. Asomámonos para velas. Carmen, máis resolta, iniciaba a marcha; atrás, a tía Luísa ía tan abatida que parecía que non ía chegar nunca. As dúas mudaran a roupa e peiteáranse con coidado.

Pechou a porta; volvemos como somnámbulos ao noso lugar. Os labores quedaron abandonados, o nobelo de lá de mamá correu ata o medio da habitación; unhas tesoiras esquecidas na cama, caeron ao chan cun grande estrépito que a todos nos sobresaltou. Mamá agarraba a cara coas mans e arrolábase inconscientemente, sen cambiar nin por un momento de expresión. Transcorreu media hora, media hora de silencio, de tortura en común.

Petaron na porta; movidos como por un resorte, todos nos puxemos de pé. A tía María baixou atropeladamente as escaleiras. Escoitamos voces e, de seguida, a tía María adiantounos:

—É Vicenta.

Subiron as dúas, Vicenta mentres tanto comentaba:

—Veño agora torrar o pan porque está mal a miña nora e á noite non vou poder. —Ao reparar na ausencia das tías preguntou estrañada—: Carmen e Luísa non están?

A miña nai respondeu:

—Chamáronas de Falanxe.

—De Falanxe, dis? —e todos notamos como lle virou a cor da cara.

—Si —volveu dicir a miña nai—. E por que te puxeches tan pálida?

—Non, por nada.

—Paréceme que ti sabes algo, Vicenta.

—E que vou saber eu?

—Ti andas pola rúa e sabes moi pronto as cousas. Algo saberás que fixo que che causase tanta impresión a noticia, e máis valería que o dixeses, porque polo menos non estaríamos aquí imaxinando quen sabe que cousas raras.

—Non, muller, o que eu sei nada terá que ver con iso —dixo sen moita convicción—. É que cando viña para aquí vin pasar o cortador da xastrería, que ía abaneando como se estivese medio bébedo. Estrañou-me porque, que eu saiba, non é amigo desas cousas, e menos de día, e

pensando que ao mellor se puxera mal, achegueime a preguntarlle. O pobre home, que estaba máis morto que vivo, respondeume: "Cale, dona Vicenta, cale; eses bandidos da Falanxe obrigáronme a beber un litro de aceite de rícino". Eu quedei fría, como vos podeades figurar.

Aquela noticia abondaba para acabar de exasperarnos. A tía María choraba e berraba á vez.

—Vállame Deus! Será posíbel que sexan tan covardes?

A miña nai retorcíaa as mans e andaba pola habitación como se estivese présa. Todos perdemos o control. A miña irmá dicía furiosa:

—E nós aquí, sen podermos facer nada!

Vicenta intentaba tranquilizarnos:

—Pero, muller, ao mellor iso que vos contei non ten nada que ver con elas. Nunca se meteron en política, falaban na casa, pero máis nada. Á fin e ao cabo, son unhas vellas; non se atreverán a facerlles mal ningún.

Había que seguir agardando. Non podíamos recorrer a ninguén, todo era inútil, sabíámolo. Só quedaba resignarse, resignarse e agardar.

Por fin soaron varios golpes na porta. Eran golpes descontrolados, furiosos. Sen podernos conter baixamos todos en tropel. Antes de chegar sentimos a voz da tía Carmen:

—Abride, abride! Somos nós!

Varias mans dirixíronse á pechadura, o que atrasou o momento de abrir a porta. A tía Luísa apareceu diante cuberta a cabeza e parte da cara co pano que antes levaba no pescozo. Case non se tiña de pé. Saloucaba entre convulsións. A tía Carmen termaba dela e fíxoala entrar. Reparámos de golpe na tía Carmen. Traía a cabeza completamente rapada. Un oh! de horror foi a nosa primeira reacción.

Entre todos subimos á tía Luísa, que se deixaba levar, atinando só a suxeitar fortemente o pano para que non lle escorregase. A tía Carmen axudábaa como se ela fose allea a todo.

Chegamos ao andar de arriba e deitámos a tía Luísa co seu pano atado á cabeza.

—Deixádeme soa —suplicou.

Sáímos da habitación. Sen saber como, fómonos sentando nas escaleiras. A tía Carmen comezou a contarnos baixiño o acontecido:

—Chegamos alí. Na porta había dous falanxistas con fusís facendo garda. Dixémoslles que nos mandaran chamar. "Suban ao primeiro piso." Polo camiño escoitamos algúns berros de mulleres. Luísa quería dar volta. De seguido saíu un falanxista que nos berrou autoritario: "Veñan por aquí!". Fíxonos entrar nunha habitación e alí atopámonos co que nos agardaba. Sete ou oito mulleres, unhas xa rapadas e outras que estaban rapando á forza. Luísa, ao ver aquilo, parecía que ía tolear. "A min non, a min non!", púxose a berrar. Dous falanxistas agarrárona. Ela, impotente, dicíalles: "Mátenme, mátenme, pero eu non mo deixo cortar!". Arrastrárona ata unha cadeira. Ela defendíase como podía, cos

puños e cos pés. "Mátenme, mátenme!", insistía. Veu un terceiro e comezou a cortar. Ela, suxeita polos brazos, daba golpes coa cabeza, pero inmovilizárona. Esgotada, desfeita, continuaba: "Mátenme, mátenme!" pero non rematou aí a felonía. Despois de rapala, marcáronlle na fronte, con nitrato de prata, unha letras; creo que son UHP. Deixárona por fin alí tirada, cun verdadeiro ataque de nervios. Eles, namentres, burlábanse cruelmente dela. Despois tocoume a vez a min, pero non ía darlles tal gusto. Senteime, moi cómoda, e díxenlles: "Que ben, así vanme aforrar por un tempo o perruqueiro".

A tía Carmen deu por rematado o seu relato. Abraiados polos feitos, non tiñamos nin forzas para maldicir. Só mamá repetía sen acougo:

—Señor, Señor! Como podes permitir tanto escarnio?

Alí quedamos, naquelas escaleiras. Algún tempo despois mamá, como volvendo dun mal soño, dixo:

—É necesario facer algo por ela. Se non se anula o efecto do nitrato é posíbel que despois lle quede o sinal.

—E que se pode facer? —dixo a tía Carmen.

—Non sei, será preciso consultar.

A única persoa amiga que entendía destas cousas era o profesor de química, que estaba desterrado. Pero temendo as consecuencias que podería ter para a tía Luísa, non foi un impedimento. Vicenta encargouse de ver os familiares e, ao pouco, volveu cun número de teléfono ao que

podíamos chamar. Non foi difícil obter a comunicación. El indicounos o necesario para sandarlle a man que, segundo se lle dixo, queimara.

Varios días tardou a tía Luísa en saír do seu grande abatemento. Resultaba inútil todo canto facíamos por reanimala. Polo menos logramos que abandonase a cama, o que ao principio se negaba con obstinación, pero día e noite conservaba posto aquel bendito pano na cabeza. Chegamos á conclusión de que o máis oportuno era non facer ningunha alusión ao ocorrido para non lembrarlle o suplicio.

Agora era mamá a que ía perdendo o control dos nervios; alterábase por calquera cousa, choraba e ría a destempo, de noite tiña pesadelos e ás veces falaba en soños. A todas horas repetía que tiñamos que marchar. "Marchar como sexa, pero marchar". Esta era a súa teima. Parecíame que se seguía alí ía acabar toleando. Unha noite durmía tan axitada que a tía María decidiu espertala. Abriu os ollos asustada intentando orientarse.

—Con que soñabas? —preguntoulle a tía María.

—Soñaba, como cando era pequena, que marchaba para América. Lembras que sempre me impresionaban moito as despedidas no peirao dos que emigraban? Despois soñaba que era eu a que marchaba. Pensar que antes se embarcaba así case sen papeis. Os que estaban comprometidos en quintas, ou os que tiveran algún problema, arranxábano cuns poucos cartos. En cambio agora... Barcos hainos, pero quen nos embarcaría? Quen ía ter interese en axudarnos a nós? E seguíu matinando niso o resto da noite.

Pasaron varios días. Agora mamá enleaba o seu tempo noutras cousas. O estar sentada cosendo ou tecendo xa non a entretiña. Cumprialle moverse e, posto que non había moito por onde, dedicábase a arrombar armarios ou andeis. Sacaba o que alí había, revisábao polo miúdo e volvía colocalo moi ordenado. Así, nestes arranxos, foi corno atopou un atado con papeis e cartas de papá que se sacaran de casa pouco despois de que nós a abandonáramos.

—Mira—díxolle á tía Carmen—, non sabía que estaba isto aquí. —E seguindo o seu costume, dispúxose a repasar os papeis minuciosamente. Había varias cartas que leu con calma. De súpeto berrou:

—Xa está, xa teño a solución.

Fomos onda ela.

—Que solución?

—Esta —dicía ao tempo que amosaba a carta. A tía María leu en voz alta: "Podo considerar que lle debo a vostede a vida, por ese favor que me fixo. Non sei como agradecerllo, pero saiba, polo menos, que me ten á súa disposición para canto se lle ocorra".

Mamá impacientábase.

—Pero aínda non vos decatades? É o cuñado dos da axencia de embarque, que dá as gracias por un favor moi grande. Agora chegou o momento de devolvernolles ese favor.

Por fin comprendemos.

A partir de entón viviu nunha axitación constante. Para ela, o primeiro era dar coa persoa indicada para que fose falar con el. Non era nada doado atopala na familia: uns estaban presos, outros agochados..., e pouco podían facer no noso favor. Dándolle voltas ao asunto, lembrou a Encarna, a irmá do tío Xoán. Ela era decidida e xenerosa e non había dúbida de que levaría a cabo, con éxito, esta xestión.

Desde que nacera nela esta pequena esperanza, mamá parecía outra persoa. Agardou confiada o regreso de Encarna, que non tardou demasiado en estar de volta.

—Boas novas —anticipou desde a escaleira.

—Conta, conta, non te demores nada! —apremouna mamá.

—Ben, pois recibíume moi ben, expúxenlle o voso desexo, que el escoitou coa maior atención, e despois dixo: "se está na miña man logralo, lograreino". Esta foi, en resumo, a visita.

Non conforme con isto, mamá pediulle que o repetise con máis detalles.

Por fin había unha posibilidade, algo real co que contar! Mamá xa o daba por feito e comezou, sen máis, a coser algunha roupa que cría indispensable para a nosa viaxe. As tías temían o seu excesivo optimismo e trataban, por se acaso, non alentarllo demasiado.

Entre tanto os días transcorrían sen que houbera ningunha novidade. A pesar diso, mamá non se deixaba desmoralizar.

—Ten que falar con eles, convencelos —decía—. Quizais estean buscándolle unha solución. Encarna veu apresurada darnos a noticia. Chamáranos os da axencia, querían saber con que documentación contabamos. Ela mencionou os pasaportes preparados para os meus irmáns. "Está ben —dixéronlle—, veremos como arranxamos o da nai e o da outra filla. Probabelmente sairán como emigrantes, e nese caso terán que viaxar a Vigo cando os avisemos".

Mamá non podía máis de ledicia:

—Non o decía eu? Na súa man estaba, e abundaba con que quixese.

Sen embargo aínda era preciso agardar, pero cada día era un día menos. Todo semellaban preparativos naquela habitación. Cortábanse e cosíanse teas que a tía Carmen ofrecía gustosa da súa colección.

—Vistes como é bo gardar? —decía satisfeita—. Mira como agora nos sacan do apuro.

Unha noite soou o teléfono: "Mañá, ás dez, teñen que estar na axencia".

Aínda que xa contabamos con esta viaxe, non tomáramos as medidas precisas. Había que buscar un auto de aluguer que nos levase, pero cumpría pensar moi ben cal podía ser. Era necesario confiar plenamente nun condutor e, por outra parte, non se arriscaría calquera a levarnos. Repe-

tiron un por un os nomes de todos eles e por fin puxéronse de acordo sobre un en particular, que parecía o máis indicado.

Avisada Encarna, que se convertera na nosa providencia, foi falar con el e, tal e como se agardaba, non se negou.

Era aínda de noite cando saímos para Vigo. A vila durmía, naquel momento de tregua. Podía parecerse ese amencer a calquera outro do inverno anterior, cando eu madrugaba para estudar antes de ir á clase, pero dentro de pouco chegarían as leiteiras contando os seus achados macabros en calquera revolta do camiño.

Pronto estaríamos fóra da vila. Despois de tantos días de encerro, aquela viaxe supoñía para min toda unha aventura e gozaba plenamente da paisaxe invernal, quizais un pouco desolada, que nos rodeaba. A penas se vía xente ocupada nos labores do campo, un pouco pola estación e, outro pouco, polas circunstancias.

Parte dese camiño percorríao eu varias veces cando chegaba a época dos exames, lembraba agora riseira as miñas inquiredanzas de entón. Era doado recoñecer moitos daqueles lugares, a pesar de que nesta época amosaban un aspecto totalmente distinto. Quixen comentar algo disto coa miña nai, pero deime conta de que para ela todo contaba só en función da súa finalidade. Comezara a cortar amarras.

Chegamos antes da hora indicada e fíxose longa a espera. Na axencia entregáronlle a mamá un documento no que figuraba o seu nome e o seu apelido de solteira, solicitando permiso para viaxar en compañía da súa filla. Un empregado acompañounos a Emigración. Ninguén

agardaba alí, así que, segundo lle indicaron, a miña nai dirixiuse a unha determinada ventá. Entregou o papel e, ao pouco, veu o xefe para autorizalo. No momento en que se dispoñía a facelo, ergueu a vista cara a mamá e, como querendo lembrar algo, preguntoulle:

—Pero vostede non é... ?—aí detívose.

A miña nai, inmóbil, sen pestanexar, non pronunciou palabra.

—Está ben, está ben —engadiu o xefe facendo un pequeno xesto de complicidade; e, resoltamente, puxo a súa sinatura no papel, entregándollo despois a mamá—. Que teña vostede sorte —dixolle como despedida.

Mamá saíu de alí triunfante, malia o momento difícil que acababa que superar.

Regresamos á axencia, onde nos deron o resto das instrucións. Contaban con que dentro duns días puidésemos embarcar; tiñamos que estar atentos, xa que nos avisarían por teléfono co tempo xusto para trasladarnos ata alí. Era conveniente, tamén, levar pouca equipaxe para non chamar a atención.

Cumpría agardar ata a noite para poder regresar. Mamá, esgotada daquela xornada, durmía coa cabeza pousada no respaldo do asento. Con todo, non apartaba do seu lado a carteira onde gardaba os papeis que ían cambiar a nosa vida.

As tías tiñan a porta da rúa achegada, para maior precaución. Corremos a darlles a boa nova.

Houbo que facer un novo reconto da equipaxe e sacrificar todo aquilo que non fose realmente indispensábel. Na casa só se falaba da nosa viaxe; incluso os partes de guerra pasaran a un segundo termo. Cada vez que soaba o teléfono producíase un sobresalto xeral, pois criamos que xa chegara o momento. Dábanse, nerviosamente, as últimas puntadas; apuntábanse direccións que puidesen sernos útiles; facíanse algunhas encargas. A tía Carmen apareceu con algo na man.

—Toma —dixolle a mamá—, poden sacarte dun apuro.

Eran dúas valiosas pulseiras de brillantes. Foi preciso descoser as ombreiras dun abrigo para agochalas.

E por fin chegou o momento. Estabamos almorzando e quedou todo interrompido. Encarna correu a avisar ao mesmo condutor da vez anterior. Só quedaba despedirse. A miña nai facía tremendos esforzos para permanecer serena. A tía María e a tía Luísa non podían dominar os choros e deambulaban como somnámbulas polos currunchos.

A tía Carmen, en cambio, dicía:

—Non é o momento para choros, marchan polo seu ben, noraboa! Ale, ale! Apurate. Abonda de despedidas —e empuurrábanos con enerxía escaleiras abaixo.

Estaba o coche na porta. Por ser de día, era perigoso chegar ata el; pero non había máis remedio que arriscarse. Encarna, desde fóra, fixo sinais de que podíamos pasar. Felizmente, a hora de comer retería á xente na súa casa.

Así deixamos a vila: sen mirala. Pensando só en chegar, sen virarmos cara atrás a cabeza.

Na axencia esperábannos. Avisáronnos das preguntas que nos habían formular e sobre o que debíamos responder. A partir daquel momento os meus irmáns non terían máis contactos con nós. Cumpríanos actuar con desenvoltura e non cometer ningún erro que puidese ser fatal. En dous coches distintos saímos para a aduana. Encarna acompañaríanos a mamá e mais a min. Foi un trámite vagaroso.

Case anoitecía cando nos mandaron subir á lancha que nos conduciría ata o buque. Despedímonos de Encarna; era o derradeiro lazo familiar e era duro desprenderse del. Os meus irmáns pasaron polo seu lado sen mirala.

O barco estaba ancorado na ría. Era un pequeno cargueiro inglés, que accidentalmente ía ternos por pasaxeiros. Subimos e instaláronnos na cámara que facía as veces de comedor. O capitán estaba ausente.

Toda a tensión da xornada venceunos de súpeto. Estabamos alí anicados, empequenecidos, sen forzas para nada máis. Por fin chegou o capitán e ordenou que nos instalasen nos camarotes que previamente foron desaloxados polos seus habituais ocupantes, dous oficiais.

Aínda non amencera cando se sentiron as manobras necesarias dun barco que vai partir. Erguinme apresurada e abrín un ollo de boi. En efecto, xa levara a áncora. Insensibelmente comezabamos a afastarnos. A cidade, coas súas luces, ía facéndose máis pequena. De súpeto, non fun quen de aturar máis e rompín a chorar desesperadamente. Mamá achegouse a min. Á vez que me abrazaba moi forte, díxome con voz emocionada:

—Parviña, non marchamos para sempre. Agora o noso camiño é este que emprendemos hoxe, pero cando a tolería pase volveremos. A nosa esperanza está agora lonxe. Ten ánimo. Ninguén pode quitarche todo o que quixeches, algún día reencontraralo.

Non me movín da liteira ata que chegamos, ao día seguinte, a Lisboa. O capitán, un escocés paternal, morría por facernos grata a travesía e insistiu en que subísemos á cuberta.

Atracamos e, de seguido, dous carabineiros fixéronse cargo da custodia do barco. Un deles achegouse a nós, interesado por coñecer "como quedaran por alá as cousas". Mamá, ansiosa por desafogar, relatoulle todo ao detalle.

Eu mirábaa sorprendida e inqueda, sen acertar co medio de facerlle comprender a súa imprudencia. Por fin, nun momento de distracción do carabineiro, puiden insinuarlle algo. Comprendeulle e decidiu baixar á cabina.

—Pero, mamá, e se se lle ocorre denunciarnos? Non estaremos seguros ata que saíamos de aquí, aínda poden facernos desembarcar e entregarnos. Non sabes que Portugal está con eles?

—Tes razón, tes razón, deíxeime levar como unha parva —foi a súa resposta.

Ao caer a noite saímos de novo. Esta vez non tocariamos ningún outro porto ata Marsella. Aquela era a nosa meta inmediata. Agora si: podíamos sentirnos seguros. Todo o bo e todo o malo quedaba atrás. Agardábanos unha nova vida. Unha nova vida e unha nova espera.

Terceiro tempo

Había poucas horas que desembarcara en Bilbao. Estaba nevando e dirixíame xa á estación para tomar o tren. Era día de Nadal e con seguridade viaxaría pouca xente. A ninguén lle gusta trasladarse dun lugar a outro nunha data así. Había exactamente oito anos chegaba a Marsella.

O tren saíu puntual cara ao seu destino, pero eu non faría nel todo o percorrido. Descendería en Valladolid e horas máis tarde tomaría outro que me levaría directamente á vila. Tiña un día completo por diante, un día completo para lembrar. Que ocorrera naqueles oito anos?

Primeiro, Marsella, onde nos esperaba o meu pai.

—Veñen vostedes refuxiados da zona de Franco?

—Vimos.

—Pasen sen máis trámite.

O empregado da aduana púxolle o seu selo á equipaxe sen tocala.

Despois a cidade co seu trafego, os letreiros luminosos que se apagaban e acendían intermitentemente, os grandes rotativos que publicaban as noticias da nosa guerra. O ir e vir sen temor.

—Vouvos facer probar a bullabaise, veredes que saborosa é.

Á noite o tren, e xa en París. En Neuilly unha casa amoblada, igual que a do lado e que a do piso de abaixo e que a de arriba.

No de abaixo vivía unha familia española tamén refuxiada.

Agora xa non eramos "roxos", eramos refuxiados. As dúas familias fixemos amizade. Eles tiñan unha filla da miña idade, Charito, na que atopei un pouco a Ánxela.

A miña nai non quería entenderse coa nova moeda e eu fun a encargada da administración. Papá entregábame cartos para a semana. Eu debía estiralos e sacar para ir ao cine cos meus irmáns.

—Acabouse a manteiga.

—Mañá mercarase, hoxe pechouse o presuposto do día.

Charito e mais eu dabamos grandes paseos. Ao principio aquela cidade inmensa, sen mar, asfixiábame; despois funme afacendo a ela. O bosque primeiro, as grandes tendas despois, foron os nosos obxectivos. Gustábame curiosealo todo, aínda que non mercásemos nada. Ás veces traíamos un gran frasco de marmelada de amorodos, cando a semana resultara ben administrada.

—Que ben ule, quedo a comer!

—Parcévos que xuntemos as ceas?

Os mesmos pratos, as mesmas cadeiras arriba e abaixo.

Despois Charito marchou. Ao seu pai nomeárono agregado ao consulado na Arxentina. Ela fíxose a permanente. A min tamén me gustaría, pero ela marchaba para América. Tan lonxe! Que mágoa!

Eu sentínme soa. Papá organizou excursións dominicais aos museos. Preparabamos sándwichs de tortilla para xantar ao mediodía no xardín entre a visita a unha e outra sala. Alternabamos. Diana cazadora —sándwich de tortilla— Gioconda. Quedabamos ata que cerraban.

Percorremos todos os museos, todos os xardíns, todos os lugares históricos, papá non perdoou ningún.

Ás veces tamén iamos ao café e reuniámonos con outros refuxiados para comentar a marcha da guerra.

Papá decidiu levar a mamá a Valencia. A nós non quería expoñernos aos bombardeos.

Solicitou unha bolsa para algún Liceo mediante a embaixada.

Foinos outorgada, pero como comezaban as vacacións de inverno mandáronnos entrementes á Cidade Universitaria.

Adeus casa de Neuilly cos seus mobles Luís XIV e os seus pratos Luís XVI.

Eramos un grupo de oito ou dez en iguais circunstancias. Dúas rapazas valencianas e catro ou cinco rapaces de distintos lugares. A Casa de España, dentro da Cidade Universitaria, non admitía mulleres. Nós as catro durmiamos nun hotel próximo e faciamos a vida dentro da cidade.

Erguíámonos tarde para aforrarmos o almorzo.

—Queres que repartamos un prato de patacas fritidas que é moi abundante?

—E se comésemos ovos con arroz, que é barato e con iso xa nos chega?

A noite iamos todo o grupo ao café, a gastarmos as economías do día. Despois acompañáбannos ata o hotel.

Acabaron as vacacións. Todos ao Liceo. Nós as catro a Orleáns.

—Sodes refuxiadas?

—Somos.

—A miña familia faise responsábel ante a directora para levarvos todos os domingos á casa. Nós somos socialistas.

Uniforme azul, sombreiro de palla con cinta azul, paseos os xoves, en ringleira de dous a catro.

Sete horas de clase. Tres de estudo. De novo Luís XIV e Luís XVI, pero agora baixo outro aspecto.

Hora de erguerse, 6,30. Deitarse, 8,30. Despois comezaba a vida nocturna. Cada cal sacaba a súa lanterna e lía ata medianoite, ou reuniámonos para fumar ou comer lambetadas que conseguíamos a través das externas.

—Quen quere máis alcachofas? Quen me dá a súa marmelada de grosellas? *Madame a Directrice* pasa, elegante, distinguida. Acompañaa a celadora principal, gorda maliciosa.

Les petites espagnoles, para as alumnas.

Ces saltes goces, para a profesora de ximnasia que era *Crois de feu*.

Para as pequenas españolas doces e flores no cuarto.

Quen as trae? Non se sabe. Unha alumna descoñecida.

Festas de Jeanne d'Arc, soas no Liceo. Silencio nos cuartos. Silencio no comedor. As alumnas foron aos seus fogares aproveitando as vacacións. Case todas viven en París.

Desde Valencia a miña nai escribe: "Estou contenta de que esteades aí libres dos bombardeos. Son espantosos. Todas as noites temos que ir ao refuxio".

Xa se sente o verán. Non tardarán en acabar as clases. As alumnas de último ano están preparando o seu exame final. Levarase a cabo na municipalidade. Fano conxuntamente cos rapaces do outro Liceo. Están emocionadas. É a primeira vez que traballan ao lado deles.

Papá veu buscarnos. Iremos a unha praia botar tres meses. Pero antes un día a París.

14 de xullo. Pola mañá desfile. Que grande exército o francés! Cantos tanques, cantos avións! Se nós tivésemos todo isto gañaríamos a guerra. Pero Francia é neutral.

Francia si, pero Hitler e Mussolini non, por iso todas as noites bombardean Valencia.

Música, bailes, algarabía xeral.

Os reis de Inglaterra visitan a exposición internacional.

Calor, sede, cansazo, xentío por todas as partes, pó que se remove cos pés, que impregna a roupa, que sobe ao nariz.

Tamén España está representada na exposición. Un gran cadro de Picasso: Guernica. Alí tamén chegaron os avións. Chegaron e despois, máis nada. Caos, só caos.

Máquinas, instrumentos, ir e vir esgotador.

Luces de cores iluminan o Sena.

Nos barrios a xente baila.

París en pleno divírtese.

A estación está chea de xente que vén á exposición ou regresa dela.

E por fin ao día seguinte, o mar. Outra vez o mar!

Temos unha agradábel casaña, pero todo é agradábel en Guéthary.

Hai moitos refuxiados, case todos bascos.

Mercamos o peixe nos barcos. Hai centolas e polbos moi baratos.

—Que fan con iso?

—Comelo.

—Como se prepara?

E xa deixaron de ser baratos.

Cada día chegan refuxiados de todas as partes. Perdeuse o Norte.

Unha señora amiga espera o seu marido. Todas as noites botamos varias horas na estación agardando a chegada dos últimos trens. Pero el non aparece.

Xa se foi o verán. Agora viviremos en Bordeus.

Retomo os meus estudos e seguimos na Universidade un curso de francés para estranxeiros. Alí coñecemos a Isabel. É catalá e está de lectora na Escola Normal.

Os seus pais están en Barcelona. Son varias irmás e cada unha está nunha poboación distinta exercendo o mesmo cargo que Isabel. O seu pai quixo evitarlles os bombardeos.

Mr. Guillaumie vaticínanos que nunca chegaremos a falar francés á perfección. Non somos perseverantes como os nosos compañeiros de estudos.

Isabel invítanos a un baile da Escola Normal. Mamá cose unha semana enteira os nosos traxes. O meu é vermello, de veludo. O meu primeiro traxe longo!

—E o baile? Como estades de volta ás doce?

—Os rapaces non se animaban a bailar. As rapazas bailaban entre elas. Velaquí estamos. O meu primeiro baile!

A miña irmá empezou a traballar no Consulado. Acoden continuamente a el refuxiados de todas as partes. A fronte de Aragón caeu. Chegan tamén feridos, entre eles unha muller coa columna vertebral rota. Viaxou durante horas coa cabeza suxeita por dúas almofadas.

Viñeron tamén uns rapaces amigos escapados de Galicia. Ao seu pai fusilárono os primeiros días. Convidáronnos a cear. Despois a algunha outra parte. Non coñeciamos nada e metémonos nun cabaré. Chamá-

base "A Casa do Sol". Mulleres bastante gordas e vellas, medias núas. Homes maquillados. Todo resultaba chocante e de mal gusto. Saímos camiñar.

—Afundiron o Canarias! Afundiron o Canarias! —berraban os vendedores dunha edición especial.

Foxen os presos do penal de San Cristóbal. Só dous conseguiron gañar a fronteira. Alí estaba o tío Xesús. Que sorte correría?

Agora os bombardeos multiplicábanse sobre Barcelona. Rúas enteiras destruídas. Pernas, brazos, restos de roupa. Un anaco de espello abandeando nun muro. Todo pertencera a alguén.

Canto tempo se resistiría?

Chamberlain pactaba en Múnic.

Hitler aínda tiña tempo. Podíase seguir ensaiando en España.

Pero xa non foi posíbel máis e cruzaron os Pireneos.

Frío, fame, esgotamento. Mulleres que parían no camiño.

Do outro lado esperaba o campo de concentración.

Allez! Allez!, berraban os senegaleses.

Vento, area, disentería.

A nosa casa encheuse de xente. Colchóns por todos os recunchos. Moreas de pratos para lavar.

A todas as horas chegaba alguén. Así coñecín a Ramón, a través dun espello. Outra mañá tróuxoo papá. Viaxaran xuntos desde París.

—Ti es a máis vella?

—Non! Vese que estás durmido.

—Volverei pola tarde. Estarás na casa?

—Non.

—Entón pola noite.

—Eh! Esperade que vos alcanzo! Onde ides?

—Ao Xardín Botánico.

E tivemos dous días. Despois comezou a guerra. Caras foscas. Uniformes militares. Reparto de area para o caso de bombas incendiarias. Arengas radiais.

Complicacións burocráticas para os estranxeiros.

Despois tres días máis.

—Por que non vés a América con nós?

—Non podo. O meu deber é estar aquí. Esta é tamén a nosa guerra. Nós fomos só as primeiras vítimas.

—Que farás ti?

—O que poida. Non te desanimes. Ten fe.

Só tivemos cinco días. Nada máis que cinco días..., que poucos son cinco días.

E agora ía casar.

—Revisor, poderei conseguir cama no tren que vai a Galicia?

—Neste día si.

O noso barco foi o primeiro que chegou á Arxentina despois de empezar a guerra. Agardábanos moita xente. Case todos os pasaxeiros eran refuxiados. Só uns cantos, arxentinos que apuraban o seu regreso por mor da guerra.

Un diario importante publicou un folletín por entregas sobre a nosa viaxe. Nós tamén iamos ter a nosa aventura americana, pero coa única diferenza de que non viñeramos gañar prata, viñamos só esperar.

As noticias non eran alentadoras. Francia cedía ante o invasor. Non tardou en ser ocupada.

—E Ramón? Que será de Ramón?

Estabamos incomunicados. Meses de cavilacións. De intentar todo para facerlle chegar unha carta. Un amigo que vivía na zona "non ocupada" comunicoume:

—"A carta veu de volta, o sobre dicía: *Renvoiée en Espagne*."

Se estaba en España, por que non escribía?

"Ten fe. Non desalentes."

Por fin logrei saber. O seu destino fora o cárcere de Ávila.

Viaxes ao porto. Peirao norte. Peirao sur.

Os barcos españois seguían viaxando. Por eles podería mandar cartas. Era só cuestión de buscar xente coñecida que as levase. Non ía ser moi difícil.

Rusia entra na guerra. "Os nosos aliados rusos colaboran na tarefa de salvar o mundo da opresión."

Entrementres, actos, conferencias. Había que manter o lume sagrado. A nosa sorte estíbese xogando en Rusia. No deserto africano e onde queira que se librasen batallas pola liberdade dos pobos asoballados. Non había ningunha dúbida. E por fin as boas novas:

Desembarco aliado. París reconquistado.

Praza de Francia ás sete da tarde. Alegría desbordante. Abrazos, bágoas, calor humano.

Allons enfants de la patrie!

Gases lacrimóxenos. Policía.

Allons enfants de la patrie!

A policía atropela.

Le jour de gloire est anivé!

A noite seguiu en vela ata a alba.

Ramón está en liberdade condicional e quere que vaia casar.

A miña nai cose o meu enxoval. Eu tamén terei un enxoval como as outras noivas.

—Se non é o que ti esperabas, volve.

—Parva, non chores, ti vas diante. Pronto te seguiremos nós. A guerra está a punto de acabar e entón cambiarán as cousas en España. Podes estar segura.

Mañá pola mañá espérame Ramón. Mañá chegarei á vila.

Vai un fermoso día de sol. A paisaxe cambiou totalmente, agora o verde invádeo todo. O río aparece e desaparece. Algunhas mulleres lavan a súa roupa nel. Xa queda atrás. Asoman outras novas. Entramos en Galicia. Dentro de pouco atopareime con Ramón que me espera unhas estacións antes. Reconto os meus vultos de man; estou nerviosa, é natural. Cinco anos esperando este momento. Que nos diremos?

O tren avanza sen importarlle nada de min, que viaxo nel. Ás veces queredría apuralo; ás veces detelo, prolongar un pouco máis estes momentos que faltan. É difícil chegar.

De pronto, os cinco anos de espera bórranse. Só os cinco días están aí, agora quero chegar de contado. Si, estou segura. Quero chegar.

O tren está a punto de deterse. Asomo ansiosa á ventá. Aínda non se distinguen claramente as caras dos que esperan na plataforma. Busco entre todos con apresuramento. Por fin o distingo. É el! Tamén está tratando de atoparme.

Chámoo e sobe dun salto ao tren que, neste momento, dá os seus últimos movementos.

Abrazámonos. Mirámonos. Non sabemos que dicirnos e botámonos a rir. Agora todo será máis doado. Ten algo na man que lle estorba e non se lle ocorre que facer.

—Que é ese paquete? —pregúntolle.

—Ah! É para ti.

Agora son eu a que me vexo atada co paquete.

O tren volve arrancar. Sentamos e proseguimos a viaxe xuntos.

—Non puiden ir esperarte porque me denegaron o permiso. Xa sabes que estou en liberdade condicional e teño fixada a residencia nun lugar. Calquera cambio debe serme autorizado.

Naquel momento non lle daba importancia a nada disto. Estabamos por fin xuntos e o demais non contaba. Tiñamos tanto que dicirnos que non sabiamos como empezar. Falabamos a un tempo. Ás veces tamén calabamos a un tempo. Riamos e volviamos mirarnos estraños aínda á nosa presenza.

O tren chegou a vila sen que nos decatásenos. Baixamos a toda présa e dirixímonos, antes de nada, á casa das tías. As tres viñeron correndo ao noso encontro.

—Xa están aí! Xa están aí! —Era a voz da tía Carmen.

Apareceron as tres. Querían abrazarme a un tempo. Eu ía dunha outra para volver empezar outra vez.

—Déixame verte ben —diciá a tía María.

—É igualiña á súa nai cando tiña a mesma idade —aseguraba a tía Carmen.

A tía Luísa non me dicía nada; estaba tan emocionada que non atinaba máis que a bagoar.

A casa grande seguía igual que antes; igual que sempre. Eu vivira todos aqueles anos en moitas casas distintas, con mobles de todos os estilos e tamén de ningún. Agora daba gusto atopar algo que non cambiara.

As tías avisáronme de que na casa da avoa esperaban que me instalase alí. Eu prefería quedar coas tías, pero non era cousa de poñerse a discutir.

A avoa, despois de tantos anos de loitar arreo, fora vencida, aínda que nalgúns momentos fuxidíos xurdiu nela o seu espírito indomábel. Alí atopeina na súa cadeira de brazos, a súa cara fresca e risoña, pero non me lembraba. A súa memoria borrárase e só cando lle mencionaban feitos da súa mocidade, os seus ollos brillaban de novo. Agora gobernaba por completo a tía Pura, que estaba moi ás súas anchas ao parecer.

Volvín ocupar naquela casa a miña antiga habitación, a dos días tráxicos. Nada cambiara desde entón, por iso retornaron á miña memoria os moitos desacougos que vivira alí.

Seguía sendo eu a novidade, a que acababa de chegar. Os parentes convidábanme a cumpridos xantares ou ceas. Había que relatarlles como fora a nosa vida transhumante, e darlles a miña impresión de como atopara a vila. Pero, en realidade, non tivera tempo de atopala. Aínda me consideraba viaxeira e vía máis que nada no sentido das súas dimensións. Polo de agora antollábaseme pequena. Encontrara moitas caras novas, moitos uniformes que, como xa non estaba afeita a eles, me producían lixeiros calafríos. Tería que pasar tempo para saber máis.

Chegou o primeiro domingo. Falabamos sen prisa na casa da avoa. A tía Pura interrompeunos:

—Estades de moita conversa, e non te das conta de que vas perder a última misa.

—Pero eu non vou á misa —díxenlle sen lle dar á cousa máis importancia.

—Que non vas á misa? É que non estás ben?

—Estou perfectamente ben, tía Pura. O que ocorre é que non vou nunca á misa, porque deixei de crer.

—Xesús, Xesús, que despropósito! Pero ti sabes o que dis, rapaza?

—Ao meu parecer, si. Quixen aclarar contigo isto para que non haxa entre nós malos entendidos.

—Pero que barbaridade! Se me custa traballo crer o que che estou oíndo. Isto é o que aprendiches por eses países estranxeiros?

—Non teñen nada que ver coa cousa, eses países estranxeiros como ti dis. Alí a xente non se preocupa se o veciño ten ou non ten relixión e cal é esta en caso de tela. Eu comprendo que ti te sintas defraudada, pero rógoche que non trates de influír en min, porque perdes o tempo. Reza por min se te sentes máis aliviada.

A tía Pura non tivo paciencia para seguir oíndome. Marchou repetindo Xesús, Xesús!

Ánxela veu verme. Casou e vivía fóra da vila. Era unha moza elegante, desenvolta. Alegrouse moito do meu regreso e faloume con entusiasmo da súa vida, bailes, festas, diversións. O seu home era capitán. A min gustaríame que lembrásemos xuntas algo de antes, do colexio, da praia, pero sempre volvía ao seu mundo actual. Sentínme rara ante ela por vez primeira. Noutros tempos tiñamos sempre de que falar, gustábanos estar xuntas. Eu confiaba en que pouco a pouco acabaríamos atopándonos de novo. Para min era moi importante, formaba parte daquilo que necesitaba recuperar.

—Tía Pura, Ramón quere que coñeza as súas irmás. Despois de comer iremos e regresaremos no tren das oito.

—Pero como vas ir soa?

—Non, muller, non che digo que vou ir con Ramón?

—Xa sei que vas con el, pero ao que eu me refiro

é a outra persoa que vos acompañe.

—Que necesidade temos de que ninguén nos acompañe, se nunhas horas estamos de volta?

—Pero é que non comprendes que non está ben que vaiades sós? Que diría a xente?

—Non sei o que dirá, pero non creo que teñamos que pedirilles opinión.

—Ben, pois eu opóñome de todas as maneiras.

—Está ben, nese caso trataremos de compracerte.

Era amolada a situación. A mentalidade da tía Pura non daba para máis. Ela seguía pensando que "os nenos falan cando as galiñas mexan" e que non abondaba con non obrar mal, senón que non había que aparentalo. Decidimos, para non ter problemas, casar canto antes.

—Haberá que ir ao Xulgado para os trámites —díxenlle a Ramón.

—Non, ti non tes necesidade de ir en ningún momento.

—Pero como? Para casar non teño que ir ao Xulgado?

—Non, só tes que asinar un papel, pero podes asinalo aquí na casa.

—Non entendo nin unha palabra. Pero como poden saber alí se a que asinou o papel fun eu e non calquera outra persoa?

—Porque o matrimonio só ten lugar na igrexa. A misión do xuíz consiste en testemuñar que se celebrou o matrimonio relixioso.

—E os que non queren casar pola Igrexa?

—Non hai lugar —respóndeme.

A tía Pura ofreceuse para acompañarnos a falar co cura. Viñan tamén con nós dous mariñeiros dunha vila veciña, tripulantes de barcos de pasaxe que facían a ruta á Arxentina. Estes debían testemuñar que eu non casara naquel país.

O cura pediunos os nosos datos persoais e a data do casamento. Fixo asinar aos dous mariñeiros.

—Teñen vostedes que pagar esta suma —dixo—, pois a partir do primeiro de xaneiro subiu a tarifa.

—Ah, caramba! O mesmo que nos ferrocarrís — exclamou sorprendido un dos mariñeiros.

Eu, sen darme conta, escachei a rir. A tía Pura fulminoume coa ollada.

Había que buscar un cura que nos casase. A miña nai díxerame: "Que non te case o cura da vila, que non ten a conciencia limpa".

Non era tarefa doada substituílo.

Aqueles que nos parecían apropiados, foron negándose un detrás doutro.

Na mesma mañá do día da voda non contabamos con ningún.

Ramón decidiu telefonar un amigo para que o sacase do apuro, e este prometeu traernos un cura. En efecto, unha hora antes da cerimonia apareceu con el. Era o cura dunha aldea medio perdida, afeccionado ao

bo viño, e ao outro tamén. Un bo home, de escasos recursos. A sotana que levaba fora negra nos seus tempos; o colariño, en cambio, era agora desta cor. E as barbas...! Pero pola barba non había que preocuparse, pois aínda había tempo para afeitalas.

A tía Pura sentíase afectada pola deslucida estampa do sacerdote.

Dirixímonos á igrexa. Grande expectación á entrada. A min considerábaseme un pouco americana, ademais era "roxa" e, por riba, non casaba de branco, nin sequera de sombreiro, senón cun minúsculo veo na cabeza.

E comezou a cerimonia. O noso bo cura de aldea, afeito a casar eses fregueses sen moitos requisitos, perdíase na busca de tantos latíns que era preciso lernos. Ademais, alí estaba o cura da vila, moi elegante, facendo acto de presenza e non se podía pasar nada por alto. O pobre suaba como se estivese facendo un exame e o outro, condescendente, apuntáballe un pouco por detrás. Por fin deu por rematada a lectura e cerrou o libro con satisfacción.

—Quere vostede quere vostede a...? Como dixo que se chamaba?

A cerimonia rematara. A tía Pura estaba consternada. Aquilo fora unha boa papeleta.

Feliz xa o noso cura, despois do apuro no que o puxeramos, acompañounos a celebrar o acontecemento. Pero non foi só el o convidado extraoficial; tamén un policía a quen lle encargaran vixiarnos participou dos confeitos.

Quixemos facer a nosa pequena viaxe de vodas, pero a Ramón dene-
gáronlle a autorización para saír de Galicia. Conformámonos pois con
chegar á Coruña, previo visado ao entrarmos e saírmos da "Junta de
Libertad Vigilada", que existía en cada lugar.

Claro que a nosa viaxe non contou con demasiados alicientes, porque
estabamos en Semana Santa e daquela toda clase de espectáculos per-
manecían cerrados, e os bares e confeitaría pechaban a partir das dez.

Instalámonos nunha aldea situada a uns vinte quilómetros da vila, lu-
gar de paso obrigado ao gran balneario de moda.

Comecei a tomar contacto real coa miña nova vida, xa que ata entón
aínda seguía sendo un pouco forasteira.

Ao desembarcar en Bilbao provéranme dunha tarxeta de racionamen-
to. Na vila eu entregárala á tía Pura e non me volvera preocupar. Agora
volvía ao meu poder, xunto coa de Ramón.

Dixéranme as tías: "Cómpreche deixar o racionamento na vila porque
aquí dan máis que na aldea. Cando veñas, lévalo".

Á semana seguinte fun á vila. As tías tiñan separado o que nos corres-
pondía aquela quincena: douscentos gramos de azucre, douscentos de
aceite e trescentos de arroz.

—E que fago eu con estas cantidades? —preguntei.

—Non te queixes, que ás veces nin sequera dan aceite —díxome a tía
Carmen.

—Pero con iso, pódese vivir?

—Claro que non, o resto tes que mercalo de estraperlo.

As tías indicáronme onde podería adquirilo. Subín e baixei escaleiras
de varias casas particulares. Dos lugares máis inverosímiles ían sacando
os comestíbeis e merquei unhas cantas cousas a uns prezos desorbita-
dos. Cheguei escandalizada á casa das tías.

—Como é posíbel que todo o mundo poida mercar alimentos a estes
prezos?

—Que parva es! E ti seica pensas que os merca todo o mundo? Pero
se aínda hai xente que vende o seu propio miserábel racionamento ao
prezo de estraperlo para poder mercar patacas ou pan.

—Queres dicir entón que hai quen non consume azucre e aceite, nun-
ca ou case nunca?

—E claro que hai, ou cres que poden obtelo coas trece ou catorce pe-
setas que gañan diariamente de xornal.

Empezaban a aclarárase moitos misterios. Comprendía xa o por-
qué daquelas cariñas enxoitas apegadas á vidreira do bar contemplando
abobadas os almorzos ou as merendas dos ocasionais clientes.

Comprendía tamén o porqué de que as tías fixeran desaparecer o fermoso xardín que tiñan no terreo do lado da casa grande, famoso polos caraveis que a tía Carmen lle levaba todos os anos a san Roque, e convertérano agora nunha leira de patacas e toda clase de legumes da que elas falaban con orgullo, xa que ao parecer lograban que lles dese ata tres colleitas.

A Segunda Guerra Mundial estaba a punto de rematar, era só cuestión de días, e así foi com o nun feliz do mes de maio se anunciou o cesamento total das operacións. A paz foi proclamada aos catro ventos. As emisoras estranxeiras difundían programas especiais para celebralo. Todo era para eles emoción, alegría, esperanza. E para nós? Para nós tamén tiña que selo. Para nós tamén ían cambiar as cousas. Era un día grande, non había dúbida, e esperarámolo tanto...

Sen embargo non todos os nosos amigos participaban deste entusiasmo. Eles levaban xa case nove anos sometidos e éralles difícil crer en profundos cambios. Por outra parte, o problema da subsistencia era tan importante para a maioría que absorbía todos os seus esforzos. A excepción dos que contaban con grandes recursos económicos, ou os que tiñan subministros do Estado, os que ocupaban cargos sindicais, nomeados naturalmente pola Falanxe, os demais vivían obsesionados pola imposibilidade de adquirir alimentos aos prezos de estraperlo. Falábase continuamente do problema da comida. No café, nas oficinas, entre os profesionais, fóra das horas de clase... Os que menos se preocupaban eran os obreiros ou os modestos empregados, que xa sabían que os seus ingresos non lles permitirían facer máis investimentos que os do racionamento e resignáranse a vivir ou morrer con este único subministro. A xente, polo xeral, traballaba doce ou catorce horas diarias e ás veces

aínda máis. Os empregados adoitaban ter dous postos ou traballaban nas súas casas en labores extra. Os obreiros que vivían nas aforas, se tiñan algunha leiriña, eran máis afortunados e dedicábanlle os seus coitados antes da hora do traballo na vila. As amas de casa non tiñan menos problemas, pois era cousa de meigas administrar os fogares, e había que inventar receitas para substituír ou reducir o consumo de certos alimentos, tratando de adubar convenientemente os demais para sacarlle mellor partido a tan escasa materia prima. Así o azucre era forzosamente desbotado, usándose no seu lugar sacarina; e o sebo no canto do aceite, os máis dos días. Cando se ía de viaxe a unha vila veciña traíase con orgullo un molete de pan branco, equivalente á clásica bandexa de pasteis con que antes se adoitaba agasallar os familiares. Tampouco era cousa de que ninguén se presentase de súpeto a xantar e, se se ía de visita, acostumábase levar algunhas vituallas de reforzo e non ocasionar así molestia ningunha.

Todas estas preocupacións eran as culpábeis de que a xente non puidese poñer a imaxinación noutra cousa. Claro que tamén había pequenos e grandes novos ricos. Xeralmente, estes eran os panadeiros que negociaban a fariña que lles entregaban para o pan do racionamento, os que tiñan relación con Abastos —organismo creado para a distribución de produtos, que se limitaba a esixirlles aos labregos a entrega dos seus aos prezos de taxa—, os que posuían cupos de aceite, por exemplo, para as súas industrias, e todos aqueles que conseguían algún apoio estatal. Estes novos ricos fachendeaban non só dos seus cartos, senón tamén da súa influencia e da súa impunidade.

O verán traía consigo algúns inconvenientes. O xefe do Estado adoitaba viaxar por Galicia e, durante a súa estadía, os que gozaban de liberda-

de condicional eran encarcerados de novo. Por iso había que estar alerta sobre o itinerario e arredarse con tempo para non caer na redada. Non sempre era posíbel eludila. Ramón caeu nela máis dunha vez.

Con frecuencia iamos botar as fins de semana á vila. As tías recibían-nos sempre con agrado. Mesmo chegaron, por procurarnos mellor aco-modo, a sacrificar os mobles da sala, instalando no seu lugar un dormi-torio para nós, no que era a habitación máis ampla. Aqueles mobles da sala tapizados de cor ouro, que xunto co piano foran o meu pesadelo infantil. Vinos marchar con verdadeira satisfacción. Agora era eu dona de abrir de par en par o balcón e deixar que entrase o sol, sen medo. Foi un xesto de verdadeira renuncia por parte da tía Carmen e eu, como tal, estimeillo. Pero non tardou en resarcirse: a partir de entón dedicoulle os seus solícitos coidados ao cuarto de baño daquel lado da casa.

Era cómico observar as súas trafegas naquel cuarto. Dispoñía de dous tipos de utensilios: os de uso diario e os de despois. Cando pola mañá nos iamos bañar, tiñamos que avisala para que cambiase a decoración. E xusto despois de aviarnos, volvía aparecer para transformalo todo de novo. Puía, limpaba e enxugaba sen piedade. Cando por fin quedaba conforme co resultado obtido, facía desaparecer xabóns, toallas, peites, cepillos e colonias e, triunfante, poñía no seu lugar os outros, os de ex-hibir: unha toalla fabricada decenas de anos atrás, cunha felpa que daba a impresión de veludo; un xabón coa mesma antigüidade, que non sei por que milagre gardaba aínda o seu perfume; un cepillo e un peite de prata labrada coas súas iniciais; un frasco grande de extracto francés que con seguridade sacara da súa colección e, para rematar, unha alfombra abraiante. A verdade, daba gusto contemplalo así transformado. Pero o máis divertido do asunto era que unha vez liquidado o arranxo, fechaba

a porta con chave e ninguén ousaba pisar o cuarto ata que de novo eu a avisaba pola mañá.

Aproveitabamos a nosa estadía na vila para ver algúns amigos. Xun-tabámonos nun café que antes se chamara *American Bar* e agora Bar Imperio, debido á prohibición de usar nomes estranxeiros. Se ía bo tem-po sentabamos na terraza, para podermos conversar sen demasiadas precaucións. Era xeralmente o mesmo grupo o que alí se reunía: Eliseo, trasnoitador consecuente; Lamas, un médico que estivera varios anos preso en San Cristóbal e que agora se instalara na vila "por cambiar de aires", home moi culto e intelixente e de grandes valores humanos; o meu tío o boticario, que xa non podía seguir recomendándolles aos seus clientes "boas costeletas e bos flans" e, polo tanto, limitábase a vender sacarina e anís para as castañas; don Xesús, aquel don Xesús da casa da Rotonda, ao que eu vía agora tan cambiado, ou quizais non fose así, qui-zais eu seguía conservando ao meu don Xesús de antes e este parecíame un novo personaxe. Don Xesús perdera unha boa parte da súa fortuna. Apremado con multas importantes, vírase na obriga de malvender a súa propiedade de Vista Alegre, coa casa da Rotonda e coa casa de arriba.

—Por que hai na vila tantos militares? —preguntáballes eu.

—Non é só cousa de aquí da vila, en todas as partes acontece o mes-mo. Os estudantes que foron á fronte co grao de alférez e ascenderon, despois, ao acabar a guerra, tiveron opción para quedar como efectivos con só uns meses de paso pola academia. Moitos deles, que se vían xa co mando, un soldo seguro e unha serie de prebendas máis, aceptaron esta solución inmediata que os libraba de volver atoparse cos libros despois de máis de dous anos de abandono. A iso débese que vexas oficiais por

todas as partes. Oficiais e soldados, pois por unhas circunstancias ou por outras, hai algúns pobres desgraciados que levan en filas máis de tres anos sen ser aínda dados de baixa —contestoume Eliseo.

—E aquí na vila terás visto que seguen usando como cuarteis o Grupo Escolar e mais a Escola de Artes e Oficios, á parte doutro local preto do río. E alí están os pobres cheos de piollos e pasando unha fame negra. Eu creo que non os fan ir de manobras porque nin forzas teñen para as camiñadas —opinou don Xesús.

—E logo, onde están as escolas? —preguntei de novo.

—En ningures —dixo Lamas—. É dicir, aí nun local de mala morte pónenlles escola a uns cantos rapaces. Iso é todo. Ninguén se preocupa dos demais. Os máis deles son pobres de pedir. Se vivises na vila comprobarías a cantidade de nenos esfameados que andan a pedir polas portas. O máis curioso é que antes, cando algún meniño mendigaba, as señoras escandalizadas dicían "dádelles pan, non lles deades moedas porque iso é botalos ao vicio". Agora os nenos piden directamente pan, porque teñen fame, e a xente dálles moedas porque é máis económico. Non, se é unha delicia a vida neste país.

—Con todo, as cousas terán que cambiar —opinou Ramón.

—Non sei como —volveu dicir Lamas—. É ben certo que a guerra acabou, pero non vexo que os demais países se preocupen por nós. Teñen os seus propios problemas internos que resolver e éelles doado esquecerse de que aquí foi onde Hitler fixo os seus ensaios, arrasando poboacións enteiras cos seus avións. Grazas a el, Franco gañou a guerra.

Pero todo iso pódese esquecer, como se pode esquecer a axuda que os refuxiados españois lles prestaron aos franceses no maquis e pódense esquecer os moitos que padeceron nos campos de concentración nazis e pódese esquecer a División Azul que mandaron a Rusia. Todo se pode esquecer e paréceme que nós estamos destinados ao esquecemento.

—Non hai que perder a fe —insistiu Ramón—. Se todos eses países loitaron pola liberdade, como van consentir que nós aquí carezamos dela?

—Ogallá, ogallá teñas razón. Pero, a verdade, eu estou empezando a dubidalo.

A miseria na aldea era menos angustiosa que na vila. Era aquela, ata certo punto, unha zona privilexiada. Non resultaba difícil atopar onde gañar un xornal. O subsolo posuía barro branco de primeira calidade e varios empresarios dedicábanse a explotalo. O xornal era, como en todas as partes, insignificante, pero tanto homes coma mulleres contribuían deste modo a mellorar a economía familiar, fornecida, principalmente, polo cultivo da terra. A familia enteira traballaba no campo, vellos, mozos e nenos, de sol a sol, aproveitando as horas de antes ou de despois do barreiro.

Había un cine na aldea. Tres ou catro veces por semana funcionaba se se xuntaba xente; pero a xente, ansiosa de esquecer as fatigas do día e as penurias por pasar, acudía a el de boa gana. Ás veces ocorría que o empresario, que o era á súa vez de dous locais máis en aldeas próximas, organizaba mal as cousas e os rolos da película, que era a mesma para

todos, pasábanse sen a debida orde, pero ninguén se queixaba por estes contratempos.

Regresaban despois ás súas casas en grupos, cantando, a toda voz, os corridos mexicanos que estaban de moda. Ramón, ao escoitalos, dicíame:

—Fíxaste como se van perdendo as nosas cousas? Antes cantaban alalás...

Non todo era paz na aldea. Ás veces a xente tamén se irritaba.

Os empresarios non querían pagarlles aos obreiros as horas de traballo extraordinario como estaba estipulado e estes, malia as súas queixas reiteradas, non foron escoitados. Por iso decidiron que unha representación levase as súas reclamacións ao sindicato de Falanxe. A Garda Civil, avisada, esperounos no camiño, dándolles unha malleira soberana. Así remataron as reivindicacións sociais dos traballadores do barro. Días despois o asunto era esquecido, utilizándoo soamente os propietarios como arma ao seu favor.

Volver á vila era, para nós, volver ao noso grupo do café. Íase convertendo, non só nun costume, senón nunha verdadeira necesidade e, con impaciencia, agardabamos eses días.

Non buscabamos premeditadamente o tema das nosas conversas. Xurdía sen decatamos.

—Cando viñamos cara a aquí —dicíalle eu a Eliseo— vin o teu sobriño que entraba coa súa nai na casa de Fernández, o médico de meniños.

—Si, A xente é tan irresponsábel que non lembra que ese é médico "pola breve".

—E iso que significa? —preguntei.

—Non sabes o que significa "pola breve"? Pois eu explicareicho: ao rematar a guerra, aos estudantes convalidáronlles os anos da fronte por anos de facultade, e así fixéronse médicos pola breve, avogados pola breve, arquitectos pola breve, etc.

—Pero iso non pode ser! —dixen eu asombrada,

—Que non pode ser? Pois pregúntallelo a eles.

—Os profesores das universidades non opinaron que iso era un despropósito?

—Os profesores bastantes problemas tiñan para subsistir cos seus escasos soldos, así que todo iso de opinar quedoulles algo a "contra man". Ademais non esquezas que, neste país, dáse unha orde arriba e non queda máis que cumprila.

—Pero non hai ninguén que pense pola súa conta?

—Aquí, o que pensa, procura agochar os seus pensamentos ou desvialos.

—E a xente nova? —insistín outra vez.

—De que xente nova estás a falar? Da que tiña dez ou doce anos cando comezou a guerra? Eses só teñen conciencia do estado actual das cousas. Non escoitaron falar máis que de falanxismo a todas horas. Se na súa casa pensaban doutra maneira calaban por temor; pero na rúa e na escola estaba o outro constantemente, meténdolle polos oídos e polos ollos. Como estudantes teñen, ano tras ano, unha materia especial dedicada á aprendizaxe dos discursos de José Antonio, dos "puntos" da Falanxe e outros temas similares. Para entrar na Universidade teñen que afiliarse, obrigatoriamente, ao SEU, que é a rama universitaria de Falanxe. Relixión e falanxismo son os seus compañeiros inseparábeis durante a carreira e cando a rematan, se lograron destacar, está o Opus Dei que os seguiu de preto disposto a intentalo todo por captalos, por asimilalos e non é cousa doada fuxir das súas redes.

Imprevistamente quedaron interrompidas as nosas reunións do café e os nosos paseos trasnoitados polo peirao de ferro. Lamas foi detido, acusado de vender bonos do *Socorro Rojo*.

En realidade, os tales bonos só existían na imaxinación das autoridades e era un pretexto que utilizaban, de tanto en tanto, cando querían deixar ben sentado o seu réxime de temor. Era preciso que ninguén crese que afrouxaban, que non se fixesen ilusións. Eles seguían sendo os donos absolutos da situación e esas detencións sistemáticas levadas a cabo ao mesmo tempo en varias poboacións eran as súas credenciais. Agora tocáralle a Lamas, mañá a calquera outro e non dependía para nada da actividade de ningún pois, en realidade, descoñecía calquera clase de resistencia organizada. Só a xente do monte lles facía fronte,

pero estes, polo xeral, eran grupos de destemidos dispostos a matar ou morrer, e aínda que nalgunhas comarcas fosen quen de meterlles medo aos dirixentes e moi especialmente aos falanxistas, con varios crimes no seu haber, non contaban, de ningún modo, cunha dirección conxunta e ben planificada que fixese do seu labor algo efectivo e transcendental, senón que cada un deles actuaba seguindo a súa intuición e as súas propias posibilidades. Esta detención de Lamas tivo o seu efecto inmediato en todos os demais. Fixémonos máis prudentes. Afastámonos uns dos outros; sentímonos, unha vez máis, os seus monicreques. De acordo co acostumado, a detención de Lamas non foi un caso illado. Tamén na aldea fixo efecto a redada. Trillo, o carpinteiro, outro antigo ocupante de San Cristóbal, foi o afectado. A súa muller, xa afeita a eses contratempos, aprendera a desenvolverse por si mesma e a súa vida continuaba sen alteración.

Ánxela e mais eu viámonos con algunha frecuencia, unhas veces na vila e outras na súa casa de Santiago. Era curioso pensar como os nosos proxectos de adolescentes se cumpriran á inversa: eu nunca desexara viaxar, sen embargo as circunstancias leváronme e trouxéronme continuamente dun lugar a outro. Ela, en cambio, devecendo por coñecer países novos, xente distinta, ancorara alí e vivía unha existencia doada, cómoda, despreocupada. Porfiara eu en atopar nas nosas novas existencia un vínculo que tivese as súas raíces naqueles anos en que compartiamos un anaco de caramelo, unhas moedas para irmos ao cine ou unha reprimenda por unha trasnada escolar, pero era difícil recuperar o que se fora diluíndo no decorrer desas etapas que ambas as dúas atravesáramos. Eu, case sen decatarme, sen que dependese tampouco de min, encontrárame situada do bando dos que foran vencidos sen que tivesen oportunidade de vencer. Vencidos de antemán, sen loita, sen

resistencia, pero non por iso ía mellorar a situación. Por vez primeira sufrín, temín, odiei. Fíxenme adulta de golpe e, como tal, considerei as cousas nos seus diferentes matices. Agromaron en min sentimentos, ideais, camiños. Descubríñ valores novos. Todo un mundo descoñecido abriuse para min. Sufrín e gocei, aprendín a vivir. Estas foron as miñas etapas. As de Ánxela estaban do lado oposto; para ela non houbo guerra, para ela non houbo medo, non houbo incerteza. Ela non perdeu, ela non desesperou, ela non maldixo. A súa vida foi doada, non tivo alternativas. Agasallos, afagos, satisfaccións, pequenas vaidades de filla de familia acomodada. Despois, unha voda lucida cun capitán, tamén de situación florecente, sen problemas de estraperlos nin de racionamentos. Non era doado atoparse. Que podíamos ter en común? Soamente lembranzas, por iso había que aferrarse a elas para conservar o que nos pertencera ás dúas; pero isto de ningún modo podía ser xa un punto de partida, era só un ben común. Cada quen podía tomar del o que quixese; eu, pola miña parte, propoñíame gardalo, ligalo para sempre a min, pero non buscar continuidade. Unha vez máis había que aceptar os feitos, e isto aí estaba demostrándoo.

Entrementres non melloraban as condicións de vida da xente. O estraperlo acabou xa nunha auténtica profesión que, xeralmente, era practicada por mulleres. As viaxes en tren convertéranse nuns verdadeiros xogos malabares. Un chegaba e ocupaba o seu asento, pero se levaba equipaxe dificilmente lograba atopar onde colocalo, aínda que o compartimento estivese case baleiro; había vultos por todas as partes e, en especial, debaixo dos asentos. Antes de chegar a unha estación, presentábase alguén que, sen máis explicacións, comezaba a tirar polas ventás aqueles vultos, que resultaban ser bolsas máis ou menos grandes de café, azucre, fariña ou arroz. Ninguén se inmutaba

por tales movementos. Ás veces presentábase a Garda Civil, facía un rexistro e decomisaba a mercadoría. O dono, que nunca viaxaba con ela, non aparecía e, deste modo, ninguén vira, ninguén sabía. Tanto peor, a próxima partida compensaría a perda actual. E todo o mundo que podía pagalo dependía destas mulleres, que conseguían os seus produtos dos mesmos organismos oficiais ou de intermediarios deles. A Garda Civil, á súa vez, negociaba coa mercadoría apreendida con outras estraperlistas. Todos sacaban a súa parte neste xogo de fame.

As clases sociais estaban cada vez máis divididas. Existían verdadeiras barreiras infranqueábeis, barreiras que cada cal establecía para a súa propia supervivencia. Os obreiros, pola súa parte, renunciaran xa a alimentarse; toda a súa aspiración consistía en enganar o estómago. Un ou varios pratos de fariña cocida en auga, ou de patacas ou de pan de millo e un grolo de augardente, podían servir para o caso. A clase media era a máis complicada e sentíase obrigada a facer toda clase de piruetas co fin de seguir gardando as aparencias, aínda á conta dos meirandes sacrificios. Despois estaban os novos ricos, aqueles de "custe o que custe". O seu malgasto non tiña comparación. Casamentos, postas de "largo", comuñóns, daban ocasión para festas apoteósicas. Cada quen agudizaba o enxeño para eclipsar o seu predecesor.

Era moi común a presenza de americanos que, en imponentes "haigas", viñan gozar dunhas vacacións alegres na patria nai, cos seus petos ben acugulados de moeda forte. Os balnearios de moda, os grandes hoteis, as mariscarías famosas, contaban sempre con estes clientes que, o mesmo que os novos ricos nacionais, atopaban todo moi barato, moi confortábel e moi turístico. A cantidade de nenos farrapentos que pe-

lexaban por trasladarlles a equipaxe, era unha nota de cor e falaba moito a favor da cortesía hispana.

A escola da aldea estivo pechada moito tempo.

O mestre que nomearan non se animaba a deixar o seu emprego na cidade por un pagamento máis reducido. Ao final renunciou e chamaron outro. Este é un mestre-agricultor. Como non pode vivir do soldo, traballa unhas leiras para axudarse e, en ocasións, ocupa os alumnos neste mesmo mester, se é que os pais non os precisan nos seus propios labores. Claro que todo isto faise durante as horas destinadas a clase.

Estivo un inspector de paso pola zona e atopou a escola abandonada. Os veciños dixéronlle onde estaba o mestre. O inspector dirixiuse onda el.

—É vostede o mestre do lugar? —preguntoulle ao home que non vestía como un labrego, que cun sacho abría gabias na terra.

—Son —contestou o interrogado.

—Son o inspector. Acabo de pasar pola escola e vira pechada, preguntei e indicáronme onde atopalo. Cre vostede cumprir co seu deber atendendo outras obrigas durante as horas de clase?

—Señor inspector, ademais de mestre son pai de familia e o meu primeiro deber como tal é darlle de comer. Co soldo de mestre non me é posíbel.

O inspector baixou a cabeza pensativo e só engadiu:

—Ben, ben, hai que tratar de compaxinar ambas as cousas.

Non deu parte destas irregularidades e todo continuou como estaba.

Chegou o esperado día da festa na aldea.

Vivíase durante todo o ano pensando nese día. Desde varios meses atrás criábase o año co que ían agasallarse nesa data. Ata as familias máis pobres non se negaban ese gusto, malia non teren con que pagalo. Despois viría un ano enteiro de abstinencia, pero nese momento todo abundaba: o pan trigo, o viño, a carne e mesmo o café augado, descolorido, pero en cantidade. As familias da aldea adiantábanse a convidar os forasteiros a participar da súa mesa no festín. Pola tarde íase á romaría. Había baile no campo próximo á igrexa. Acudía xente dos arredores a divertirse, algúns traían a súa ofrenda ao santo, ou a oblata ao cura, e tamén había quen acompañaba á pobre rapaza que tiña o "meigallo" no corpo, e o cura, que volvera ás prácticas de exorcismos e milagres, era o encargado de sacarllo.

Días máis tarde fomos convidados a outra festa nunha aldea veciña. Era unha festa de mariñeiros. Faláronnos moito nela do predicador que viñera para a celebración. Díciase que era basco. A súa oratoria era sinxela, chegaba a todos, pero o que máis lles sorprendera era que, segundo as súas propias palabras, a relixión non debía ser convertida en xuíz vingador, senón en apoio, en axuda espiritual.

Nunha das nosas curtas viaxes en tren coincidimos cun frade moi fadador que, polo acento, notábase que non era galego. Pensamos que podería ser aquel do que nos falaran. En efecto, máis tarde atopámolo na

casa duns amigos comúns. Soubemos por el que fora desterrado, o mesmo ca outros da súa orde, por non estar de acordo co réxime franquista.

Lamas, por fin, saíu do cárcere. Estaba máis fraco e avellentado. De novo trataría de organizar a súa vida de traballo e estudo. Atopábase xa un pouco canso e amargado.

—É estéril canto facemos —díxonos cando o visitamos—, pero eu pregúntome: é que acaso facemos algo? Ese é o nó da cuestión. Non facemos nada. Sometémonos, simplemente. Encarcérannos, tortúrannos para que confesemos o que eles saben de sobra que non existe, sóltannos cando lles parece e nós volvemos comezar de novo. Comezar que? Unha nova etapa das nosas vidas sen esperanza. Antes confiabamos en que as potencias aliadas cambiarían o noso destino. En que podemos confiar agora?, pregúntome. Xa non contamos, xa ninguén se interesa pola nosa sorte. Lembrades cando era pena de prisión escoitar a radio inglesa, ou de cando obrigaron a sacar dos negocios os nomes franceses ou ingleses? Agora todo iso pasou á historia. Teñen que facerse perdoar moitas cousas, pero quizais eses países dun e doutro lado do océano estean dispostos a perdoalo.

Aconteceu algo na vila. Morreu Moreira. O Moreira que nunca presentara a súa candidatura, pero polo que todos querían votar nas aldeas. A noticia correu de boca en boca. Ao día seguinte sería o enterro. Desde a mañá comezaron a chegar dos arredores mulleres cos seus panos enloitados, homes cos seus traxes de domingo. Nunca se vira tanta xente na vila, nin sequera para as festas de agosto co combate naval. Pero as caras esta vez eran outras, eran caras de dor. Morrera o home que durante tantos anos aliviara os seus males, o que lles dixo unha palabra

boa, o que os sacou de máis dun apuro. Agora perdíano definitivamente. Xa cando o desterraron sufriron a súa ausencia, pero desta vez era para sempre e por iso viñan choralo.

Eran milleiros as almas que se xuntaran pola tarde. A casa de Moreira quedaba un pouco arredada da vila e, ao outro extremo, o cemiterio. De todas as formas levarían o cadaleito a ombros durante todo o camiño. O traxecto a seguir estaba estipulado desde sempre: había que tomar o máis directo. Pero aquel non era un enterro calquera, aquel era o enterro de Moreira, o amigo dos pobres, o rebelde, e había que levalo polas rúas máis céntricas como homenaxe derradeira. A comitiva púxose en marcha. Ao chegar ao lugar onde se bifurca o camiño, o cura, que ía á fronte, tomou pola ruta máis curta; os demais seguiron a máis longa. Interveu a autoridade, pero o cadaleito foi paseado por toda a vila sen que estivese presente o representante da Igrexa.

Foi aquel un xesto de rebeldía que tivo como consecuencia a prisión para varios dos executores, pero, aínda que só fose por unha vez, había que dar fe de que non todo estaba morto.

Un verán que remataba, outro que volvía, algunhas casas máis na vila, dous cines novos, o peirao de ferro abandonado porque as obras do porto así o esixían, unha fábrica que se instalara nos arredores, unha pista ao aire libre para bailes e festas, dous colexios de monxas para señoritas, porque o ensino xa non era mixto. O demais igual, a mesma miseria, os mesmos apuros, os mesmos malabarismos por parte duns, iguais alardes por parte doutros.

É dicir, non todo era igual. Medrara entre a maioría un irónico escepticismo. Xa non crían, xa non esperaban nada. Estaban seguros de que nada ía cambiar, a vida era aquela, boa ou mala e había que tomala tal como viña. Era preciso renunciar ás utopías. Había que resignarse, afacerse, deixarse ir. Pero, individualmente, cada quen quería dar fe das súas posibilidades dentro daquel estado de cousas, quería entregarse a algo que absorbese a súa capacidade mental, que colmase en certa medida as súas ansias, que o fixese sentirse forte, a pesar da súa debilidade; que lle dese ocasión de mandar, xa que ata entón só tivera oportunidade de obedecer; quería ser dono aínda que no seu interior se considerase escravo. E entón xurdiu o afán desmedido de gañar cartos. Todos querían ter a súa oportunidade, lograr os mellores éxitos. Traballábase para triunfar, para destacar entre os outros. Había verdadeira febre de negocios, viaxábase, establecíanse relacións que puidesen ser frutíferas, aínda que procedesen de calquera parte; pasábase sen medo por riba dalgúns escrúpulos anteriores, había que chegar, había que dominar, fose como fose. Os que se demoraban, os que non tiñan esas actitudes, os que non crían que fose esa a súa misión, os que se conformaban coa súa mediocridade, os que aínda esperaban, os que mantiñan a liña do primeiro día, eran uns fracasados, uns inxenuos, no mellor dos casos, uns románticos incurábeis. Porque sen dúbida, tamén había xente así, incluso xente como don Xosé, un pequeno rendista a quen lle queimaran a casa porque o seu fillo andaba fuxido, alá nos primeiros tempos, e xurou non volver saír nunca máis, non ter contacto con ninguén, ata que as cousas cambiasen ou ata o día da súa morte; e así o cumpriu. Viviu once anos sen baixar as escaleiras da súa nova casa, sen falar máis que cos seus parentes; e o destino quixo que morrese un 14 de abril, aniversario daquela República que el soñara e pola que agardou ata o seu derradeiro alento.

Así estaban as cousas, pero como indubidabelmente non todos podían alcanzar aquela meta económica, como non todos podían adormecer ou estimularse con aquel estupefaciente, xurdiu entón algo ao alcance de todos, algo máis doado, máis divertido: o fútbol. Na vila formouse un equipo e arredor del un club. Un club coa súa comisión directiva, a súa sede social, o seu distintivo. Recrutáronse socios en todas as partes, de todas as tendencias, de case todas as clases sociais. Reclamáronse doazóns, habilitouse un campo con todos os requisitos necesarios e comezaron domingo a domingo os partidos que eran aclamados polos espectadores, que resultaron ser afeccionados moi devotos. As alternativas do partido conseguían facelos vibrar con singular emoción, aplaudían, berriban, discutían. No descanso cambiaban opinións, adiantaban resultados, analizaban a capacidade dos xogadores, felicitábanse pola vitoria case lograda. Calquera podía ser o interlocutor ocasional, non importaba xa a súa conducta, nin o seu matiz político anterior, abondaba con que fose un afeccionado de corazón, que se afanase no éxito do equipo. O regreso adoitaba ser triunfal se a sorte se amosara xenerosa, e entón había que celebralo como Deus manda, no bar ou na taberna, reunidos en franca camaradería non importa con quen, por vez primeira, o perseguidor e mais o perseguido.

Pero os leais, os máis comprometidos, os que fixeran do club o seu porqué, seguían ao equipo a todas as partes para alentalo en todas as ocasións. Ás veces desequilibrábase o presuposto familiar, xa de por si mingüado, con estas viaxes e posteriores celebracións, e as restricións multiplicábanse en consecuencia no ambiente do fogar. Todo estaba ben, porque era á maior gloria do club e, xa que logo, da vila que era agora representada por el. Á fin da temporada logrouse alcanzar a máxima aspiración: o equipo saíu vencedor e, entón, pasou a incorporarse á

división superior inmediata. Día de xúbilo na vila. O equipo foi recibido cos meirandes honores, tanto é así que o paso da imaxe da Virxe de Fátima, que daquela era levada dunha a outra cidade, non contou coa lucidez esperada.

Non acababan aquí as inquedanzas de orde futbolística, non todo podía quedar reducido ao ámbito da vila, tamén había que facerlles chegar o estímulo aos grandes equipos, ás glorias nacionais, aínda que ás veces non fosen tan nacionais e, por riba, cabía aínda a posibilidade de gañar unha boa cantidade de cartos. Todo isto prevíano as quinielas de fútbol, patrocinadas polo Estado, que consistían en enviar un impreso cuberto cos posíbeis resultados dos partidos que se xogaban cada domingo. Toda persoa era moi dona de enviar o número de resultados que quixese, xuntando unha cantidade estipulada con cada un; o que máis se aproximase entre todos os que chegaban, era o gañador e obtiña o primeiro premio, aínda que había despois dous ou tres máis. Reuníanse deste modo sumas fabulosas cada semana, e todo daba ocasión para que o tema do fútbol monopolizase as conversas de oficinas e cafés. A primeira metade da semana comentábanse os encontros realizados o domingo anterior e, na outra metade, as posibilidades dos que estaban por realizarse o domingo seguinte. Cada quen sacaba os seus cálculos e, de acordo con eles, ou coas súas preferencias deportivas, ou cos sentimentos do último momento, xogábase unha nova quiniela entre o círculo do café ou do traballo.

A aldea, en cambio, ficaba allea a estes entretementos. A xente tiña abondo con coidar das súas colleitas, amasar o seu pan e gañar por riba o xornal. Non había tempo para máis. Así era o seu mundo. A súa escala de valores era tamén distinta. Para eles un fillo era unha axuda futura;

para unha muller soa, un amparo. Posuían un sentido moi equilibrado no tocante á natureza do fogar. E grazas a este concepto familiar de cooperación, podían subsistir. Vivían deste modo sen que os perturbase o de fóra, que para eles non contaba, nin sequera a vertixinosa velocidade dos últimos modelos americanos que ían ou viñan continuamente ao gran balneario, podía distraelos. Nós mesmos sentiámonos alí un pouco illados, librados ás nosas emocións e aos nosos pensamentos. Non era doado compartilos con ninguén. Estaba Iglesias, o antigo mestre que fora cesado, o mesmo que a súa muller, nos primeiros momentos e que botara todos aqueles anos preso no penal de San Cristóbal, pois, cando a evasión, non quixo aproveitar a súa permanencia para pedir o indulto, como fixeran outros que alí quedaron. Por iso debeu cumprir toda a súa condena e agora, acabado de chegar, procuraba sacar para diante a súa familia endebedada durante todo este tempo, traballando máis do que as súas forzas lle permitían. Acudía diariamente ao balneario onde realizaba funcións administrativas e, a pesar da súa idade, facía o percorrido en bicicleta varias veces ao día. El era case o único con quen se podía contar. Os outros, o médico, o do serradoiro, o da explotación de arxila, o dono do cine distraían os seus leceres na rebotica xogando á timba e bebendo o viño do boticario, que perdía case sempre e, por tal motivo, a farmacia ía quedando cos andeis baleiros.

Na vila tiñamos a Lamas e aos dous amigos do faladoiro, pero Lamas sentíase cada vez máis decepcionado.

—Este é un país de fuxidos —adoitaba dicirnos—; todos tratan de fuxir como poden da realidade. Uns apampan co fútbol, que é o circo da era actual; outros maréanse coa febre dos negocios. Algúns escriben versos floridos ou historias lendarias ou íllanse de todo e de todos. Cada

un elixe o seu sistema, pero todos conducen ao mesmo fin: non pensar, non ver, non sufrir. Renunciamos, día a día, á esperanza e, a forza de renunciar, a forza de evadirnos, imos incluso esquecendo o desexo de volver vivir, de volver ser. Xa perdemos ata a conciencia do noso estado actual. Non teñades ningunha dúbida: aniquilámonos neste afán noso de fuxida sen remedio.

Tería razón Lamas? Estaríamos renunciando a todo? Esgotaríase xa en nós a fe?

Lembraba eu a miña chegada uns anos atrás e as nosas esperanzas de entón. Elas mantivéranos naquel vivir desprazado; pero se pouco a pouco as perdíamos, que nos había quedar?

Subitamente tomamos a decisión. Era preciso deixar de renunciar, deixar de evadirse na propia Terra. Para iso só había un camiño: volver á nosa condición de exiliados. Sairíamos do noso país para recuperar a esperanza. Había que salvala custase o que custase.

Que había que facer para saír?

Ramón estaba en liberdade condicional.

—Ante todo será preciso pedirlle o seu indulto ao Xefe do Estado — informáronnos.

Pedirlle o indulto ao Xefe do Estado.... Pedir indulto.... Pedir indulto.

Era degradante. Daba noxo.

Ramón tiña diante súa tal documento, líao, volvíao ler, asinaríao?

Pero decidíramos recuperar a esperanza. Daquela para nós a esperanza estaba fóra da Terra, era preciso chegar a ela a través do indulto.

O indulto, a esperanza. Non eran palabras senón camiños.

Ramón asinouo.

Gardou o papel nun sobre con mans torpes e saíu depositalo no correo. Eu acompañeino, percorremos todo o camiño en silencio.

E comezou a espera.

—Trouxo algunha carta o carteiro?

Unha semana, despois dúas. Á cuarta chegaba o indulto.

Pero aquilo era só o primeiro paso.

"En su carácter actual de liberado y para poder pedir el pase de fronteras, es necesario obtener del director de cada una de las prisiones donde ha estado y de todos los presidentes de las Juntas de Libertad Vigilada de los lugares donde residió, un documento que certifique su conducta durante los períodos respectivos".

A través do indulto..., a través de cantas cousas aínda, chegaríamos á esperanza?

Catro cárceres e tres lugares de residencia.

Ramón solicitou o primeiro documento.

Mentres agardabamos por el, Ramón contábame cousas da súa permanencia naquela prisión. O fusilamento de Luís, o de Arenas de San Pedro, polos sucesos de Paracuellos del Jarama. O seu delito fora pasear pola vila montado no cabalo do tenente da Garda Civil durante os primeiros días da guerra, cando tiña dezaseis anos.

Chegou a resposta e Ramón escribiulle ao segundo cárcere. Alí fora onde máis sufrira. Todas as mañás sacábanos descalzos ao patio cuberto de neve a cantar o *Cara al sol*. O xefe devolvíalle ao Estado parte do subsidio que percibía para a manutención dos presos. Cada domingo, cando os reunían para oír misa, caían dous ou tres para non volver erguerse.

—Alguén me dixo que hai orde de detención contra ti, Ramón.

Non, non, agora non.

Cómprenos saír. Queremos volver ter esperanza!

Os gardas civís fan a súa garda á porta do cuartel, que queda preto da casa.

—Como te miraron hoxe? Será certo que existe tal orde?

Vivimos ás escuras. Seica vivimos?

Como podemos sabelo? Temos medo, medo de confiar.

Un día, outro, a garda civil non veu.

Quizais, quizais, aínda fose posíbel.

As semanas, os meses.

Oito meses ao recibir a última resposta.

E xa só faltaba o pase de fronteiras.

—Ti cres que nolo concederán? Era a pregunta constante dos nosos silencios.

Os rapaces da aldea cortaban fiunchos e cascas de laranxa para os maios.

Outra vez maio.

Para nós só ansiedade.

—Foron concedidos os seguintes pases de fronteira...

Hoxe non.

Mañá, quizais mañá.

—Os seguintes pases de fronteira...

Hoxe tampouco.

...Pases de fronteira... Os nosos! Si, si, os nosos, mira!

Outras horas, outras semanas.

De présa, de présa, de présa.

A pasaxe, a equipaxe, as despedidas.

—Desta vez non nos veremos máis —a tía María.

—Pero, dádesvos conta? Abandonar todo de novo —a tía Luísa.

—Se eu non lle tivese medo ao mar... —a tía Carmen.

E os amigos:

—Que sorte tendes.

—Que arriscados!

—E o mellor que podedes facer, envéxovos.

—Abrazos alá a todos.

—Que poidades volver!

E, por fin, o barco. Xa estabamos nel como uns emigrantes máis. Vigo minguaba. O sol xogaba coa ría, a transformación entre matices asombrosos, inesperados.

Alí quedaba a Terra. A nosa Terra! Ata cando? Cando todos recuperemos a esperanza.

Palabras que escribín corenta anos despois

Dezasete anos durou o meu segundo exilio en Bos Aires. Era o primeiro en América de Ramón e dos nosos dous fillos nados na Terra que deron naquel mundo novo, acolledor e case sempre xeneroso. Alí onde tantos galegos, antes e mesmo despois, formarían o seu fogar e, fieis ás súas raíces, lograran crear sociedades que mantiñan vivo o espírito de Galicia. Ramón coñecía o nome de moitas rúas e incluso moitas historias referentes á vida en Bos Aires, á forza de conversar moreas de veces con paisanos que viviran alí. Nós chegabamos cheos de ilusión. Aquí recuperaríamos moitas cousas e sobre todos grandes afectos, porque en Bos Aires quedarán os meus pais e os meus irmáns. É certo que o río da Prata non tiña ningunha semellanza coa nosa ría, co mar de Arousa. Sen embargo, permitíanos seguir mantendo a ilusión. Eu xa non era a adolescente que chegara a aquelas terras cunha saúde precaria, tendo que dedicarlle anos a recuperala. Agora era unha muller disposta a participar, a seguir madurecendo e a colaborar en todas as tarefas que esta nova vida nos había procurar e ás veces impoñer.

Tardamos aínda algún tempo en conseguir unha certa estabilidade económica e paralelamente, e incluso antes, fomos establecendo

contactos e integrándonos nalgúns institucións. Estabamos ansiosos por participar en todo o que representara a cultura galega e en lembrar e homenaxear as vítimas da loucura que se desatara na nosa Terra.

Recuperamos amigos que tamén se viran na necesidade de abandonar os seus fogares e iamos facendo novas amizades. Os nosos fillos, por sorte, poderían estudar nun país que nos permitiría darlles unha educación satisfactoria. Na casa falabámoslles de Galicia e de todo o acontecido. Queríamos que fosen conscientes do que fora a súa Terra, dos avances que se lograran durante a República e das esperanzas de que algún día puidésemos volver.

Os meus estudos oficiais quedaron interrompidos coa sublevación militar, o que limitaba as miñas posibilidades, pero non me acovardei por iso. Non quería ficar sendo ama de casa, así que puxen a miña vontade en marcha e fun facéndolle fronte a diversas actividades: unha pequena industria de cintos, traducións de francés, cortei e cosín roupa, colaborei con Ramón e finalmente fun axente comercial. Que sei eu a de cousas que ocuparon o meu tempo todos eses anos! Traballei moito, pero non me sentín satisfeita. Comprendín que a adversidade me fixera valorar as cousas doutra maneira e sentínme capaz, máis segura de min mesma. Estabamos vivindo entón a vinte quilómetros do centro de Bos Aires. Tiñamos unha casa de planta baixa con xardín e patio. Era un lugar agradábel para recibir amigos e con algúns deles compartiamos afeccións como a lectura e o teatro. Reuníamonos os sábados pola tarde, e no inverno facíámolo á calor da cheminea. Resultaban moi gratas estas reunións que, polo xeral, acababan cunha cea improvisada, ofrecéndose Ramón moitas veces para cociñar.

Pouco a pouco Ramón e mais eu comezamos a interesarnos por escribir teatro galego, ensaialo e representalo nalgún dos centros da colectividade. Ramón, cheo do seu proverbial optimismo, que non o abandonou sequera cando estivo preso no cárcere de Ávila, gozaba de antemán coa idea. Tiñamos entre nós un arxentino fillo de galegos que estaba metido no mundo do teatro, primeiro como actor, despois como director: Roberto Villanueva. Co seu apoio non foi difícil iniciar esta actividade que, pouco a pouco, acabou entusiasmandonos. Saía eu a media tarde, tomaba o tren e despois un colectivo e atopábame con Ramón que me esperaba. Consequimos a colaboración dalgúns amigos e co noso director comezamos os ensaios, que nos absorbían por completo. Co tempo tamén decidu acompañarnos Fernando, o noso fillo. O regreso resultaba duro, xa era tarde e a casa, fría, acusaba a nosa ausencia. Tiñamos que amañarnos para procurar rapidamente a calor necesaria e cear con certo benestar. Foi unha etapa moi creativa, que me proporcionou o estímulo necesario para empezar a escribir. Tiña tantas lembranzas e tantos desexos de contalas!

Ramón non descansaba. Á parte do traballo diario, daba clases de xeografía na Asociación Galega de Universitarios, Escritores e Artistas (AGUEA), impartía conferencias, participaba en diversos actos culturais e escribía a súa primeira novela. A nosa vida daquela era plena. Cando os fillos estaban a punto de rematar o bacharelato, pensamos na posibilidade de trasladarnos ao centro. Queríamos estar máis preto das nosas actividades, evitar os desprazamentos e así aforrar tempo. Foi unha boísima idea que tratamos de poñer en práctica o antes posíbel. Resultounos máis sinxelo do previsto. A venda da casa e a compra da nova foron simultáneas, así que pronto estabamos instalados en pleno centro. Non foi difícil aceptar a perda do xardín.

Celebramos os cincuenta anos de Ramón. Que alegría compartir a celebración cos máis achegados! Laxeiro, o entrañábel amigo, fíxolle un precioso debuxo e todos os asistentes puxeron a súa sinatura arredor, formando unha orla. Foi unha noite moi feliz, desas que quedan gravadas para sempre.

Seguimos ensaiando unha nova obra de teatro, pero agora non supoñía ningún sacrificio. Pola contra, era moi gratificante. Tiñamos a Federación a cincocentos metros e, practicamente, convertérase na nosa segunda casa. Ramón, coas actividades da comisión de cultura, eu co periódico. Tiñamos todo ben planificado, pero de súpeto sorprendéunos unha noticia. Fernando, o noso fillo máis novo, solicitou unha bolsa en Checoslovaquia para estudar a carreira universitaria e concedéronlla. Foi todo un rebumbio emocional. Supoñía nada menos que unha longa separación, a primeira que se ía producir e que non sería a última. El era un rapaz moi cariñoso. Estaba moi unido a nós, pero á vez era moi independente á hora de tomar as súas decisións. Era moita a distancia e moi longa a separación para que non nos sentísemos afectados. Por vez primeira íamos separarnos, vivindo en dous mundos distintos, con ben distintas experiencias. Eu separárame dos meus pais para ir reunirme con Ramón. Agora era o noso fillo quen partía e a súa ausencia resultáranos moi dolorosa. Pero decidimos tragar as lágrimas e animarnos coa ilusión das súas cartas que esperaríamos ansiosamente. E con elas chegaron as súas primeiras fotos na neve. Resultábanos bastante chocante, a nós que pasabamos tanta calor. E así chegou o primeiro Nadal sen el...

Ramón estaba metido de cheo na escrita da súa obra de teatro, por iso decidimos que eu me encargase do seu traballo. Convertínme en axente

comercial e descubrín que me gustaba, que podía obter bos resultados. Foi unha experiencia moi satisfactoria.

A nosa vida esvaraba polas canles establecidas aínda que estrañábamnos o noso fillo. Non tardaría en cumprirse un ano da súa partida e os desexos de volver a Galicia ían en aumento. Ramón preguntábase se non habería que comezar a pensar no regreso. Non era máis que un interrogante en suspenso. Esa decisión resultaba un tanto arriscada, por non dicir desatinada. Tiñamos a nosa vida resolta economicamente e, por suposto, afectivamente. Tiñamos amigos moi entrañábeis e desenvolviamos actividades culturais e políticas. Por outro lado, na nosa Terra as cousas non cambiaran demasiado. Aínda seguían funcionando os Tribunais de Orde Pública, as condenas, a censura, as restricións de todo tipo. Claro que algún día habería que volver pensalo, porque se os nosos fillos seguían medrando fóra da súa Terra, quizais despois sería máis difícil o retorno... Pero, aínda había tempo.

De momento, o que máis me apremaba era estar con Fernando, coñecer por min mesma como se desenvolvía naquelas circunstancias. Así que decidimos preparar a miña viaxe. Botaría uns días en Madrid, bastantes máis en Galicia e tras unha pequena parada en París para resolver a miña entrada en Checoslovaquia, xa que daquela este era un país non permitido para os que levabamos pasaporte español, seguiría a viaxe para ver a Fernando. Ramón, que non abandonaba a súa idea dun regreso máis ou menos próximo, insistía: "Trata de analizar que posibilidades temos".

Sairamos de Galicia había dezasete anos, en plena desesperanza. Nesta Terra atopamos calor humana, solidariedade, bos amigos e con moito

esforzo conseguimos unha situación estábel. Non tiña demasiado sentido meterse na grande aventura do regreso nas circunstancias en que aínda vivía o noso país, e xa non eramos tan novos. De tódalas formas o meu paso por Galicia conmocionábame. Reencontrarme coa familia, recuperar tantas imaxes da miña infancia, contaminadas pola angustia e o horror do que aconteceu despois. Non podía manterme serena, pero tampouco había que esaxerar. Só ía "de paso", como observadora non tiña que comprometer demasiado os meus sentimentos.

O tempo que botei en Madrid foi grato. Familiares de Ramón esperábanme e acolléronme e agasalláronme facendo cálida a miña estadía. Tamén tiven ocasión de establecer contactos con persoas afíns, que compartían os nosos ideais. Por todo iso, deixoume unha boa impresión a miña viaxe a Madrid. Ansiosa por chegar a Galicia púxenme en camiño cara a León, onde debía visitar outros familiares. A mañá seguinte de chegar, e mentres compartía con eles o almorzo, escoitei unha noticia na radio: estaban a falar de Arxentina, onde se producira un novo levantamento militar. Desta vez era Onganía o sublevado e declaraba que estaba disposto a exercer man dura para "remedialo todo". Sentínme enormemente preocupada. Decidín acurtar a miña viaxe e poñerme en contacto telefónico con Ramón en canto chegase a Galicia para coñecer o alcance da nova realidade arxentina e calibrar o que nos podía deparar o futuro. Non imaxinamos este contratempo. Os militares arxentinos non deixaban de dar sustos.

A incomunicación con Ramón rompeu todos os meus esquemas. El consideraba que as expectativas que ofrecía a nova situación eran bastante arriscadas. Cría que posto que eu estaba deste lado do Atlántico era preferíbel que quedase, que el se encargaría de vender a casa, desfa-

cer todo o non transportábel, embalar libros, roupa e cadros e algunha cousa máis. E para asinar esta decisión embarcou a José Ramón, o noso fillo máis vello. Que decisión máis apurada e destemida! O noso pasado, no tocante a bens materiais, diluíase e, no referido aos afectos, proxectos e demais compoñentes deses dezasete anos, fecundos, tamén sufriríamos as consecuencias desa rápida decisión. En conclusión, queimabamos as naves, sen botar a mirada atrás... Unha vez máis. Iso foi o que acordamos nas nosas escasas comunicacións telefónicas. Ramón estaba tan emocionado coa idea de regresar, que todas as perdas parecíanlle asumíbeis.

Propúxenme pasar aqueles días gozando do excelente verán galego, organizando a miña próxima viaxe a Checoslovaquia, sen angustiar-me polo futuro. Tiña tantas ganas de reunirme con Fernando, de saber como discorría a súa vida e como levaba os estudos que eu mesma me asombraba de non sentirme máis inqueda polo noso futuro aínda que, por suposto, intuía que non había ser doado. De momento, aproveitaba as vacacións.

Fernando estaba moi ben. Os resultados do seu primeiro curso de aprendizaxe do checo, incluídas a historia, xeografía e literatura do país, eran óptimos. Xa estaba instalado en Praga, disposto a seguir os estudos por el elixidos. Pero sobre todo sorprendeume moi agradabelmente o moito que madurara, o responsábel que se sentía da súa vida e o ordenado que se volvera. A el agradoulle que decidiramos regresar. Iso permitiríanos velo todos os veráns.

E despois dalgúns paseos que compartimos con dous amigos chilenos, incluída unha divertida viaxe aos Tatra, fermosísimas montañas preto

dos Cárpatos, houbo que ir pensando no regreso: a hora da verdade estaba cada vez máis preto. Fixen a viaxe de volta por Suíza e París.

Ramón chegaba a principios de outubro e tiñamos que decidir o rumbo que tomaríamos. Foinos doado poñernos de acordo: instalariámonos en Madrid. As cousas aínda estaban verdes en Galicia e as dificultades que iamos atopar serían máis penosas. Por suposto continuaríamos inmersos na Terra, pero desgraciadamente nada facía albiscar que no noso país puidésemos resolver as nosas necesidades económicas... Así que Madrid sería o noso refuxio. Entre outras cousas permitiríanos pasar máis desapercibidos porque os tempos aínda non estaban para botar foguetes. É certo que a economía ofrecía mellores perspectivas, pero aínda seguía moita xente no cárcere e a cada tanto había novas detencións con acusación de asociación ilícita, de propaganda ilegal ou de reunións clandestinas. O TOP, o nefasto Tribunal de Orde Pública, non cesaba a súa actividade, seguía funcionando sen descanso e alí podería verse á loitadora Cristina Almeida defendendo aos que caían nas súas mans.

Instalámonos en Madrid. O noso edificio tiña oitenta vivendas, cousa que reunía as súas vantaxes. Os domingos participabamos nas reunións do Club da Unesco, que se celebraban na sala da Cultura Galega. Eramos un variado grupo de diversas tendencias políticas. O inesquecible Reimundo Patiño, o apaixonado Manolo Conde, toledano fantástico que falaba un galego marabilloso e que foi desde o comezo un grande amigo; Bautista Álvarez, Ben-Cho-Shey, Vázquez, algúns integrantes do colectivo Brais Pinto, estudantes universitarios e ata o periodista Alberto Míguez, acudiamos á cita. Tamén nos visitou Carlos Velo nunha curta viaxe desde México. Falábase de literatura, de historia e, naturalmente,

de política. O Club, a pesar de ter sufrido peches temporais ordenados polo goberno, seguía servindo de refuxio aos que pretendíamos, polo menos, manter o contacto. Eran uns domingos moi solidarios. Por suposto non todos compartían os mesmos criterios pero uníanos o amor a Galicia e as ansias de cambiar a súa sorte.

Aquelas reunións, cálidas e esperanzadas, para nós, que acababamos de chegar, eran o alimento espiritual que necesitabamos para ir superando as dificultades que o noso traslado nos procuraba. Aquí en Madrid recuperamos uns grandes amigos, Luís Tobío e mais a súa muller. Eran unha parella entrañábel.

Tiñamos a Fernando moito máis preto. En cambio, José Ramón, despois duns meses decidiu que quería volver a Bos Aires. Aqueles costumes dos sesenta e tantos non eran para el, ademais non estaba disposto a facer a mili. De novo preguntámonos se fora acertado o noso acordo... Afortunadamente, algún tempo despois retomou o camiño do regreso.

Os nosos escasos recursos tornábanse cada vez máis escasos, así que era indispensable atopar un traballo. Unha das primeiras actividades de Ramón foi o ensino. Isto facíao feliz, malia exercer nun colexio privado. Poucas horas e mal remuneradas. Pero axiña puido compaxinalo con algo máis rendíbel, unha ocupación de índole comercial. Eu tamén puiden contribuír a mellorar a nosa máis que medida economía. E así, entre desesperanzas e mediano optimismo, fomos resistindo aquela etapa de inseguridade, de reunións políticas, de manifestacións abortadas, de grises, de protestas e de detencións.

Unha noite a policía presentouse na casa ás catro da mañá e, despois de remexelo todo, especialmente os libros, levaron a Ramón á Porta do Sol. Á mañá seguinte e sen durmir nada fun en busca de noticias. Na porta que baixaba aos calabozos había dúas xitanas que me preguntaron se estaba detido por chourizo ou por “mariposa”. Entón eu descoñecía o sentido de ambos os termos. Xa pola tarde souben que non era o único galego que estaba preso.

Os veráns pasabámoslos sempre en Galicia. Era preciso cargar as pilas, recuperar os valores que para nós significaba a nosa Terra; gozala, vivíndoa en toda a súa plenitude, anímica e materialmente, a través das emocións e dos afectos, a través da realidade e das ansias de cambio da mesma. O propio traballo foinos facilitando as visitas, cada vez máis frecuentes, e incluso co tempo chegamos a ter unha casa alí. E, daquela, Ramón non abandonaba a idea de escribir a súa segunda novela, pero para iso precisaba máis tempo. Suxeríume que deixase o meu traballo, menos rendíbel, e que me encargase do seu, o mesmo que fixeramos anteriormente en Bos Aires. Aceptei sen dubidalo e foi así como me fixen cargo de toda a súa actividade comercial e comecei a adaptala á miña maneira.

Impacientes, porque as cousas non avanzaban ao ritmo desexado, vivíamos un tanto entre sobresaltos. Dez dirixentes de Comisiones Obreras caeran presos e serían xulgados o 20 de decembro de 1973. Esperábanse penas moi duras, pois querían impoñer o seu principio de “xustiza” e coutar a loita da clase obreira, cada día máis patente, pola liberdade. Esa mañá, desde moi cedo, todos os arredores do Palacio de Xustiza estaban tomados pola policía, xa que temían que houbera protestas e adhesións violentas cos presos. De súpeto, a pouco máis de un

quilómetro, escóitase unha potente explosión. Carrero Blanco, xefe de Goberno, voaba co seu coche polo aire. Asombro e tamén preocupación. Como ían reaccionar? Podían acontecer cousas graves. Aínda que as actitudes foron un tanto sinistras, o bispo Tarancón, que formaba parte do solemne enterro, foi insultado e ameazado polas furias ultras. Tarancón mantivo a súa presenza con toda dignidade.

Abríase un novo período. Franco co seu insólito “non hai mal que por ben non veña”, decidiu nomear presidente do Goberno a Carlos Arias Navarro, relegando a outros candidatos máis ultras vencellados ao Movemento. O 12 de febreiro, Arias Navarro pronuncia un discurso alentador e menciona a posibilidade de legalizar algunhas asociacións. O “espírito do 12 de febreiro”, como foi denominado, creou en todos un comezo de esperanza. Pero non tardou en dar marcha atrás, quizais pressionado por Franco que afirmaba que o espírito que había de primar era o do 18 de xullo. O inmovilismo volveu impoñerse. Podíamos sentirnos pesimistas, razóns había: en marzo era executado, mediante garrote vil, un mozo anarquista catalán: Salvador Puig Antich.

Pero chegou o 25 de abril e en Portugal trunfa a Revolución dos Caraveis, que nos encheu de envexa e de ilusión. A xente viaxaba a Lisboa a dar un baño de liberdade e con desexos de contaxio. Todo comezou a moverse. Estudantes, intelectuais, artistas, profesionais, a clase obreira, e mesmo algúns curas novos, identificábanse cada vez máis coa necesidade de cambio. Xa non era cuestión de resignarse, había que avanzar, que reclamar. Os cantautores cataláns -Serrat, Raimon, Llach-, entre outros, adoptaban actitudes claras en contra do réxime e as letras das súas cancións eran aprendidas con fervor por todos os seus seguidores. Lembro o recital de Raimon na Facultade de Filosofía. Todos estabamos

entusiasmados, entregados, e non nos importou que os grises nos perseguisen.

O muro de contención empezaba a fender máis e máis, iso era evidente. Os obreiros da Seat declarábanse en folga e, a comezos de 1975, o paro de actores pechou os teatros. Non eran poucas as librerías que traían libros que reservaban para lectores de confianza. As reunións políticas clandestinas sucedíanse. Ás veces, sacerdotes máis abertos, facilitaban os seus centros para as reunións. O noso piso, rodeado doutros setenta e nove, tamén cumpriu algunhas veces esa función. Dábanse pasos adiante nesa xorda loita contra a ditadura, pero de momento eran pasos atrás. Editábanse revistas de humor como *Por favor*, ilustradas por humoristas críticos como Peridis, Máximo, etc. Críticos eran tamén os artigos inseridos nestas publicacións. Era estupendo pero, ao mesmo tempo, arrestaban e expulsaban do exército a varios militares da UMD e Franco asina cinco sentencias de morte. Estas condenas mobilizaron a varios países estranxeiros no pedimento do indulto; incluso o Papa solicitou clemencia. Os cinco condenados foron fusilados sen piedade, en Hoyo de Manzanares, o 27 de setembro.

A saúde de Franco degradábase máis cada día. Ía converténdose nunha penosa caricatura de si mesmo. Pero aínda así animouse a convocar as súas hostes na Praza de Oriente. Poucos días despois, o 12 de outubro, tiña febre. A tromboflebite que o obrigara meses antes a internarse no hospital, volvía corrixida e aumentada. Tivo que ser operado de urxencia no mesmo Pardo en condicións pouco recomendábeis. Pero, debido á extrema gravidade, é trasladado o día 5 ao Hospital 12 de Octubre, onde lle practican unha nova intervención. Trataron de mantelo vivo en

condicións inhumanas, pero os médicos xa non podían facer nada por el. O seu pasamento esperábase dun momento a outro.

O 19 de novembro fomos cear á casa do noso querido amigo o poeta Alexandre Crieiro. Como é lóxico o tema da conversa era, inevitablemente, o estado de Franco. Crieiro aseguraba que xa estaba morto pero que darían a noticia cando o cresen máis conveniente. Eu levaba xa dúas noites sen durmir, así que me prometín a min mesma que esa noite durmiría. E así foi. Durmín sen desacougo, serenamente, pero de madrugada acordei sobresaltada. O meu primeiro movemento foi conectar a radio e, nese intre, oímos a voz de Arias Navarro comunicando o falecemento de Franco.

Cada quen reacciona á súa maneira. A min non me dominou un pranto histórico. Foran demasiados corenta anos de espera, case corenta anos de vidas disgregadas, desmembradas de tantos amigos mortos, de tantos afectos interrompidos, de tantas xentes torturadas e encarceradas, de tantas aspiracións tronzadas, de tanta angustia, de tanta iniquidade. O ditador, por fin, non era inmortal, aínda que case o pensáramos.

A partir de entón quedaba aberto o tempo da esperanza. Comezaba a existir unha especie de semi legalidade. Claro que aínda teríamos que sufrir moitos sobresaltos e máis dunha gran dor. En xaneiro de 1977 tivo lugar o crime de Atocha. Era a sede dun despacho laboralista, moi frecuentado por sindicalistas. Petaron na porta tres asasinios e metralaron a todos os presentes. Cinco avogados morreron e catro quedaron feridos. O enterro das vítimas mortais foi unha inmensa manifestación de dor, de rabia contida e de silenciosa repulsa dos asasinios que executaran aquel masacre. Aquela homenaxe tan respectuosa e doente evidenciaba

que o país estaba disposto a non interromper o seu afán de cambio. O 9 de abril dábase a coñecer a noticia de que o PCE fora legalizado. Despois chegaríalle a quenda ás centrais sindicais e, por fin, foron convocadas as primeiras eleccións democráticas.

Xa só queda botar a andar.





*Mariví, de bebé, no colo
da súa nai, Rosina Otero*



*Mariví -a pequena, á esquerda- coa
súa irmá Rosina*



*Mariví, no medio da súa irmá Rosina e o seu
irmán Francisco, alcumado cariñosamente
Paquete*



Mariví, de nena, disfrazada



*Rosina Otero e Elpidio Villaverde, nai e pai de Mariví,
no exilio*



Mariví, no medio da imaxe



*Mariví, de moza, co traxe
tradicional galego*

*Rosina Otero no medio das súas fillas,
Rosina e Mariví Villaverde*





*Mariví -primeira empezando por arriba-
e Rosina Villaverde -terceira- exiliáronse
en Bos Aires tras o golpe*



*Mariví, agochada, de claro,
no exilio francés*



Mariví en Bos Aires



*Mariví - de pé á esquerda- coa súa irmá Rosina, o
home desta, Sandalio, e unha nena*



Mariví Villaverde, co seu
home, Ramón de Valenzuela



Mariví Villaverde -á dereita- con
Maruxa Boga



Mariví Villaverde intervén
nun acto



Ramón de Valenzuela, Mariví e o seu
fillo Fernando



*Marivi - é a muller que está máis á dereita da foto-
durante un encontro promovido por Aguea, a asociación
galega de universitarios, escritores e artistas*



Marivi con Laxeiro



Ramón, Mariví e Emilio Pérez Díaz



*Ramón de Valenzuela, Mariví Villaverde e
Blanco Amor*



Mariví participou en numerosos actos da recuperación da memoria en Galiza, como o congreso do exilio



Mariví Villaverde



Mariví Villaverde, na presentación de Tres tempos e a esperanza en Compostela



Mariví, xunto a Neiras Vilas, nun acto en San Simón



Mariví participando nunha das actividades do Ano da Memoria



Mariví - á esquerda- nun acto da memoria en San Simón con outras exiliadas como as irmás Alvajar



Mariví nun acto do 2006



Mariví, que foi galardoada co premio Galiza mártir, na tumba de Bóveda





